Táboa 11.36.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas nos concellos de 20.001 a 50.000 habitantes segundo variables sociolingüísticas.....</i>	572
Táboa 11.37.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas nos concellos de máis de 50.000 habitantes segundo variables sociodemográficas.....</i>	573
Táboa 11.38.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas nos concellos de máis de 50.000 habitantes segundo variables sociolingüísticas.....</i>	574
Táboa 11.39.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas na Coruña segundo variables sociodemográficas.....</i>	575
Táboa 11.40.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas na Coruña segundo variables sociolingüísticas.....</i>	576

Táboa 11.41.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Ferrol segundo variables sociodemográficas .....</i>	577
Táboa 11.42.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Ferrol segundo variables sociolingüísticas.....</i>	578
Táboa 11.43.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Santiago de Compostela segundo variables sociodemográficas .....</i>	579
Táboa 11.44.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Santiago de Compostela segundo variables sociolingüísticas.....</i>	580
Táboa 11.45.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Lugo segundo variables sociodemográficas .....</i>	581
Táboa 11.46.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Lugo segundo variables sociolingüísticas.....</i>	582
Táboa 11.47.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Ourense segundo variables sociodemográficas.....</i>	583
Táboa 11.48.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Ourense segundo variables sociolingüísticas.....</i>	584
Táboa 11.49.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Pontevedra segundo variables sociodemográficas .....</i>	585
Táboa 11.50.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Pontevedra segundo variables sociolingüísticas .....</i>	586
Táboa 11.51.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Vigo segundo variables sociodemográficas.....</i>	587
Táboa 11.52.	<i>Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en Vigo segundo variables sociolingüísticas .....</i>	588

## Introdución

Esta nova achega do Mapa Sociolingüístico de Galicia 2004 (en diante MSG-04) céntrase nos usos lingüísticos, dimensión que resume a información máis importante e significativa dun diagnóstico sociolingüístico. Mediante o estudo dos usos lingüísticos pódese cuantificar o número de falantes dunha determinada lingua e observar a súa distribución xeográfica e social. Ao mesmo tempo, nas situacións de linguas en contacto, o uso reflicte o status que se lle atribúe a cada lingua e suxire cal é a orientación das actitudes lingüísticas dunha poboación. Como se advirte no Mapa Sociolingüístico de Galicia 1992 (en diante MSG-92), “... é a frecuencia de usos de cada sistema ao longo da vida dun mesmo individuo en diferentes condicións sociosituacionais o indicador máis fiable do seu abano de funcións no seo da comunidade” (Seminario de Sociolingüística RAG, 1995: 66).

Por outro lado, os usos lingüísticos tamén poden dar información sobre a esfera das competencias, dada a coñecida relación entre o uso dunha lingua e o seu maior coñecemento, por non falarmos doutros factores importantes como a identidade, a seguridade lingüística, os prexuízos cara ás linguas, a converxencia cara ao interlocutor, a identificación co grupo, etcétera.

Conscientes da relevancia desta dimensión na procura dun diagnóstico sociolingüístico con utilidade prospectiva, o cuestionario do MSG-04 ten unha parte importante de ítems centrados nos usos lingüísticos da poboación galega. Incorporáronse preguntas referidas ao ámbito das TIC e outras destinadas a recoller, ademais da lingua do entrevistado cos membros da súa rede, a lingua destes con el, adoptando un enfoque baseado na natureza bidireccional dos intercambios comunicativos.

No presente volume analízase o uso lingüístico e a súa evolución desde a anterior sondaxe do MSG-92. Preséntanse os datos xerais do ítem referido á lingua habitual, e de seguido, compáranse eses datos cos do MSG-92<sup>1</sup>. Analízanse as relacións significativas entre variables sociolingüísticas e sociolóxicas e a lingua habitual, para o que se aplicaron análises bivariantes e se crearon tres modelos multidimensionais que definen os principais perfís de falantes conforme a súa caracterización sociodemográfica, sociolingüística

<sup>1</sup> Nas comparacións tomáronse en consideración os mesmos tramos de idade nas dúas fontes.

e ideolóxica. Estúdanse os usos lingüísticos nos diferentes ámbitos sociais e, na medida do posible, compáranse estes datos cos do MSG-92. Aínda que a perspectiva adoptada neste estudo se baseou na análise da situación da variedade oral, afróntase tamén o uso na escrita.

Consonte o dito, a investigación que aquí se presenta persegue unha dobre finalidade: ofrecer unha diagnose da actual situación sociolingüística galega e comparala coa reflectida no MSG-92. Aínda que se procurou controlar aqueles factores que podían influír na comparación (homologación das mostras por idade, diferente enunciado dalgúns ítems etc.) para facer esta o máis fiable posible, os resultados deben interpretarse como tendencias da evolución dos fenómenos estudados e dentro dos límites que impón a comparación dos feitos sociais.

Os resultados, á parte de contribuír a coñecer os logros das políticas lingüísticas aplicadas neste período, deben ser unha referencia para futuras intervencións naqueles ámbitos nos que se requira corrixir erros, mellorar resultados e deseñar procesos de intervención acaídos á nova realidade.



# 1

## Metodoloxía

### 1.1. A mostra

No deseño da mostra do MSG-04 partiuse da necesidade de maximizar o rendemento do estudo, mantendo as elevadas expectativas de fiabilidade do MSG-92. Daquela, cada unidade mostral estaba constituída por unha agrupación de concellos de características semellantes segundo o seu peso demográfico e a súa estrutura económica, agás no caso das sete cidades principais, onde o concello equivalía a unha unidade mostral. O número de unidades resultante foi de 34; o erro máximo probable en cada un destes sectores era do  $\pm 3\%$ , e o nivel de confianza era do 95%. No seu conxunto, con todo, o erro máximo de mostraxe reducíase a  $\pm 0,62\%$ .

No MSG-04 establecéronse estratos baseados no agrupamento de concellos segundo o seu tamaño poboacional e decidiuse introducir aspectos novidosos que non foran previamente considerados, como:

1. Estudar a poboación de 15 a 54 anos, posto que é a que amosa un maior interese para os fins da planificación lingüística. Neste tramo de idade están comprendidas dúas xeracións de suma importancia para o porvir da lingua: a máis nova, o sector máis dinámico e con maior proxección de futuro; e a maior, na que recae a responsabilidade da transmisión da lingua á súa descendencia.
2. Conceder máis peso ás áreas urbanas e suburbanas de acordo coa evolución dos principais indicadores demográficos (IGE, 2003), de aí que a marxe de erro prevista sexa menor ca a dos restantes tipos de hábitat.
3. Prestar maior atención á heteroxeneidade sociolingüística do ámbito urbano galego. Estudos baseados nos datos do MSG-92 (Fernández, 1993; Fernández, 2004; Cidadanía-Rede de Aplicacións Sociais, 2002; González, M. et alii, 2003; Rei-Doval, 2004) apuntaban a necesidade de atender a peculiaridade do urbano galego. Por iso a mostra do MSG-04 debía respectar na medida do posible as cotas de representatividade establecidas no MSG-92 para as sete maiores urbes galegas co obxecto

de poder realizar as comparacións pertinentes, pero tamén ter en conta o tamaño e a evolución da poboación urbana galega en 2004.

4. Incluír o territorio correspondente ao galego estremeiro co obxecto de ampliar o estudo á zona fronteiriza con presenza de galego e, malia que xa existen investigacións previas sobre ela (Rubal, Veiga e Arza, 1992), contar con datos máis completos e actuais sobre a situación da lingua<sup>1</sup>.

De acordo con estes criterios xerais resultou unha mostra total de 9.714 enquisas. Delas, 9.309 realizáronse no territorio administrativo galego e as 405 restantes en concellos de Asturias, León e Zamora con importante presenza de galego. No deseño da mostra contouse co asesoramento da empresa Instituto Sondaxe S.L., adxudicataria do traballo de campo.

O universo base da mostra para o territorio galego é de 1.509.518 habitantes. Comprende a poboación de 15 a 54 anos que reside en Galicia segundo o Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001. Das 9.309 entrevistas 5.449 (o 58,5% do total) corresponden ás sete cidades máis poboadas. O erro máximo probable da mostra para os datos globais de Galicia é  $\pm 1,03\%$  e o nivel de confianza asignado do 95,5% (cadro 1.1).

A mostra estratificouse de acordo co volume poboacional dos concellos en 5 categorías (táboa 1.1). A marxe de erro de cada unha delas oscilou entre o  $\pm 3,3\%$  nos estratos de menos de 5.000 habitantes e de 5.000 a 10.000 habitantes e o  $\pm 1,3\%$  no de máis de 50.000. Este último volveuse estratificar para garantir a representatividade da mostra nas sete cidades galegas.

Nas cidades o erro oscilou entre  $\pm 3,1\%$  (A Coruña) e  $\pm 4,4\%$  (Ourense) e realizouse unha nova estratificación baseada nos distritos censuais. A cada distrito asignáronse inicialmente 100 enquisas, para posteriormente axustar o número final mantendo as proporcións de idade e xénero. O erro máximo permitido en cada sección foi de  $\pm 10\%$ . Así mesmo, establecéronse cotas de xénero e idade de acordo coa distribución destas variables en cada un dos estratos. Resultado deste deseño mostral, o número de entrevistas realizadas en cada urbe non foi homoxéneo, senón que variou en función do número de distritos censuais cos que contaba cada unha delas. Deste xeito, configuráronse submostras delimitadas territorialmente dentro de cada urbe, o que facilitará a posterior elaboración de diagnósticos específicos para cada cidade.

Na táboa 1.1 amósase a distribución xeral da mostra segundo a súa estratificación por hábitat.

<sup>1</sup> Os resultados da submostra dos concellos de fóra de Galicia non se presentan neste informe e serán obxecto dun estudo posterior.

Tipo de mostraxe: Aleatoria estratificada por agrupación de concellos segundo o nº de habitantes.  
 Universo: 1.509.518 persoas de 15 a 54 anos residentes en Galicia.  
 Mostra: 9.309 enquisas.  
 Distribución: Cotas proporcionais de idade e xénero.  
 Erro de mostraxe:  $\pm 1,03\%$ .  
 Nivel de confianza: 95,5%.  
 Traballo de campo: Instituto Sondaxe S.L. (agosto-outubro de 2004).

**Cadro 1.1.** *Ficha técnica do MSG-04. Galicia*

HÁBITAT (CONCELLOS)	UNIVERSO	MOSTRA	ERRO DE MOSTRAXE	
Menos de 5.000 habitantes	223.592	918	$\pm 3,3\%$	
De 5.001 a 10.000 habitantes	235.578	899	$\pm 3,3\%$	
De 10.001 a 20.000 habitantes	308.906	885	$\pm 3,4\%$	
De 20.001 a 50.000 habitantes	174.591	1.158	$\pm 2,9\%$	
Máis de 50.000 habitantes	A Coruña	138.112	1.019	$\pm 3,1\%$
	Ferrol	44.092	804	$\pm 3,5\%$
	Santiago	55.365	604	$\pm 4\%$
	Lugo	51.411	909	$\pm 3,3\%$
	Ourense	61.752	504	$\pm 4,4\%$
	Pontevedra	45.532	700	$\pm 3,7\%$
	Vigo	170.587	909	$\pm 3,3\%$
Total	556.851	5.449	$\pm 2,9\%$	
TOTAIS	1.509.518	9.309	$\pm 1,03\%$	

**Táboa 1.1.** *Distribución da mostra por hábitat e erro de mostraxe*

A distribución territorial da mostra segundo o concello e o hábitat é a que figura na táboa 1.2.

HÁBITAT (CONCELLOS)	PROVINCIA			
	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Menos de 5.000 habitantes	Ares Boqueixón Cabanas Curtis Miño Oroso Trazo	O Corgo Friol Guntín Outeiro de Rei	Coles Maceda Maside Pereiro de Aguiar A Peroxa San Cibrao das Viñas San Cristovo de Cea	Agolada Mondariz Pazos de Borbén Rodeiro
De 5.001 a 10.000 habitantes	Bergondo Carral Cedeira Cee Coristanco Pontedeume Sada Vedra	Ribadeo Burela	Barbadás Xinzo de Limia	A Guarda Salceda de Caselas Silleda Soutomaior
De 10.001 a 20.000 habitantes	Ames Betanzos Cambre Culleredo Fene Teo	Monforte Viveiro	O Barco de Valdeorras O Carballiño	Baiona Moaña Nigrán Ponteareas
De 20.001 a 50.000 habitantes	Arteixo Carballo Narón Oleiros	-	-	Cangas Lalín Redondela Vilagarcía
Máis de 50.000 habitantes	A Coruña Ferrol Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra Vigo

**Táboa 1.2.** Distribución territorial da mostra segundo o hábitat

A elección dos concellos representativos de cada estrato partiu dunha escolla aleatoria entre aqueles que en cada provincia compartían as características de tamaño poboacional requiridas. A selección das unidades últimas da mostraxe baseouse no sistema de rutas aleatorias. A elección dun deseño mostral con maior nivel de fiabilidade nos sectores territoriais emerxentes (as áreas urbana e suburbana) obrigou a aplicar un coeficiente de ponderación que lle devolvese a cada un dos estratos o peso real no conxunto da poboación galega.

## 1.2. O cuestionario

O cuestionario empregado no MSG-04 (anexo I) partiu do utilizado no MSG-92, coas adaptacións e melloras convenientes para dar conta dunha maneira máis fiable da situación sociolingüística actual e ao mesmo tempo facilitar a comparación dos dous estudos. Por iso, mantivéronse aqueles ítems considerados necesarios para as comparacións, se ben na procura dunha maior operatividade reduciuse o número de preguntas de 148 a 86.

Respectouse a estrutura xeral da versión anterior aínda que se lle concedeu unha menor importancia ás características sociolingüísticas dos ascendentes do entrevistado. Centrouse a atención, en cambio, na lingua presente nas principais redes de interacción persoal e en novos ámbitos de uso como o vinculado ás tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

O cuestionario anterior priorizaba a procura de información sobre a situación do galego e foi aplicado só nesta lingua, co que se podía estar favorecendo respostas máis favorables a este idioma. Para minimizar este posible efecto provocado pola atención cara ao galego ofreceuse a posibilidade de escoller a lingua da enquisa (galego ou castelán). Ademais sondáronse as competencias en galego, castelán e linguas estranxeiras, o que axudou a controlar o efecto da desexabilidade social.

De cara á explotación dos datos, o grupo de investigación fixouse dous grandes obxectivos. Por un lado, era necesario un seguimento das principais tendencias no período de tempo transcorrido, e por outro, seguindo a liña iniciada no MSG-92, buscábase analizar a relación entre as variables de tipo lingüístico e o conxunto de variables sociolóxicas como a idade, o nivel educativo, o tamaño do hábitat, etc. que podían influír nas primeiras.



## 2

### A lingua habitual en Galicia

A lingua habitual, aquela que a persoa emprega a cotío con maior naturalidade e na que se sente máis a gusto, é un dos mellores indicadores da vitalidade dun idioma porque, á parte de definir o comportamento lingüístico dominante do grupo, é un indicio do grao de implantación e de asunción pola comunidade. De aí a importancia e necesidade de cuantificar este uso e de coñecer a súa distribución e evolución.

Para estudar a lingua habitual no MSG-04 utilizouse un ítem semellante ao do MSG-92<sup>1</sup> co fin de poder comparar, na medida do posible, os resultados de ambas as dúas sondaxes. No novo cuestionario explicitouse a referencia e incorporouse a categoría “outras linguas” para sondar as consecuencias sociolingüísticas da crecente inmigración (cadro 2.1).

P.6. ¿Que lingua fala habitualmente?
Só galego
Máis galego ca castelán
Máis castelán ca galego
Só castelán
Outras
NS/NC (NON LER)

**Cadro 1.2.** Ítem empregado no MSG-04 para sondar a lingua habitual


<sup>1</sup> Ítem empregado no MSG-92  
P.14. Que lingua fala?  
só galego  
máis galego ca castelán  
máis castelán ca galego  
só castelán

## 2.1. Datos xerais da lingua habitual

A figura 2.1 recolle os resultados xerais da mostra, nos que se aprecia que:

- O bilingüismo é a modalidade dominante, cun 57,9% da mostra.
- O uso máis estendido é o bilingüe con predominio do castelán, cun 35,3%.
- Sumando as modalidades monolingües e bilingües, o uso do galego é minoritario respecto ao do castelán (61,1%): o 38,4% do total (15,8% de só galego + 22,2% de máis galego).

Como era de esperar, o uso habitual doutras linguas diferentes ás dúas cooficiais en Galicia (0,5% da mostra) é testemuñal.



**Figura 2.1.** Lingua habitual en Galicia<sup>2</sup>


### 2.1.1. Evolución da lingua habitual nos últimos doce anos<sup>3</sup>

Tal como se pode observar na figura 2.2, nos 12 anos transcorridos o uso monolingüe do galego retrocedeu 14,5 puntos. Esta mesma tendencia apréciase no bilingüismo con predominio do galego, que descende 7,6 puntos. Pola contra, aumenta o uso habitual do castelán, tanto o monolingüe (12,8 puntos) coma o bilingüe (9,3 puntos). Comparando as respectivas sumas das opcións monolingüe e preferente de cada un dos idiomas, obsérvase unha caída de 22,1 puntos no uso habitual do galego. Por outra banda, a suma das dúas categorías bilingües indica que o bilingüismo segue a ser o uso predominante (58,2%), superior en 1,7 puntos porcentuais aos resultados do MSG-92.

<sup>2</sup> A opción NS/NC con 15 casos desbotouse da análise.

<sup>3</sup> Mantívose o mesmo ítem utilizado no MSG-92 para sondar a lingua habitual. Para evitar o nesgo de comparar mostras con distintos grupos de idade, na análise de resultados seleccionouse o mesmo tramo de idade, 16 a 54 anos. Con estas solucións búscase unha comparación fiable dos resultados dunha e doutra mostra e unha avaliación da evolución do uso habitual nos doce anos que separan as dúas mostras.





**Figura 2.2.** *Evolución da lingua habitual (tramo de idade 16-54 anos)*

Da comparación dos resultados dunha e outra mostra pódense tirar as seguintes tendencias:

- Forte retroceso (14,5 puntos porcentuais) no uso monolingüe do galego.
- Avance (12,8 puntos porcentuais) do monolingüismo en castelán.
- Mantemento en xeral do bilingüismo, cunha suba importante de 9,3 puntos na categoría máis castelán e unha caída de 7,6 na de máis galego.

## 2.2. Variables sociolingüísticas e sociolóxicas que influen na lingua habitual

Coñecidos os resultados xerais do uso, procede realizar as probas estatísticas pertinentes para saber que variables sociolingüísticas e sociolóxicas poderían incidir na distribución do uso habitual. Das análises bivariantes optouse pola ANOVA, agás no caso do xénero no que, ao tratarse dunha variable dicotómica se escolleu a proba T para mostras independentes. Despois de varios contrastes, confirmáronse como variables significativas as que se amosan a seguir na táboa 2.1, segundo a orde de maior a menor peso da relación.

Con respecto á análise mediante ANOVA, efectuouse posteriormente un contraste *post hoc* polo método de Tuckey-b, que verificou a influencia estatisticamente significativa das variables analizadas. Influíron na variable lingua habitual, por esta orde: a lingua inicial ( $F = 3.486,75$ ;  $p < 0,001$ ), a capacidade para falar o galego ( $F = 663,94$ ;  $p < 0,001$ ), o hábitat de nacemento ( $F = 428,63$ ;  $p < 0,001$ ), o hábitat de residencia ( $F = 343,96$ ;  $p < 0,001$ ), a capacidade para falar o castelán ( $F = 292,49$ ;  $p < 0,001$ ), a conciencia nacional ( $F = 216,78$ ;  $p < 0,001$ ), o nivel de estudos ( $F = 154,48$ ;  $p < 0,001$ ), a lingua das clases en primaria ( $F = 102,33$ ;  $p < 0,001$ ), a lingua das clases en secundaria ( $F = 94,07$ ;  $p < 0,001$ ), a

idade ( $F = 93,91$ ;  $p < 0,001$ ), a definición da Comunidade Autónoma ( $F = 53,34$ ;  $p < 0,001$ ), a ocupación ( $F = 28,83$ ;  $p < 0,001$ ), a autopercepción 'ser galego' ( $F = 27,53$ ;  $p < 0,001$ ), a orientación política ( $F = 11,59$ ;  $p < 0,001$ ), e o xénero ( $T = 9,42$ ;  $p < 0,001$ ).

Variable	Estatístico	F/T	Sig. Aproximada
lingua inicial		3.486,74	<0,001
capacidade para falar galego		663,94	<0,001
hábitat de nacemento		428,63	<0,001
hábitat de residencia		343,96	<0,001
capacidade para falar castelán		292,49	<0,001
conciencia nacional		216,78	<0,001
estudos		154,48	<0,001
lingua das clases primaria		102,33	<0,001
lingua das clases secundaria		94,07	<0,001
idade		93,91	<0,001
definición da Comunidade Autónoma		53,34	<0,001
ocupación		28,83	<0,001
autopercepción 'ser galego'		27,54	<0,001
orientación política		11,59	<0,001
xénero		9,42	<0,001

**Táboa 2.1.** Variables sociolingüísticas e sociolóxicas que inflúen na lingua habitual. Proba ANOVA ONE WAY / T de Student

A seguir preséntanse os resultados dos cruzamentos coa lingua habitual daquelas variables significativas do modelo para coñecer máis polo miúdo a súa distribución para o total de Galicia.

### 2.3. Lingua habitual segundo a lingua inicial


Como recolle a táboa 2.1, a variable que amosou unha maior influencia na distribución da lingua habitual foi a lingua inicial<sup>4</sup>.

Trátase dun resultado esperado dado que a lingua inicial, aínda que non condiciona totalmente o uso habitual, adoita constituír a variable que mellor

<sup>4</sup> Ítem empregado para sondar a lingua inicial no MSG-04:  
P.7. En que lingua aprendeu a falar?  
só galego  
máis galego  
máis castelán  
só castelán  
outras

o predí<sup>5</sup>. Aínda así, as diferenzas atopadas indican a existencia dunha certa variabilidade no comportamento lingüístico da poboación.

A utilización de ítems semellantes para sondar a lingua habitual e a lingua inicial permítenos observar con detalle o grao de retención ou de cambio de lingua a partir da inicial (figura 2.3).



**Figura 2.3.** *Lingua habitual segundo a lingua inicial*

De acordo cos resultados do cruzamento das variables lingua habitual e lingua inicial, representados na figura 2.3, a maior fidelidade lingüística dáse nos bilingües iniciais, en maior medida nos que partiron inicialmente do castelán (73,5%), 10 puntos superior á dos que adquiriron maioritariamente o galego (63,5%).

Entre os monolingües iniciais, a porcentaxe de mantemento tamén é inferior no caso dos que o son en galego (55,5%) respecto aos que o son en castelán (58,8%).

O cómputo das dúas diferenzas situaría a retención do castelán 13,3 puntos por riba da do galego.

O maior cambio de lingua ocorre, como era de esperar, nos que adquiriron outras linguas.

Para afondar no cambio de lingua, entendido como calquera uso habitual diferente ao sinalado como lingua inicial, cómpre coñecer non só a súa cuantificación, senón a dirección dos cambios. Entre os monolingües, a substitución absoluta dun idioma polo outro é pouco frecuente, polo que o trazo

<sup>5</sup> Seguindo a Lieberson (1980), Fernández (1983) sinala que cando non se dispón doutro tipo de metodoloxías, a análise dos cambios na lingua inicial é a mellor forma de cuantificar o mantemento ou abandono lingüístico.

máis significativo respecto da súa lingua inicial é a tendencia a cambiar ao uso bilingüe. A modalidade de bilingüismo con maior presenza da lingua de orixe supón arredor dun terzo dos que cambiaron de lingua (33,6% nos galegofalantes e 30,9% nos castelanfalantes). A outra opción bilingüe representa menos dun 10% do cambio (8,4% e 7,5% respectivamente), e o abandono absoluto da lingua inicial acada valores pouco relevantes, tanto nos galegofalantes (2,3%) coma nos castelanfalantes (2,5%), resultados que apuntan cara á un cambio gradual caracterizado por unha incorporación progresiva do outro idioma á conduta habitual.

Destes resultados pódense tirar as seguintes tendencias:


- Constátase a maior firmeza do bilingüismo, dado que o maior grao de retención dáse nas dúas opcións bilingües. A dirección que seguen os cambios reitera esa característica, pois excepto nos que adquiriron outras linguas, que se incorporan sobre todo ao monolingüismo en castelán, e os que adquiriron máis castelán, que cambian case por igual ao monolingüismo en castelán e ao bilingüismo con predominio do galego, no resto dos casos o cambio de lingua oríentase cara ao bilingüismo.
- Mantense en maior medida a opción bilingüe con predominio do castelán e, por outro lado, o paso dun uso bilingüe ao outro é máis frecuente nos que adquiriron máis galego (18,7%) ca nos que adquiriron máis castelán (11,3%). Malia isto, o abandono total da lingua inicial ten unha frecuencia lixeiramente superior nos que aprenderon a falar máis castelán (3,4%) ca nos que aprenderon a falar máis galego (2%).
- Nos monolingües, o mantemento do uso inicial predomina sobre o abandono, se ben existe unha tendencia algo superior a unha maior retención no caso do castelán (58,8%) ca no do galego (55,5%).
- Por último, a maior inclinación polo castelán de quen adquiriu outras linguas suxire que o contorno social favorece en maior medida a adquisición deste idioma e parece indicar un escaso peso do galego. O 59,2% pasa a falar só ou máis castelán fronte ao 27,9% que cambia a só ou máis galego.

Por outra banda, en conxunto, os datos xerais do cambio de lingua non amosan indicios significativos de recuperación de galegofalantes. A porcentaxe de monolingües en castelán que cambia a monolingüe en galego (2,5%) escasamente compensa a perda de galegofalantes (2,3%) e entre os bilingües de maioría castelá a galeguización total (3,4%) é 8,2 puntos inferior á castelanización. Ademais, malia que a porcentaxe de paso a monolingüe en galego no grupo de bilingües con predomino deste idioma (15,4%) é superior ao abandono a prol do castelán (2%) queda limitada polo 18,7% que cambia ao uso maioritario do castelán. En consecuencia, a tendencia ao retroceso do galego na transmisión primaria observada no volume I do MSG-04 adquire maior entidade nos resultados por cambio de lingua.

### 2.3.1. Evolución do cambio da lingua inicial<sup>6</sup>

Os datos referidos ao mantemento ou cambio da lingua inicial no MSG-04 amosan certas diferenzas cos do MSG-92<sup>7</sup>. Daquela detectárase unha maior tendencia ao bilingüismo nos monolingües iniciais, que resultaba especialmente marcada entre os que tiveran como lingua inicial o castelán (MSG-92, 1995: 67). Non obstante, as diferenzas máis relevantes entre as dúas mostras ocorren nos monolingües en castelán, cunha suba de 22,3 puntos, que pasan do 36,4% ao 58,7%.

De acordo coa figura 2.4, confírmase esta menor tendencia ao bilingüismo, sobre todo nos castelanfalantes iniciais. Ademais nos bilingües iniciais e nos que aprenderon a falar outras linguas obsérvase hoxe unha maior tendencia ao monolingüismo. Fronte á evolución atopada nestes grupos, o dos galegofalantes iniciais é o que menos variou o grao de mantemento da lingua inicial.



**Figura 2.4.** Evolución da lingua habitual segundo a lingua inicial (tramo de idade 16 a 54 anos)

<sup>6</sup> Para realizar esta comparación sumáronse as dúas categorías bilingües do ítem empregado no MSG-04, pois no MSG-92 só se daba unha opción de resposta ao bilingüismo inicial.


Ítem empregado para sondar a lingua inicial no MSG-92:

P15. En que lingua aprendeu a falar ?

galego  
castelán  
as dúas  
outras

<sup>7</sup> O MSG-92 daba tres alternativas de resposta cunha única opción 'as dúas' para os bilingües iniciais. No MSG-04 utilizouse un ítem semellante para sondar a lingua habitual e lingua inicial, con dúas opcións de resposta para o bilingüismo (máis galego e máis castelán). Esta decisión considerouse necesaria para estudar con rigor o fenómeno do cambio de lingua. Aínda que estas categorías foron recodificadas para realizar as comparacións co MSG-92 puideron influír nas diferenzas comentadas. Na percepción do entrevistado 'as dúas' no MSG-92 puido significar 'as dúas por igual', ben distinto de 'máis en galego' ou 'máis en castelán'. En todo caso, os resultados referidos ás opcións monolingües son totalmente comparables.


Estas tendencias pódense observar con maior detalle nas seguintes figuras, referidas aos castelanfalantes e aos bilingües iniciais respectivamente (figuras 2.5 e 2.6).



**Figura 2.5.** Evolución da lingua habitual dos castelanfalantes iniciais (tramo de idade 16 a 54 anos)

No MSG-04, os castelanfalantes iniciais amosan un maior grao de mantemento do monolingüismo (a proporción pasou do 36,4% ao 58,7%), e un menor cambio ao bilingüismo con predominio desta lingua (que descendeu do 47,5% ao 30,9%) ou do galego (que pasou do 13,7% ao 7,8%).

Os bilingües iniciais mudaron tamén o seu comportamento lingüístico nos doce anos transcorridos (figura 2.6). Neste grupo medrou o uso monolingüe do castelán (do 1,2% ao 8%) e o do galego (do 4,1% ao 8%). Tocante ás opcións bilingües, aumentou o uso preferente do galego (do 47% ao 53,2%) e retrocedeu, en cambio, o uso preferente do castelán (do 47,6% ao 30,8%). É preciso contextualizar estes resultados nas diferenzas comentadas verbo da pregunta sobre a lingua inicial (nota 7).



**Figura 2.6.** Evolución da lingua habitual dos bilingües iniciais (tramo de idade 16 a 54 anos)


## 2.4. Lingua habitual segundo a capacidade para falar o galego<sup>8</sup>

O uso e a competencia lingüística adoitan estar fortemente relacionados entre si, xa que a capacidade para falar un idioma é unha condición necesaria para usalo, e ao mesmo tempo, o seu uso habitual repercute nunha mellor competencia e seguridade lingüísticas e mesmo pode contribuír á maior estima desa lingua<sup>9</sup>.

Neste sentido, aínda que o 59,5% sitúa o seu dominio no valor máis alto (4), as porcentaxes variaron do 34,1% nos monolingües en castelán ao 81,5% nos monolingües en galego (González González, M., 2007).

Como se aprecia na figura 2.7, a mellor competencia para falar o galego, maior tendencia a usalo. Non obstante, a maior capacitación nesta lingua non se corresponde cun emprego dominante da mesma. O 70,1% de quen di estar bastante capacitado (3) en galego e o 48,2% dos máis competentes (4) usan só ou maioritariamente castelán. Por outra banda, só a metade (51,6%) dos suxeitos máis capacitados e arredor dun terzo (29,2%) dos bastante capaces poderían considerarse instalados no galego.

No valor máis baixo de coñecemento do galego (1) o 86,6% son monolingües en castelán mentres que no máis alto os monolingües en castelán (4) se reducen ao 14,6%.



**Figura 2.7.** *Lingua habitual segundo a capacidade para falar o galego*<sup>10</sup>

Aínda así, case a metade (48,2%) de quen se considera moi capaz en galego (4) está instalado no castelán, ben como monolingüe (14,6%) ben maioritariamente neste idioma (33,6%).

<sup>8</sup> Ítem empregado para sondar as competencias en galego no MSG-04:

P.9. Cal é o seu nivel de coñecemento do galego nas seguintes destrezas tendo en conta que 1 é a puntuación máis baixa e 4 a máis alta (9 = Non procede)?


Entender: — Falar: — Ler: — Escribir: —

<sup>9</sup> No MSG-92 xa quedara probada a forte relación entre a baixa capacidade para falar galego e o seu menor uso (Seminario de Sociolingüística RAG, 1994).

<sup>10</sup> Os valores do eixe X oscilan desde 1, o nivel máis baixo de coñecemento, e o 4, o nivel máis alto.

### 2.4.1. Evolución da lingua habitual segundo a capacidade para falar o galego<sup>11</sup>

Os datos da figura 2.8 amosan as medias da capacidade para falar o galego nunha escala de 1 a 4 nos dous momentos sondados.



**Figura 2.8.** Evolución da lingua habitual segundo a capacidade para falar o galego (tramo de idade 16 a 54 anos)

A comparación das medias indica que no período transcorrido descendeu o uso habitual do galego nos niveis de competencia máis altos: no valor 3 reduciuse 0,78 puntos, e 0,56 no valor 4. Debemos relacionar este resultado cos da mellora da percepción xeral da competencia en galego<sup>12</sup> e do retroceso do uso, do que se desprende que o aumento da capacidade en galego non se traduciu nun incremento do seu uso oral<sup>13</sup>.

<sup>11</sup> O ítem empregado para sondar as competencias en galego no MSG-92 incluía as categorías moito, bastante, pouco e nada:

	Moito	Bastante	Pouco	Nada	N.P.
Enténdeo	4	3	2	1	9
Fálao	4	3	2	1	9
Leo	4	3	2	1	9
Escríbeo	4	3	2	1	9

<sup>12</sup> Nesta destreza a media pasou de 3,19 a 3,37 (González González et alii, 2007: 98).

<sup>13</sup> Para que a recuperación dunha lingua teña éxito, non basta con xeneralizar a competencia lingüística. O economista Francois Grin desenvolveu un modelo de política e planificación lingüística neste sentido, segundo o cal é necesario que se cumpran tres condicións simultaneamente: a) a persoa debe ter a competencia necesaria para poder falar a lingua; b) a persoa necesita unha situación axeitada na cal sexa posible utilizar a lingua; e c) a persoa debe ter a vontade de pór na práctica a competencia lingüística que adquiriu (Grin 2002).




### 2.5. Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento<sup>14</sup>

A táboa 2.2 recolle a distribución porcentual da mostra por hábitat de nacemento.

menos de 5.000	de 5.001 a 10.000	de 10.001 a 20.000	de 20.001 a 50.000	máis de 50.000	fóra de Galicia
14,1%	14%	13,4%	6,9%	38,1%	13,5%

**Táboa 2.2.** Distribución da variable hábitat de nacemento

A distribución da lingua habitual por hábitat de nacemento mantén as constantes xa coñecidas da caída do uso do galego coa diminución do carácter rural e co aumento do urbano (figura 2.9). A porcentaxe de usuarios habituais desta lingua, só ou maioritariamente, varía do 76,7% nas entidades de menos de 5.000 habitantes ao 23,3% nos concellos superiores a 50.000. Entre os dous extremos do continuo hai unha diferenza de 53,4 puntos.



**Figura 2.9.** Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento

Por outra banda, cómpre subliñar a importancia do bilingüismo en todos os hábitats. A porcentaxe de bilingües é superior á de monolingües en todas as categorías, e nos concellos de 10.001 a 50.000 habitantes os bilingües superan os dous terzos (68,3% no tramo de 10.001 a 20.000 e 68,1% no de 20.001 a 50.000). Así mesmo, a distribución do bilingüismo por hábitat de nacemento mantén as tendencias xa sinaladas dunha maior presenza do castelán no urbano e do galego no rural. Neste, o bilingüismo con maioría de galego representa o


<sup>14</sup> A variable 'hábitat de nacemento' unicamente toma como indicador do hábitat o número de habitantes do concello. Este é o indicador máis sinxelo para diferenciar os hábitats rural e urbano e é o que se emprega con maior frecuencia desde os institutos oficiais de estatística (García do Campo, 2003). A construción desta partiu da pregunta 3d do cuestionario (anexo 1).

36,8% da categoría, contra só o 16,3% nas grandes cidades. O de maioría castelá varía do 16,7% ao 44,8% respectivamente.


Respecto dos entrevistados que naceron fóra de Galicia, a maior parte (81,9%) usa única ou maioritariamente o castelán, se ben o uso monolingüe deste idioma é claramente superior ao bilingüe, ao contrario do que ocorre cos suxeitos nados en Galicia.

### 2.5.1. Evolución da lingua habitual segundo o hábitat de nacemento

Na comparación dos resultados dos dous momentos analizados, é preciso recordar que as categorías dun e outro non son plenamente equiparables, agás no hábitat urbano, polo que a comparación se debe entender como unha orientación sobre a evolución da tendencia do uso habitual nesos 12 anos. Nos nados en cidades grandes, aínda que en conxunto se manterían as mesmas porcentaxes de utilización do galego, apréciase un esperanzador aumento de 1,5 puntos no uso monolingüe do galego<sup>15</sup>.



**Figura 2.10.** Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento no MSG-92 (tramo de idade 16 a 54 anos)



**Figura 2.11.** Lingua habitual segundo o hábitat de nacemento no MSG-04 (tramo de idade 16 a 54 anos)

<sup>15</sup> A variable hábitat utilizada no anterior MSG consideraba, ademais do número de habitantes do concello, a súa estrutura socioeconómica, a distancia xeográfica da cabeceira urbana e a dispersión xeográfica, polo que as comparacións deben ser tomadas coa necesaria cautela. Daquela a etiqueta urbano agrupaba as sete grandes cidades galegas; o periurbano estaba conformado por concellos cunha dependencia forte dos núcleos urbanos; vilas designaba os concellos de entre 4.999 e 39.000 habitantes; o rural I comprendía os núcleos de menos de 2.000 habitantes con trazos propios dos núcleos urbanos (rúas, prazas, rede de sumidoiros, bancos, etc.) e o rural II, con similar tamaño e asentamento disperso (Seminario de Sociolingüística RAG, 1994).


### 2.6. Lingua habitual segundo o hábitat de residencia

A táboa 2.3 recolle a distribución porcentual da mostra segundo o hábitat de residencia.

menos de 5.000	de 5.001 a 10.000	de 10.001 a 20.000	de 20.001 a 50.000	máis de 50.000
14,8%	15,5%	2,5%	11,6%	37,6%

**Táboa 2.3.** *Distribución da variable hábitat de residencia*

Os resultados do cruzamento<sup>16</sup> reiteran a asociación entre ámbito rural e maior uso do galego, e ámbito urbano e maior presenza do castelán. Tal e como se pode observar na figura 2.12, o uso único ou preferente do galego só é claramente maioritario (70%) nos concellos con menos de 5.000 habitantes. No tramo seguinte (5.001 a 10.000 habitantes) os castelanfalantes e galegofalantes habituais distribúense case por igual (falan só ou máis galego o 50,2%). Nos concellos de tamaño intermedio (10.001 a 20.000 habitantes) os galegofalantes decaen de forma moi notable ata o 34,5%. Crecen de novo lixeiramente nos concellos de 20.001 a 50.000 (36,4%) para, finalmente, descender ata supor menos da cuarta parte no hábitat que se corresponde coas sete grandes cidades (23,8%).



**Figura 2.12.** *Lingua habitual segundo o hábitat de residencia*

No cruzamento da lingua habitual e o hábitat de residencia destaca tamén a maior presenza monolingüe no par galego/menos de 5.000 habitantes (40,5%) que no seu oposto castelán/cidades (35,6%). Por continuo galego-castelán, o


<sup>16</sup> A variable hábitat de residencia unicamente toma como indicador do hábitat o número de habitantes do concello (nota 4).

conxunto só e máis galego representa o 70% no hábitat de menos de 5.000, inferior á porcentaxe de usuarios urbanos de só e máis castelán (75,7%).


Por outro lado, en canto ao uso bilingüe, nos concellos superiores a 10.000 habitantes obsérvase un peso importante do bilingüismo maioritario en castelán.

### 2.6.1. Evolución da lingua habitual segundo o hábitat de residencia<sup>17</sup>

A comparación dos resultados do MSG-92 e o MSG-04 (figuras 2.13 e 2.14) indica un lixeiro aumento do uso monolingüe do galego no urbano. No resto dos hábitats, malia as diferenzas nas categorías utilizadas, apréciase, pola contra, un acusado retroceso do galego en todos eles excepto nas cidades. En calquera caso, cómpre recordar as limitacións da comparación segundo o dito arriba.



**Figura 2.13.** Lingua habitual segundo o hábitat de residencia no MSG-92 (tramo de idade 16 a 54 anos)



**Figura 2.14.** Lingua habitual segundo o hábitat de residencia no MSG-04 (tramo de idade 16 a 54 anos)


As tendencias máis salientables da comparación entre os resultados das figuras 2.13 e 2.14 son:

- A continuidade do uso monolingüe en galego no urbano e a forte caída no rural, que pasa do 55,3% ao 40,7%.
- O importante avance do monolingüismo en castelán especialmente no urbano.
- A notoria perda do bilingüismo de maioría galego nos hábitat intermedios e a considerable suba do maioritario en castelán.

<sup>17</sup> Na análise da evolución da lingua habitual segundo o hábitat de residencia cómpre ter presente a precaución referida aos ítems sinaladas en 2.5.1.

### 2.6.2. Lingua habitual nas sete cidades principais

De cara a afondar na influencia do factor territorial sondouse a distribución da lingua habitual en cada un dos concellos de máis de 50.000 habitantes, que, como é sabido, se corresponden coas sete principais cidades galegas (figura 2.15).




**Figura 2.15.** Lingua habitual nas sete cidades principais

Os resultados amosan unha elevada heteroxeneidade da lingua habitual nos espazos urbanos. Aínda que o uso do castelán en conxunto é predominante en todas as cidades, existen diferentes perfís sociolingüísticos neste ámbito urbano:

- As cidades con maior uso do castelán (só e máis castelán) son Ferrol (85%), Vigo e A Coruña (81,9% en ambas as dúas). Cómpre, ademais, salientar a presenza do monolingüismo en castelán en Ferrol (57,5%) e Vigo (45,5%).
- Dos catro usos, o bilingüismo con predominio de castelán é maioritario na Coruña, Ourense, Pontevedra, Lugo e Santiago, se ben entre a primeira (50,1%) e a última (37,2%) existe unha diferenza de case 13 puntos.
- O monolingüismo en galego é a opción con menor presenza nas cidades. Os valores máis altos corresponden a Lugo (13,4%) e a Santiago (13,2%) e os máis baixos a Vigo (4,3%) e á Coruña (3,4%). Sumando as opcións só galego e máis galego, obsérvase que o maior uso deste idioma corresponde a Santiago (41,9%) e a Lugo (40,5%).

Para facilitar a lectura e simplificar a representación da asociación existente entre a lingua habitual e a cidade, amósanse a seguir os resultados dunha análise de correspondencias. Este tipo de análise estatística foi xa empregada noutros traballos baseados no banco de datos do MSG-92 (González González, M. et alii, 2003; Fernández, 2004) e sobre a do MSG-04 (González González, M. et alii, 2007). Esta técnica permite visualizar nun espazo de baixa dimensionalidade as correspondencias existentes entre as categorías de dúas variables nominais (figura 2.16).



AC: A Coruña; F: Ferrol; S: Santiago; L: Lugo; O: Ourense; P: Pontevedra; V: Vigo  
 SC: Só castelán; MC: Máis castelán; MG: Máis galego; SG: Só galego

**Figura 2.16.** *Lingua habitual nas sete cidades principais (tramo de idade 15 a 54 anos). Análise de correspondencias*

Para a obtención deste modelo optouse polo método de normalización simétrica, que permite describir ao mesmo tempo a asociación existente entre as categorías das dúas variables seleccionadas<sup>18</sup>.

A primeira dimensión da figura (eixe horizontal) explica unha inercia ou proporción de varianza do 76,4%, mentres que a segunda (eixe vertical) explica unha proporción do 21%.

A posición das categorías da lingua habitual nunha e outra dimensión debuxa unha parábola na que, de esquerda a dereita, aparecen situadas as distintas opcións lingüísticas de maior a menor grao de uso do galego (só galego, máis galego, máis castelán e só castelán). De abaixo arriba sitúanse o monolingüismo en galego (en menor medida tamén o monolingüismo en castelán) e o bilingüismo en castelán.

A asociación entre as categorías da lingua habitual e cada unha das sete cidades reflíctese na posición destas ao redor da curva debuxada, da que podemos tirar as seguintes tendencias:


- Santiago e Lugo sitúanse entre as opcións monolingüe en galego e bilingüe con predominio desta lingua.
- Ourense asóciase en maior medida co bilingüismo, por localizarse entre máis galego e máis castelán.

<sup>18</sup> A proxección espacial das categorías das variables baséase no estatístico  $\chi^2$ , que parte das distancias simétricas por fila e por columna das diferenzas entre valores esperados nunha táboa de continxencia. Por este motivo, aínda que sexa maior a frecuencia dunha categoría concreta da lingua habitual nunha cidade, como por exemplo, a opción 'máis castelán' en Santiago, a maior frecuencia do uso do galego respecto do esperado en comparación con outras cidades fai que se asocie visualmente ás opcións referidas ao galego.

- A Coruña relaciónase co bilingüismo en castelán.
- Ferrol e Vigo sitúanse preto do monolingüismo en castelán.
- Pontevedra é a única cidade que non se asocia claramente con ningunha das categorías da lingua habitual e, polo tanto, queda á marxe da tendencia debuxada pola curva.

### 2.6.3. Evolución da lingua habitual nas sete cidades principais

O feito de que se realizaran análises de correspondencias sobre a lingua habitual nos espazos urbanos utilizando os datos do MSG-92 permítenos representar graficamente os cambios experimentados na asociación entre as categorías da lingua habitual e cada unha das sete grandes cidades galegas. A seguir preséntanse os gráficos resultantes dunha e outra base de datos logo de seleccionar os mesmos grupos de idade (16 a 54 anos) (figuras 2.16 e 2.17).




AC: A Coruña; F: Ferrol; S: Santiago; L: Lugo; O: Ourense; P: Pontevedra; V: Vigo  
SC: Só castelán; MC: Máis castelán; MG: Máis galego; SG: Só galego

**Figura 2.17.** Lingua habitual nas sete cidades principais no MSG-92 (tramo de idade 16 a 54 anos). Análise de correspondencias

A análise dos datos de 1992 referidos ao tramo de 16 a 54 anos deu lugar a unha solución de correspondencias que explica, na dimensión horizontal, o 69% da varianza e na vertical o 26,3%. A dimensión 1 defínese pola oposición de galego (cuadrantes da dereita) e castelán (cuadrantes da esquerda); na dimensión 2 sitúase o monolingüismo na parte superior e o bilingüismo na inferior.

De acordo co gráfico resultante, a cidade máis relacionada co monolingüismo en galego no MSG-92 era Santiago de Compostela. Lugo e Ourense amosaban unha elevada asociación co bilingüismo con predominio de galego. No lado oposto da representación (o esquerdo), aparecían A Coruña e Ferrol asociadas ao monolingüismo en castelán, e Vigo ao bilingüismo con maioría desta

lingua. Pontevedra tiña un escaso peso na dimensión principal da solución (a horizontal) e aparecía afastada de todas as categorías da lingua habitual e lonxe tamén das restantes cidades. Con todo, situábase no cuadrante referido ao monolingüismo en castelán.



AC: A Coruña; F: Ferrol; S: Santiago; L: Lugo; O: Ourense; P: Pontevedra; V: Vigo  
 SC: Só castelán; MC: Máis castelán; MG: Máis galego; SG: Só galego

**Figura 2.18.** *Lingua habitual nas sete cidades principais no MSG-04 (tramo de idade 16 a 54 anos). Análise de correspondencias*

Na nova análise a dimensión horizontal explica maior porcentaxe de varianza ca na anterior (76,7%), mentres que a segunda ten menor importancia (20,7%). Na primeira dimensión aparecen opostas de novo as dúas opcións monolingües, agora o castelán na dereita e o galego na esquerda. A segunda dimensión caracterízase pola oposición das categorías máis castelán (arriba) e o monolingüismo, sobre todo en galego (abaixo).

Tal e como se puido ver na figura 2.16 a posición das categorías da lingua habitual nunha e outra dimensión debuxa unha parábola onde, de esquerda a dereita se reflicte o maior ou menor uso do galego. De abaixo arriba sitúanse o monolingüismo en galego (e en menor medida, en castelán) e o bilingüismo con predominio do castelán.

A situación de cada unha das sete cidades ao redor da curva que debuxa a lingua habitual indica que desde 1992 se deron cambios salientables:

- Ferrol amosa unha asociación co monolingüismo en castelán máis acusada ca a observada hai doce anos.
- Vigo tamén mudou a posición que ocupaba preto do bilingüismo maioritario en castelán para se situar cabo do monolingüismo nesa lingua.
- A Coruña, cun desprazamento de grande interese, afástase da tendencia ao monolingüismo en castelán que seguen outras cidades fortemente asociadas a esta lingua.



- Ourense, aínda que mantén a súa asociación co bilingüismo con predominio do galego, experimentou un considerable desprazamento cara á zona dereita da figura, representada na nova gráfica polo monolingüismo en castelán.
- Santiago e Lugo séguense asociando cos usos monolingüe en galego e bilingüe maioritario nesta lingua, que aparecen agora máis próximos entre si.
- Pontevedra atópase xunto á orixe de coordenadas, amosando o seu escaso peso nas dúas dimensións da solución e a falta de asociación clara con calquera das opcións da lingua habitual. A maior heteroxeneidade dos usos lingüísticos nesta cidade dificulta a súa representación no espazo multidimensional.

A comparación das dúas figuras amosa o dinamismo sociolingüístico dos espazos urbanos galegos e a existencia de diferentes perfís baseados na dirección dos cambios que experimentou a lingua habitual neste período:

- Ferrol e Vigo, caracterizadas polo reforzamento da asociación co castelán.
- A Coruña, caracterizada polo descenso da asociación co castelán.
- Santiago e Lugo, nas que se mantén a elevada asociación cos usos do galego.
- Ourense, que conserva a asociación co bilingüismo en galego aínda que se despraza cara ao bilingüismo en castelán.
- Pontevedra, que permanece nunha posición difusa respecto dos diferentes usos, aínda que se mantén no cuadrante referido ao monolingüismo en castelán.

## 2.7. Lingua habitual segundo a capacidade para falar o castelán

A capacidade para falar o castelán<sup>19</sup> tamén está relacionada co uso habitual, aínda que a relación é máis feble que coa competencia para falar en galego.


O coñecemento do castelán acada valores moi elevados en Galicia en todas as destrezas. A media xeral da expresión oral en castelán é de 3,8 nunha escala de competencia do 1 ao 4. As oscilacións no seu dominio segundo variables sociolóxicas, lingüísticas ou educativas son baixas, o que se reflicte na elevada porcentaxe de enquisados que situaron a súa capacidade no maior valor da escala (o 84,4% situouse no valor 4). No conxunto de Galicia predomina o valor máis alto nesta destreza independentemente da lingua habitual. As porcentaxes de enquisados que se situaron nos valores 1, o 0,6%, e 2, o 2,9% (nos monolingües en galego eran o 1,2% e o 8,5% respectivamente), reflicten

<sup>19</sup> Ítem empregado para sondar as competencias en castelán no MSG-04:

P.8. Cal é o seu nivel de coñecemento do castelán nas seguintes destrezas tendo en conta que 1 é a puntuación máis baixa e 4 a máis alta (9 = Non procede)?

Entender: — Falar: — Ler: — Escribir: —

este elevado dominio (MSG-04, 2007). Con todo constatáronse puntuacións lixeiramente inferiores nos monolingües en galego, nos que o 63% optou polo valor 4, e a media foi de 3,49.



**Figura 2.19.** Lingua habitual segundo a capacidade para falar o castelán

O cruzamento entre a lingua habitual e a capacidade para falar o castelán (MSG-04) indica que quen considera ter maior capacidade para se expresar oralmente en castelán usa en menor medida a lingua galega (figura 2.19.). Aínda así, débese recordar que o 65,5% de quen fala só galego ou máis galego se sitúa no valor 3, e o 32,6% no 4.

## 2.8. Lingua habitual segundo a conciencia nacional

A asociación entre usos lingüísticos e conciencia nacional foi obxecto de grande interese durante a transición democrática (Del Campo, Navarro e Tezanos, 1977). Diferentes estudos veñen constatando desde entón a relación entre o uso dunha das linguas minorizadas do Estado e a identidade nacional diferenciada<sup>20</sup>. No deseño do MSG-04 incluíronse cuestións de tipo sociopolítico pola súa grande importancia desde o punto de vista sociolingüístico.

Para sondar a conciencia nacional escolleuse un ítem estandarizado que recolle, a modo de escala, o sentimento de pertenza nacional dos enquisados. As opcións de resposta abranguen desde a conciencia unicamente española á unicamente galega (táboa 2.4).

É necesario sinalar que a maior parte dos enquisados (o 58,6%) situouse na opción intermedia da escala, que se corresponde cun sentimento nacional compartido e no que o suxeito se considera tan español coma galego. A seguir, obtiveron as maiores porcentaxes de resposta as referidas á maior conciencia

<sup>20</sup> O máis recente deles, referido ao conxunto do Estado, inclúese no estudo *Conocimiento y Uso de las Lenguas en España*, realizado polo CIS (Siguán, 1999).


galega ca española (25,8%) e a única galega (6,7%). O sentimento español único (3,9%) ou preferente (4,9%) resultou máis minoritario. A conciencia única ou preferente galega (32,5%) supera en 23,7 puntos porcentuais a conciencia única ou preferente española (8,8%).

P. 43.- Con cal das seguintes frases se identifica Vde. en maior medida?	%
Síntome unicamente español	3,9
Síntome máis español ca galego	4,9
Síntome tan español coma galego	58,6
Síntome máis galego ca español	25,8
Síntome unicamente galego	6,7

**Táboa 2.4.** *Conciencia nacional*

Na figura 2.20 obsérvase que o uso do galego aumenta conforme a conciencia nacional se define en maior medida galega. Sumando as opcións única e preferente da lingua habitual, só o 12% de quen se considera unicamente español falaría habitualmente galego. Non obstante, esta porcentaxe vai aumentando coa incorporación do galego ao uso habitual ata acadar o valor máis alto (67,2%) en quen se sente unicamente galego.

Aínda así, a asociación entre conciencia nacional e uso lingüístico é máis evidente nos pares ‘española/castelán’ que nos pares ‘galega/galego’, o que induce a pensar na menor importancia do galego como elemento identitario.




**Figura 2.20.** *Lingua habitual segundo a conciencia nacional*

## 2.9. Lingua habitual segundo o nivel de estudos

A táboa 2.5 recolle a distribución do nivel educativo da mostra. Para a análise agrupáronse os valores máis altos da escala na categoría ‘universitarios’.

P. 82b. Cales son os estudos oficiais de nivel máis alto que Vde. curso (con independencia de que os rematase ou non)?	%
Menos de 5 anos de escolarización	1,4
Educación primaria de LOGSE (≈antiga EXB)	18,2
ESO ou bacharelato elemental (≈antigo BUP)	18,6
Formación profesional de grao medio	8,7
Bacharelato de LOGSE (≈antigo COU)	11,2
Formación profesional de grao superior	11,0
Arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico	1,8
Diplomado	11,2
Arquitecto ou enxeñeiro superior	1,8
Licenciado	13,9
Estudos de postgrao ou especialización	2,2

**Táboa 2.5.** Nivel de estudos



**Figura 2.21.** Lingua habitual segundo o nivel de estudos

A figura 2.21 indica unha forte relación inversa entre o uso do galego e o maior nivel educativo. O emprego habitual desta lingua, monolingüe ou preferente, só é maioritario ata o nivel de estudos primarios. Nas tres primeiras columnas obsérvase que a proporción de galegofalantes mantén unha tendencia de acusado descenso ata o grupo de FP de grao medio, onde se recupera lixeiramente. Entre quen cursou estudos de FP, as diferenzas entre o grao medio e o grao superior son reducidas, a FP de grao superior presenta valores de uso do galego máis elevados ca os estudos secundarios non orientados á formación profesional. Bachareis (72,1%) e universitarios (72,2%) son os grupos máis castelanzados.

Os datos indican que o 82,7% dos suxeitos con menos de 5 anos de escolarización fala única ou preferentemente en galego, mentres que nos universitarios, esa porcentaxe é só do 27,2%, é dicir, 55,5 puntos porcentuais de diferenza entre os extremos do continuo. Ademais desta relación inversa, débese destacar que, agás nos suxeitos con menor nivel de estudos, o bilingüismo é o uso dominante.

2.9.1. Evolución da lingua habitual segundo o nivel de estudos

No MSG-92 as opcións do ítem do nivel de estudos non corresponden aos actuais niveis de ensino. Aínda así, estas poden ser homologables ás empregadas no MSG-04<sup>21</sup> e permiten contrastar, coas correspondentes adaptacións, as dúas fontes de datos.




Figura 2.22. Lingua habitual segundo o nivel de estudos no MSG-92 (tramo 26 a 54 anos)




Figura 2.23. Lingua habitual segundo o nivel de estudos no MSG-04 (tramo 26 a 54 anos)

<sup>21</sup> Ítem empregado no MSG-92:  
 P.13. Que estudos ten feitos ou está facendo?  
 Ningún  
 Primarios incompletos  
 Primarios completos  
 FP  
 Bacharelato  
 Carreira g. medio  
 Careira g. superior  
 Outros estudos

Co obxecto de realizar as comparacións pertinentes entre os resultados do MSG-92 e do MSG-04 e de coñecer a evolución do uso habitual por estudos illouse en cada unha das correspondentes mostras aqueles suxeitos que pola súa idade terían completado o período educativo de referencia no ítem estudos. Con iso preténdese evitar o efecto da posible interacción da idade co nivel educativo (figuras 2.22 e 2.23).

A comparación das dúas figuras presenta un retroceso no uso do galego en todos os niveis educativos, que é especialmente marcado nos grupos de estudos primarios completos ou ESO e de FP, cunha caída de 20,1 e 20,4 puntos, respectivamente, sumando os usos monolingüe en galego e maioritario neste idioma. A perda tende a diminuír a medida que se ascende no nivel educativo. No Bacharelato é de 16,9 puntos e nos estudos superiores 5,7.

O MSG-92 xa deixara constancia da forte relación entre a lingua habitual e o nivel educativo. O uso monolingüe do galego descendía do 75,3% entre quen non posuía estudos ao 9,4% nos titulados universitarios. O monolingüismo en castelán ascendía, pola contra, do 0,9% na poboación sen estudos ao 23,8% na universitaria. Sumando as opcións monolingüe e preferente dunha e outra lingua, a porcentaxe de galegofalantes variaba entre o 95,8% no nivel de estudos máis baixo e o 32,6% no nivel universitario.

Do resultado da comparación dos dous momentos dedúcese, pois, que o uso do galego continúa asociado ao grupo social con menor capital educativo, aínda que a redución das distancias nos grupos de estudos máis altos podería indicar un menor peso desa tendencia.


## 2.10. Lingua habitual segundo a lingua das clases en primaria

A táboa 2.6 presenta a lingua habitual segundo a lingua das clases en primaria.

P.19. En que lingua recibiu as clases de primaria (EXB)?	
Practicamente todo en galego	3,3%
Máis galego ca castelán	5,8%
Máis castelán ca galego	22,0%
Practicamente todo en castelán	32,1%
Todo en castelán	36,8%

**Táboa 2.6.** *Lingua das clases en primaria*

A lingua das clases en primaria tamén amosou unha relación significativa coa lingua habitual (táboa 2.5), malia que en conxunto a porcentaxe de enquisados que recibiu máis clases en galego (o 5,8%) ou practicamente todo en galego (o 3,3%) só acada o 9,1% da mostra.



**Figura 2.24.** *Lingua habitual segundo a lingua das clases en primaria*

O cruzamento representado na figura 2.24 indica que hai unha asociación entre uso habitual e a lingua na que se imparten as clases. O comportamento monolingüe en castelán aumenta coa súa maior presenza no ensino. De feito, supón o 34,3% en quen recibiu todas as clases en castelán, mentres que é menos relevante nos que tiveron maior presenza do galego (8,4% nos que tiveron practicamente todo nesta lingua).


A relación entre a lingua dos alumnos e a utilizada para as clases foi obxecto de regulamento a través do Decreto 247/1995<sup>22</sup>, e para sondar o efecto producido por esta norma, seleccionouse na base de datos os suxeitos máis novos de entre 15 e 17 anos que sempre residiron en Galicia<sup>23</sup> (táboa 2.7 e figura 2.25).

<sup>22</sup> Este decreto desenvolvía a Lei 3/1983 de normalización lingüística e establecía o uso da lingua inicial dos alumnos durante o 1º ciclo de primaria e o uso do galego en dúas áreas do coñecemento, como mínimo, no resto do ensino primario. Considerábase que a utilización da lingua inicial do alumnado favorecería a aprendizaxe dos contidos. O retroceso xeral do idioma galego, especialmente no contorno urbano, implicaría a súa minorización nesta etapa do ensino. En cumprimento co Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (Xunta de Galicia, 2004) este decreto foi modificado en 2007. O obxectivo foi tratar de garantir a adquisición de competencias en lingua galega establecendo, como mínimo, o 50% das clases en galego en todo o ensino primario.


<sup>23</sup> Este grupo está integrado por 416 suxeitos que tiñan, como máximo, 8 anos cando se aprobou o Decreto 247/1995. Desbotáronse os suxeitos que viviran fóra de Galicia dado que podían distorsionar os resultados.

Practicamente todo en galego	8,1%
Máis galego ca castelán	17,1%
Máis castelán ca galego	35,2%
Practicamente todo en castelán	28,9%
Todo en castelán	10,7%

**Táboa 2.7.** *Lingua das clases en primaria  
(menores de 18 anos que residiron sempre en Galicia)*



*Lingua das clases en primaria*



**Figura 2.25.** *Lingua habitual segundo a lingua das clases en primaria  
(menores de 18 anos que residiron sempre en Galicia)*

O resultado máis rechamante deste cruzamento é que en todas as categorías aparecen casos de ‘todo en castelán’ (figura 2.25) cando esta opción non debiera ter presenza no tramo de idade sondado<sup>24</sup>. De feito, neste grupo a opción todo en castelán supón o 10,7% (táboa 2.6).

Á parte desta circunstancia, a relación entre as dúas variables amosa un considerable desequilibrio a prol do castelán nos usuarios habituais desta lingua. A presenza do galego no ensino no grupo de monolingües en castelán límitase ao 14,3% (11,9% + 2,4%) fronte ao 85,7% (12,7 + 46,8 + 26,2) do

<sup>24</sup> Véx. nota 25.



castelán, 71,5 puntos por debaixo. No grupo de máis castelán, as diferenzas no uso docente entre os dous idiomas, aínda que menores, acadan 63,1 puntos a favor do castelán.


### 2.11. Lingua habitual segundo a lingua das clases en secundaria

A táboa 2.8. presenta os resultados da lingua habitual nas clases en secundaria.

P.20. En que lingua recibiu as clases de secundaria (BUP/COU/Ciclos Formativos)?	
Practicamente todo en galego	3,3%
Máis galego ca castelán	9,9%
Máis castelán ca galego	31%
Practicamente todo en castelán	27,8%
Todo en castelán	28%

**Táboa 2.8.** *Lingua das clases en secundaria*

A figura 2.26 amosa a relación entre a lingua habitual e a lingua das clases en secundaria.




**Figura 2.26.** *Lingua habitual segundo a lingua das clases en secundaria*

De forma semellante ao visto no apartado anterior, o uso monolingüe habitual do castelán increméntase a medida que esta lingua ten maior presenza nas clases de secundaria, do 13,5% na opción practicamente todo en castelán ao 42,1% na opción todo en castelán.

A seguir amósase a lingua das clases en secundaria nunha selección dos suxeitos de 18 a 21 anos que residiron sempre en Galicia (táboa 2.9). É preciso destacar que ese grupo experimentou o efecto de que se establecese un mínimo de materias en lingua galega nese nivel<sup>25</sup>.

Practicamente todo en galego	6,7%
Máis galego ca castelán	20,4%
Máis castelán ca galego	43,8%
Practicamente todo en castelán	23,1%
Todo en castelán	5,9%

**Táboa 2.9.** *Lingua das clases en secundaria (tramo de idade 18 a 21 anos con residencia sempre en Galicia)*



**Figura 2.27.** *Lingua habitual segundo as clases en secundaria (tramo de idade 18 a 21 anos con residencia sempre en Galicia)*

Tal e como se observa na figura 2.27, a maior parte dos suxeitos con idades comprendidas entre os 18 e os 21 anos recibiu un maior número de clases en

<sup>25</sup> O Decreto 247/1995 estableceu as materias que obrigatoriamente se deberían impartir en galego. No momento de aprobarse o decreto, os suxeitos seleccionados tiñan idades comprendidas entre os 9 e os 12 anos, polo que recibiron o ensino secundario logo de entrar este en vigor.


castelán, aínda cando a súa habitual fose o galego. Neste grupo tivera toda a docencia en castelán o 5,9%, cifra moi inferior á que se daba na primaria (10,7%).

Segundo a lingua habitual dos enquisados as porcentaxes de docencia en castelán oscilan entre o 52,1% nos monolingües en galego e o 83% nos monolingües en castelán.

En relación cos resultados do apartado anterior, obsérvase unha menor adaptación da lingua da docencia ao uso do galego no alumnado, pois só o 47,9% dos monolingües en galego e o 32,8% dos bilingües con predominio desta lingua recibiu un maior número das clases de secundaria na súa lingua.

### 2.12. Lingua habitual segundo idade

A figura seguinte amósanos a distribución da lingua habitual por tramos de idade dos entrevistados.



**Figura 2.28.** *Lingua habitual segundo a idade*


O cruzamento da lingua habitual segundo a idade confirma a tendencia ao predominio do bilingüismo en todos os tramos de idade. Non obstante, do grupo máis vello ao máis novo apréciase un incremento do uso bilingüe con maioría de castelán. Máis en galego redúcese 12,8 puntos, do 29,8% no grupo de 45 a 54 anos ao 17% no máis novo, mentres que máis en castelán medra 14,4: do 26,3% ao 40,7%. Nas categorías monolingües dunha e outra lingua, as diferenzas por idade son menos avultadas, a do galego descende 11 puntos, do 23,4% ao 12,4%, e a do castelán medra 9,8, do 19,8% ao 29,6%.

Agrupando os usos de cada idioma, só e máis en galego e só e máis en castelán, obsérvase unha perda de emprego do galego de 23,8 puntos entre o grupo de maior idade e o máis novo fronte a un incremento do uso do castelán de 24,2. Con todo, cómpre salientar a redución da perda de

galegofalantes nos grupos máis novos, do grupo de 25 a 34 anos ao de 15 a 24 a perda é só de 1,6 puntos fronte aos 10,4 puntos do grupo de 35-44 ao de 25-34 anos.

### 2.12.1. Lingua habitual segundo a idade e o hábitat de residencia

Dada a importancia da estabilización no uso do galego nos grupos de menor idade, e mesmo unha posible inversión da perda da lingua no tramo de idade máis novo, cómpre explorar se estas tendencias se aprecian tamén nos cruzamentos do uso habitual con outras variables, especialmente co hábitat e en concreto co urbano.



**Figura 2.29.** Lingua habitual segundo a idade e o hábitat de residencia. Valores en medias

A distribución do uso por idade e hábitat indica que a perda de galego tende a manter a mesma orientación e a ser semellante en todas as categorías de residencia. En relación coa característica indicada da ralentización desa tendencia no grupo máis novo, obsérvase unha pauta bastante homoxénea, agás nas entidades de 10.001 a 20.000 habitantes nas que a perda é máis acusada.


Merece resaltarse que a maior perda de uso do galego por idades se dá nos concellos cun tamaño comprendido entre os 5.001 habitantes e os 50.000. Dentro deles, a diferenza máis acusada amósana os de 10.001 a 20.000, onde do tramo de maior idade ao máis novo a media da lingua habitual descende 0,69 puntos<sup>26</sup>. Os concellos de menor tamaño, seguidos das cidades, son, pola

<sup>26</sup> Cómpre relacionar esta maior perda de vitalidade co transvasamento de poboación urbana aos concellos próximos ás principais cidades galegas. Isto pode explicar que neste tipo de hábitats

contra, os que amosan menor variación no grao de uso do galego en función da idade (0,33 e 0,37 puntos, respectivamente).

### 2.12.2. *Lingua habitual segundo a idade nas sete cidades principais*

Os datos recollidos na figura 2.30 reiteran a gran diversidade dos usos lingüísticos no ámbito urbano. Á parte das diferenzas xa comentadas entre as distintas cidades, obsérvanse tamén distancias importantes dunhas a outras en canto ao grao de uso por idades. Nese sentido, detéctanse diferentes perfís urbanos segundo a intensidade da perda interxeracional do uso do galego.



**Figura 2.30.** *Lingua habitual segundo a idade e a cidade. Valores en medias*

As cidades co maior descenso entre o grupo de idade máis vello e o máis novo son Ourense (0,64 puntos) e Pontevedra (0,63 puntos). Nunha posición intermedia atópanse Ferrol (0,48 puntos) e Lugo (0,47 puntos). Outro perfil confórmano Vigo (0,30 puntos), A Coruña (0,20 puntos) e Santiago (0,20 puntos), onde se observa unha maior homoxeneidade dos usos lingüísticos a través dos grupos de idade.


Malia as diferenzas atopadas, a maior intensidade na perda de uso do galego tende a producirse do grupo de maior idade ao de 25 a 34 anos, mentres que deste ao máis novo redúncense as diferenzas, consonte coa interrupción da perda de uso do galego no tramo máis novo vista anteriormente. A excepción constitúena Lugo, onde a caída entre o tramo de 25 a 34 anos e o de 15 a 24 é de 0,26 puntos, e Ferrol onde a perda é de 0,15 puntos. Nestas dúas cidades mantense a tendencia regresiva no uso do galego entre os máis novos.

---

se dean as maiores diferenzas entre os tramos de maior idade (onde predomina a poboación nada neses espazos) e os máis novos (procedentes, en gran medida, das cidades próximas).

### 2.12.3. Evolución da lingua habitual segundo a idade

Para facilitar o seguimento da evolución da lingua habitual segundo a idade amósanse na figura 2.31 os valores das medias obtidas no MSG-92 e no MSG-04. A escala oscila entre o 1 (só castelán) e o 4 (só galego) segundo o menor ou maior grao de uso do galego. Os valores 2 (máis castelán) e 3 (máis galego) corresponden ás opcións bilingües.



**Figura 2.31.** Evolución da lingua habitual segundo a idade (tramo de idade 16 a 54 anos)

Tal e como indican os valores das medias existen diferenzas notables entre os resultados do MSG-92 e do MSG-04. Malia constatarse que a tendencia xeral é usar menos galego que no 1992 en todos os tramos de idade, percíbese tamén no grupo dos entrevistados máis novos (16 a 24 anos) unha característica novidosa que apunta a unha desaceleración no menor emprego do galego, contra a do MSG-92 onde os suxeitos deste tramo mantiñan a tendencia xeral á caída do uso do galego a medida que se descendía na escala de idade. Esta ralentización entre a xente nova advertida tamén noutros estudos recentes, malia que feble, podería ser un indicio da inversión do proceso de perda do idioma.


### 2.13. Lingua habitual segundo o concepto de Comunidade Autónoma

A definición da Comunidade Autónoma é outra das variables socio-políticas introducidas no novo cuestionario do MSG-04. O ítem empregado (táboa 2.10) é unha adaptación dos que utiliza habitualmente o CIS para sondar a identidade nacional nas comunidades autónomas. Siguán (1999) úsao tamén para coñecer a relación entre esta e os usos lingüísticos.

P. 44.- Que termo prefire utilizar para referirse á súa Comunidade Autónoma? É unha rexión ou unha nación?	
Unha rexión	70,3%
Unha nación	19,5%
Ningunha das dúas	5,1%
Calquera das dúas	3,6%
Outros	1,5%

**Táboa 2.10.** *Concepto de Comunidade Autónoma*

Para facilitar a interpretación do cruzamento (figura 2.32) só se tomaron en consideración as categorías rexión e nación, porque só entre as dúas sumaban o 89,8% das respostas, a primeira o 70,3% e a segunda o 19,5%.



**Figura 2.32.** *Lingua habitual segundo o concepto de Comunidade Autónoma*

Os suxeitos que consideran a Comunidade Autónoma galega como unha nación utilizan en maior medida o galego (51,0%) ca os que a definen como unha rexión (35,5%). Entre os primeiros, a porcentaxe de monolingües en galego é do 22%, fronte ao 14,1% nos que entenden que é rexión. En cambio, o uso monolingüe en castelán entre quen se decanta pola idea de rexión (28,4%) case duplica ao de quen entende Galicia coma unha nación (15%). É dicir, nas dúas opcións monolingües obsérvase unha maior correspondencia castelán-rexión (28,4%) ca galego-nación (22%). En conxunto a comparación dos usos do galego e do castelán coas categorías de identidade relaciona o maior emprego do castelán coa idea de rexión. Con todo, é necesario salientar que na categoría nación o uso do castelán acada o 48,6% e que na categoría rexión o uso do galego acada o 35,5%.

Estes resultados non permiten afirmar que exista unha relación clara entre uso do galego e preferencia polo termo nación, pois as distancias entre o uso do galego e do castelán son de 2,4 puntos. En cambio, parece máis evidente a asociación entre uso do castelán e emprego do termo rexión, pois as diferenzas acadan 28,5 puntos.

#### 2.14. Lingua habitual segundo a ocupación

Para sondar a ocupación optouse pola adaptación dunha das medidas estandarizadas máis habituais, a denominada Clasificación Nacional de Ocupacións (CNO), que facilita unha ordenación xerarquizada das diferentes profesións baseada fundamentalmente no nivel de formación requirido para o posto. Na táboa seguinte amósase o ítem empregado e a súa distribución (táboa 2.11).


P. 84. E cal é/era a súa actual/última ocupación ou oficio? É dicir, en que consiste/tía especificamente o seu traballo?	
Profesionais, técnicos e similares	20,5%
Membros do Goberno, altos directivos da Administración Pública e da empresa privada	10,5%
Propietarios e xerentes de hostalería, comercio e agricultura	7,9%
Cadros medios	2,4%
Capataces e persoal encargado en actividades de servizos persoais	2,3%
Persoal administrativo e similar	10,5%
Persoal de servizos	13,2%
Comerciantes, vendedores e similares	11,9%
Traballadores cualificados e semicualificados	17,7%
Traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas	2,5%
Profesionais das Forzas Armadas	0,6%

**Táboa 2.11.** *Ocupación*

A figura 2.33 amosa o resultado do cruzamento entre a lingua habitual e a ocupación.

Os datos analizados indican que o grupo profesional que utiliza en maior medida o galego é o constituído por traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas, onde a porcentaxe de monolingües nesta lingua é do 51,5% e a suma destes cos bilingües de maioría galego é do 79,7%. Séguenlles, aínda que con porcentaxes moi inferiores, os xerentes de empresas, nos que a suma das dúas categorías de uso acada o 51,1%, e o grupo dos traballadores cualificados e semicualificados, no que a porcentaxe de galegofalantes é do 49,3%. Pola contra, as ocupacións máis castelanzadas son as Forzas Armadas (83,3%), os administrativos (70,3%), e os profesionais (64,4%).





**Figura 2.33.** Lingua habitual segundo a ocupación

O MSG-92 detectara importantes disparidades no grao de uso do galego entre os diferentes grupos profesionais<sup>27</sup>. As maiores diferenzas dábanse entre labregos e docentes, ao pasar o uso preferente ou monolingüe do 99,1% ao 55,8%. En liñas xerais, o maior grao de castelanización atopábase nas profesións de maior cualificación.

A persistencia da asociación entre ocupacións con maior nivel de cualificación e uso do castelán reitera a comprometida situación que atravesamos a lingua galega. No grupo de idade sondado, o uso do galego só é claramente predominante nos traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas. As actuais tendencias socioeconómicas, caracterizadas polo incremento do peso das ocupacións relacionadas co sector terciario e coas profesións relacionadas coa sociedade do coñecemento, tradicionalmente asociadas ao castelán, implican un incremento do illamento social do idioma galego. Máis adiante afondarase nesta cuestión ao sondar os usos lingüísticos no ámbito do traballo.

### 2.15. Lingua habitual segundo a autopercepción ‘ser galego’

A autopercepción de ser galego é, despois da conciencia nacional, a variable de índole sociopolítica máis relacionada coa lingua habitual (táboa 2.12).

P. 41. Hai diferentes formas de definir a un galego ou galega, ¿cal é, na súa opinión a máis axeitada?	
O que fala galego	3,0%


<sup>27</sup> O ítem equivalente do MSG-92 consistía nunha pregunta aberta que o entrevistador posteriormente codificaba baseándose nunha ampla tipoloxía de profesións.

O que naceu en Galicia	30,0%
O que vive aquí	5,1%
O que se sente galego	54,5%
O que naceu aquí e os seus pais e antepasados tamén	7,4%

**Táboa 2.12.** *Autopercepción 'ser galego'*<sup>28</sup>

Coincidindo con estudos anteriores<sup>29</sup>, a maior parte dos enquisados (54,5%) empregou a definición subxectiva “sentirse galego” como a característica máis diferenciadora da identidade galega; a seguir situouse nacer en Galicia (30%); outras definicións como o arraigo desde xeracións de antepasados (7,4%), vivir en Galicia (5,1%) ou falar o galego (3%) resultaron máis minoritarias.

A continuación amósase o resultado do cruzamento da lingua habitual coa autopercepción ‘ser galego’ (figura 2.34).



**Figura 2.34.** *Lingua habitual segundo a autopercepción 'ser galego'*

<sup>28</sup> O ítem empregado no cuestionario do MSG-04 partiu do empregado anteriormente no MSG-92:

P. 123. Quen é máis galego?

O que fala galego	16,3%
O que naceu en Galicia	62,3%
O que vive e traballa aquí	21,4%

De cara a recoller o espectro total de elementos que se consideran relevantes na definición identitaria engadíronse dúas novas posibilidades de resposta utilizadas habitualmente en estudos sobre a identidade nacional (Siguán 1999).

<sup>29</sup> No estudo *Conocimiento y Uso de las Lenguas* (Siguán, 1999) amósase como a característica distintiva máis relevante a vontade de pertenza á Comunidade. É un resultado que se repite en todas as Comunidades Autónomas con lingua propia, por riba de características máis obxectivas como o lugar de nacemento ou o uso da lingua propia.

As maiores porcentaxes de galegofalantes habituais (sumando só galego e máis galego) atópanse entre os que elixen como características distintivas falar galego (51,4%) e nacer en Galicia con ascendentes nados tamén nela (49,1%).

Pola contra, as menores porcentaxes de galegofalantes (30,9% suma das dúas categorías) atópanse entre quen prefere a categoría de residir en Galicia.

As opcións sentirse galego e nacer en Galicia, que son as respostas predominantes no conxunto da mostra, son máis frecuentes nos que falan habitualmente só (60,3%) ou máis castelán (65,8%).

Estes resultados, que salientan a importancia do sentimento de pertenza como criterio inclusivo de etnicidade, coincide cos obtidos noutros estudos realizados en Comunidades do Estado con lingua propia.

## 2.16. Lingua habitual segundo a orientación política

O MSG-92 incluía un ítem sobre orientación política no que se preguntaba aos enquisados que partido político lles merecía maior simpatía. A elevada porcentaxe de suxeitos que eludiron dar unha resposta (59,3%) impediu ter en conta a dimensión política na análise das variables lingüísticas.


Para evitar esta elevada taxa de casos perdidos, decidiuse sondar a orientación política mediante unha escala na que se lle solicita ao entrevistado que se sitúe nun continuo ideolóxico de esquerda a dereita. A porcentaxe de non resposta reduciuse do 59,3% no MSG-92 ao 20,7% no MSG-04. O ítem empregado ofrecía 10 posibilidades de resposta (táboa 2.13), que posteriormente se recodificaron en 5 e na que o valor 1 correspondería á orientación máis de esquerda e o 5 a máis de dereita.

P. 42. Cando se fala de política empréganse normalmente as expresións esquerda e dereita. Nesta tarxeta hai unha serie de cadros que van de esquerda a dereita. En que cadro se colocaría Vde?									
Esquerda									Dereita
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
8,8%	8,3%	16,7%	14,1%	33%	7,4%	5,1%	3,4%	1,4%	1,7%
1		2		3	4		5		
17,1%		30,8%		33%	12,5%		6,5%		

**Táboa 2.13.** Orientación política

Logo de ser reducida a escala de 10 a 5 puntos, a maior parte dos enquisados situouse nas categorías de centro e centro-esquerda (33% no valor central, 3 e 30,8% no 2). A seguir figuran as opcións esquerda (17,1% no 1), centro-dereita (12,5 no 4) e dereita (6,5% no 5).

A distribución da lingua habitual segundo a posición na escala de orientación política amósase na figura 2.35.



**Figura 2.35.** Lingua habitual segundo a orientación política

As características máis destacadas destes resultados son:

- A tendencia a unha distribución homoxénea do uso habitual en todas as opcións ideolóxicas, especialmente no bilingüe.
- A tendencia ao aumento do monolingüismo en castelán de esquerda a dereita e o predominio do uso bilingüe en todas as categorías.
- As maiores porcentaxes de uso do galego, tanto só coma maioritario, corresponden aos valores extremos da escala (43,9% e 42,3%), se ben as distancias respecto ao valor máis baixo (35% na categoría 4), non abundan para soste que exista unha asociación evidente entre o emprego deste idioma e determinada opción ideolóxica.


## 2.17. Lingua habitual segundo o xénero

As análises de lingua habitual segundo o xénero<sup>30</sup> amosaron a existencia de diferenzas significativas aínda que menores ca as variables sondadas ata momento.

A figura seguinte presenta a distribución da lingua habitual segundo o xénero (figura 2.36).

Consonte os resultados doutros cruzamentos, o monolingüismo en galego rexistra as porcentaxes máis baixas de todos os usos. Con todo, por xénero, descende do 17,9% nos varóns ao 13,7% nas mulleres. Tamén é inferior nelas o seu uso bilingüe, cun 20,8% fronte ao 24,3% dos varóns. Non obstante, as maiores diferenzas danse no monolingüismo en castelán, que nos varóns supón o 22% e o 29,7% nas mulleres, 7,7 puntos máis. O bilingüismo con predominio do castelán amosa unha distribución semellante en función do xénero. Comparando as categorías monolingüe e bilingüe do galego coas do castelán conséntase que o uso do primeiro é 7,7 puntos inferior nas mulleres, cun 34,5%, ca nos varóns, cun 42,2%.

<sup>30</sup> A distribución por xénero da mostra foi do 50,1% de varóns e o 49,9% de mulleres.



**Figura 2.36.** *Lingua habitual segundo o xénero*

Estes datos parecen concordar co padrón denominado *modelo sociolingüístico de xénero*, que consiste na maior tendencia das mulleres, especialmente as pertencentes á clase media-baixa, a utilizaren as formas estándar dunha lingua e a cambiar en favor da prestixiada en situacións de linguas en contacto<sup>31</sup>.

### 2.17.1. *Lingua habitual segundo o xénero e a clase social*

Para tratar de determinar a incidencia do modelo sociolingüístico de xénero en Galicia afondamos na relación entre lingua habitual, xénero e clase social. Por este motivo sondouse o grao de uso do galego (suma das opcións só galego e máis galego) segundo o xénero, o nivel de ingresos e o nivel de estudos.

Estes resultados (táboa 2.14) semellan coincidir parcialmente co *modelo sociolingüístico de xénero*, pois as menores porcentaxes de uso do galego entre as mulleres en relación cos homes, cunha diferenza de 10,3 puntos a prol dos últimos, atópanse na categoría de ingresos comprendidos entre 420 e 840€ e no grupo educativo de FP, onde as distancias por xénero acadan os 15 puntos.

<sup>31</sup> Este modelo foi cuestionado polos resultados de estudos realizados en comunidades tradicionais. Nun estudo sobre o swahili, por exemplo, atopouse que as mulleres tendían a conservar a variedade local en maior medida ca os varóns. As menores posibilidades de ascenso social das mulleres nesas sociedades eran unha explicación do seu maior mantemento das variedades vernáculas. Con todo, nas sociedades occidentais, onde os usos lingüísticos constitúen un elemento importante para o ascenso social das mulleres, en especial das pertencentes á clase media-baixa, atópanse sobradas evidencias do maior uso de variedades prestixiadas (Labov, 1972; Trudgill, 1974; Milroy, 1982).

	Home	Muller	Total
Ingresos			
De 250 a 420	39,3%	38,8%	38,9%
De 420 a 840	49,5%	39,2%	43,7%
De 840 a 1260	43,6%	38,8%	41,0%
De 1.260 a 2.100	42,2%	32,2%	37,6%
De 2.100 a 2.940	41,9%	31,9%	37,3%
Máis de 3.000	31,1%	25,0%	28,5%
Nivel de estudos			
Sen estudos	81,6%	83,3%	82,6%
Primarios	64,8%	59,2%	61,7%
Secundarios obrigatorios	42,5%	33,5%	37,9%
FP	44,5%	29,5%	37,7%
Bacharelato	30,5%	25,1%	27,5%
Universitarios	31,2%	23,7%	27,2%

**Táboa 2.14.** *Distribución de galegofalantes (só galego + máis galego) segundo o nivel de ingresos e de estudos*

No tramo de menor nivel educativo a porcentaxe de galegofalantes é lixeiramente superior entre as mulleres (1,7 puntos), e no de menores ingresos apenas se dan diferenzas por xénero (0,5 puntos en favor dos homes). Con todo, as considerables diferenzas que se observan nos tramos de maiores ingresos e estudos (6,1 puntos e 7,5 puntos respectivamente) poderían indicar unha contradición co *modelo sociolingüístico de xénero*.

Os resultados obtidos parecen indicar que, a partir dun nivel soleira de clase social, elaborado segundo os indicadores de renda e de estudos, existen diferenzas por xénero no grao de uso do galego en todas as clases sociais, se ben estas son máis intensas na clase media-baixa.

### 2.17.2. *Lingua habitual segundo o xénero e a idade*


As pequenas diferenzas xerais que se dan por xénero mantéñense en todos os grupos de idade, aínda que se tenden a reducir no grupo máis novo; as distancias entre as medias pasan de 0,21 a 0,16 entre o grupo de 25 a 34 anos e o de 15 a 24 (figura 2.37).

### 2.17.3. *Evolución da lingua habitual segundo o xénero*


O MSG-92 amosara un grao de castellanización lixeiramente superior nas mulleres. A suma de monolingües en castelán e bilingües con predominio desta lingua supuña o 33,8% contra o 28,6% nos homes. As maiores diferenzas dábanse nas opcións máis galego, que nos varóns era 5,2 puntos superior, e só castelán, onde os superaban as mulleres en 4,5 puntos. Os valores xerais de monolingües en galego e de bilingües con predominio do castelán eran,

no entanto, semellantes. Nos diferentes sectores que conformaban a mostra do MSG-92 os resultados eran tamén bastante semellantes, o que explica o escaso tratamento que se lle concedeu entón á variable xénero.

A comparación das medias obtidas pola lingua habitual segundo o xénero no MSG-92 e no MSG-04 (figura 2.38) indican un mantemento das diferenzas por xénero.



**Figura 2.37.** Lingua habitual segundo o xénero e a idade. Valores en medias



**Figura 2.38.** Evolución da lingua habitual segundo o xénero e a idade. Valores en medias.

### 2.18. Análise multidimensional da lingua habitual

A técnica multivariante utilizada neste apartado foi a análise de correspondencias múltiple. Esta análise está englobada dentro dos métodos

de interdependencia, é dicir, o seu obxectivo é identificar que variables están relacionadas entre si, como o están e por que.

Esta técnica ten unha capacidade limitada polo que non é posible introducir nun mesmo modelo todas as variables que resultaron significativas nas análises bivariantes iniciais. Por outro lado, un dos resultados que se obtén con esta análise é un mapa perceptual que, no caso de que reúna moita información perde a súa capacidade explicativa. Por esta razón decidimos elaborar tres modelos diferentes segundo o tipo de variables analizadas: o sociodemográfico, o sociolingüístico e o ideolóxico.

O modelo sociodemográfico proporcionounos un panorama global de como están relacionadas entre si as variables lingua habitual, hábitat de residencia, estudos, ocupación, xénero e idade.

O modelo sociolingüístico estuda a relación entre os seguintes indicadores: lingua habitual, lingua inicial, expresión oral en galego, expresión oral en castelán, lingua das clases en primaria e lingua das clases en secundaria.

Por último, o modelo ideolóxico engloba os seguintes ítems: lingua habitual, definición da comunidade autónoma, definición de ser galego ou galega, orientación política e identidade nacional.

Estes tres modelos facilitánnos unha visión xeral do uso habitual e permítennos extraer unha tipoloxía de perfís de falantes dun e doutro idioma, e completar os resultados obtidos mediante as análises descritivas e bivariantes.

### 2.18.1. *Modelo sociodemográfico*


Os resultados que se expoñen a continuación amosan como se relacionan conxuntamente as seguintes variables sociodemográficas:

- Lingua habitual.
- Hábitat de residencia.
- Idade.
- Estudos.
- Ocupación.

Inicialmente incluíanse tamén as variables hábitat de nacemento e xénero, pero foron desbotadas por distintas razóns: o hábitat de nacemento pola alta correlación co hábitat de residencia (0,50), que implicaba un comportamento semellante, e o xénero, porque non achegaba información ao modelo e diminuía en máis de cinco puntos o nivel de varianza explicada.

O modelo multidimensional obtido explica un 68,7% de varianza; a primeira dimensión explica un 39% e a segunda un 29,7%. A lingua habitual sitúase case unicamente na dimensión 1 cun peso de 0,551, fronte ao 0,027 na dimensión 2. Nesta primeira dimensión a distribución das variables por importancia é a seguinte: lingua habitual (0,581), estudos (0,569), hábitat de residencia (0,336), idade (0,270) e ocupación (0,231).





<p><b>OCUPACIÓN:</b></p> <p>0: Profesionais das Forzas Armadas</p> <p>1: Profesionais, técnicos e similares</p> <p>2: Membros do Goberno, altos directivos da Administración Pública e da empresa privada</p> <p>3: Propietarios e xerentes de hostalería, comercio e agricultura</p> <p>4: Cadros medios</p> <p>5: Capataces e persoal encargado en actividades de servizos persoais</p> <p>6: Persoal administrativo e similar</p> <p>7: Comerciantes, vendedores e similares</p> <p>8: Persoal dos servizos</p> <p>9: Traballadores cualificados e semicualificados</p> <p>10: Traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

**Figura 2.39.** Modelo multivariante da relación entre a lingua habitual e variables sociodemográficas

As variables que máis correlacionaron coa lingua habitual son o hábitat de residencia e os estudos, con puntuacións de 0,366 e 0,290 respectivamente.

O mapa perceptual que presentamos na figura 2.39 recolle as categorías das variables implicadas no modelo. Para a súa interpretación hai que partir de que as dúas opcións de lingua habitual correspondentes ao castelán (só e máis castelán) se sitúan na dimensión 1, nos cuadrantes esquerdos, mentres que as relativas ao galego (só e máis galego) aparecen nos cuadrantes da dereita. Da lectura deste mapa pódense tirar dous perfís diferenciados segundo as variables sociodemográficas analizadas:

- Perfil castelanfalante. Caracterizado por persoas que viven en hábitats urbanos, con estudos universitarios, bacharelato ou, en menor medida,

de FP. As ocupacións máis relacionadas con este perfil son as das Forzas Armadas; persoal administrativo ou similar; profesionais, técnicos e similares; cadros medios; membros do Goberno, altos directivos da Administración Pública e privada; e, en menor medida, comerciantes, vendedores ou similares. As persoas deste perfil son as máis novas da mostra, é dicir, con menos de 34 anos.

- Perfil galegofalante. Constituído por persoas que viven en hábitats de menos de 10.000 habitantes e sen estudos ou con estudos primarios. As ocupacións máis relacionadas son os traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas, traballadores cualificados e semicualificados, propietarios e xerentes de hostalería, comercio e agricultura e, en menor medida, o persoal de servizos. A variable idade indica que a categoría máis relacionada coa lingua habitual se refire ás persoas do tramo de maior idade da mostra, é dicir, entre 45 e 54 anos.

### 2.18.2. *Modelo sociolingüístico*


Neste modelo inclúense as seguintes variables sociolingüísticas que foron significativas nas análises bivariantes iniciais:

- Lingua habitual.
- Lingua inicial.
- Falar galego.
- Falar castelán.
- Lingua das clases en primaria.
- Lingua das clases en secundaria.

Os resultados presentan un modelo que explica o 76,4% da varianza, onde a primeira dimensión contribúe co 42,2% e a segunda, co 34,2%. A lingua habitual pesa moito na primeira dimensión (0,676) e algo menos na segunda (0,463).

Analizando os resultados desde o enfoque da variable lingua habitual atopamos as seguintes relacións (figura 2.40):

- Nos cuadrantes da dereita da gráfica sitúanse os enquisados que declararon falar só ou máis galego. Os resultados asócianse en maior medida con recibiren as clases nesta lingua, tanto en primaria como en secundaria, coas competencias máis altas na expresión oral en galego e coas máis baixas na expresión oral en castelán, aínda que neste último resultado existe unha gran variabilidade. A lingua inicial está moi relacionada coa lingua habitual (0,712), polo que as categorías dunha e outra lingua nestes cuadrantes aparecen moi próximas.
- Nos cuadrantes da esquerda figuran os entrevistados que se declararon monolingües en castelán. Caracterízanse por recibiren as clases unicamente en castelán, sobre todo en primaria e por unha competencia para falar galego, en xeral, baixa. Estes suxeitos adoitan ter como lingua inicial só castelán ou outras linguas.



**Figura 2.40.** *Modelo multivariante da relación entre a lingua habitual e variables sociolingüísticas*

- Finalmente nos cuadrantes inferiores, atópanse os bilingües con predominio do castelán. Diferéncianse dos anteriores, en especial, no que fai referencia ás competencias en galego e castelán. O perfil competencial destes usuarios caracterízase pola percepción de que posúen unhas altas destrezas orais tanto en galego como en castelán. Asíciáanse coas clases impartidas maioritariamente en castelán tanto en primaria como en secundaria. Por outra banda, a súa lingua inicial coincide coa que caracteriza o cuadrante, a de maioría castelá.

### 2.18.3. *Modelo ideolóxico*

Por último, estudamos a relación entre as diferentes variables de carácter ideolóxico e a lingua habitual:

- Lingua habitual.
- Conciencia nacional.
- Definición de comunidade autónoma.
- Autopercepción ‘ser galego’.
- Orientación política.


A solución obtida no modelo explica unha porcentaxe de varianza do 64,7%. A primeira dimensión do modelo contribúe co 38%, mentres que a segunda achega o 26,7%. A lingua habitual pesaría máis na segunda dimensión (0,576) que na primeira (0,299).

A variable con máis peso do modelo é a de conciencia nacional, seguida da definición de Comunidade Autónoma, a orientación política e, por último, a autopercepción de ser galego.

Nas análises observouse que todas as variables están presentes tanto na primeira dimensión coma na segunda, excepto o ítem de definición da Comunidade Autónoma.

Se seguimos a parábola que percorre a primeira e segunda dimensións na figura 2.41 observamos que existe unha alta relación entre ter como lingua habitual máis castelán ou, especialmente, só castelán e sentirse unicamente español, máis español ca galego, as puntuacións 3, 4 e 5 de orientación política, un concepto da Comunidade Autónoma concibida como unha rexión e unha autopercepción 'ser galego' entendida como nacer en Galicia ou vivir aquí (cuadrantes da esquerda). Isto é, existe un perfil numeroso de castelanfalantes que definen a Comunidade Autónoma como unha rexión, cunha orientación política inclinada á dereita e unha conciencia nacional predominante española.

Pola contra, existe un perfil de galegofalantes orientados ideoloxicamente á esquerda, representados polos cuadrantes dereitos da figura 2.41, que se senten unicamente galegos, conciben a Comunidade Autónoma como unha nación e perciben 'ser galegos' como expresarse en lingua galega.



**Figura 2.41.** Modelo multivariante da relación entre a lingua habitual e variables ideolóxicas

Nos resultados tamén se observa un perfil de bilingües (cuadrantes inferiores da figura 2.41) cunha ideoloxía de esquerdas ou de centro, que

conciben a comunidade autónoma como máis galega que española ou tan galega como española segundo estean máis cerca da opción bilingüe en galego ou da bilingüe en castelán, respectivamente. A súa percepción de ser galego estaría relacionada cunha persoa que vive en Galicia ou se sente galega. Este grupo de individuos non se decantaría claramente na súa definición da Comunidade Autónoma, que se cingue especificamente á dimensión 1.

O perfil máis numeroso sería o composto por monolingües en castelán e por suxeitos bilingües, o menos numeroso o integrado por galegofalantes.

## 2.19. Síntese do capítulo

Nos diferentes apartados que forman este capítulo analizouse a distribución da lingua habitual na poboación galega con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos, as súas diferenzas respecto dos datos obtidos en 1992 e a relación entre o uso lingüístico e un amplo abano de variables de tipo sociodemográfico, sociolingüístico e sociolóxico.

A distribución xeral da lingua habitual amosou, dun lado, o predominio do bilingüismo, especialmente na modalidade do castelán, cun 35,3% dos enquisados. Por outro lado, sumando as opcións monolingües e bilingües observouse que o uso do galego é minoritario, co 38,4% do total.

As tendencias máis salientables da evolución da lingua habitual foron, por unha parte, o retroceso do monolingüismo en galego contra o incremento do monolingüismo en castelán e, por outra, o incremento do bilingüismo preferente en castelán contra o descenso do preferente en galego. Estes resultados evidenciarían unha tendencia marcadamente asimétrica na distribución das dúas linguas en contacto.

A análise da interrelación entre a lingua habitual e a lingua inicial indica a maior fidelidade lingüística dos bilingües iniciais, especialmente nos que partiron inicialmente do uso maioritario do castelán (73,5% contra 63,5%). A porcentaxe de mantemento entre os monolingües iniciais, malia asemellarse máis nunha e noutra lingua, tamén foi inferior no caso do galego (58,8% contra 55,5%). Coa suma das opcións bilingüe e preferente, a retención do castelán situouse 13,3 puntos por riba da do galego.

A evolución da asociación entre a lingua inicial e a lingua habitual nos datos do MSG-04 en relación cos do MSG-92 amosou un maior mantemento do monolingüismo, especialmente marcado nos castelanfalantes iniciais.

Así pois, as tendencias observadas no cambio de lingua segundo o uso habitual virían ratificar a delicada situación da transmisión do galego que adiantou o volume anterior do MSG-04 sobre competencia e lingua inicial (MSG-04, 2007).

A interrelación entre a lingua habitual e a capacidade para falar o galego mostra que o uso do galego é maior conforme a competencia se percibe máis alta. Con todo, chama a atención a elevada porcentaxe de castelanfalantes

habituais no nivel máis alto de competencia en galego, o 48,2% contando só castelán e máis castelán.

A comparación entre o MSG-92 e o MSG-04 indicou tamén un descenso do uso nos niveis máis elevados da capacidade para falar galego, o que, relacionado coa mellora desa destreza e o citado descenso xeral no seu emprego reflectiu que a mellora na percepción das competencias en galego non se traduciu nun incremento do seu uso oral. Estes resultados apuntaron á dificultade de facilitar o hábito de falar o galego partindo dun modelo de competencia que primaría a escrita sobre a oralidade.

A análise da distribución de falantes segundo o seu lugar de nacemento ratificou a coñecida relación entre o maior uso do castelán e hábitat de nacemento máis urbano. Nese sentido, o tamaño poboacional do concello de nacemento resultou unha variable con gran capacidade de influencia, cunha diferenza de 53,4 puntos no uso do galego entre os extremos por continuo rural-urbano. Con todo, e malia as diferenzas metodolóxicas dos ítems referidos ao hábitat, a comparación entre o MSG-92 e o MSG-04 suxeriu unha redución importante das distancias dentro dese continuo; fronte á estabilidade na relación entre uso do castelán e procedencia urbana, nos restantes hábitats produciríase unha perda importante de uso do galego. Cómpre tamén salientar o incremento do monolingüismo, especialmente do castelán, observado nas cidades.

A relación entre lingua habitual e hábitat de residencia reiterou o peso da compoñente territorial sobre o uso lingüístico en Galicia. Abonda con recordar o 70% de falantes de só galego e máis galego nos concellos de menos de 5.000 habitantes e o 75,7% de usuarios monolingües e maioritarios en castelán nos de máis de 50.000.

En relación cos datos de 1992, as tendencias máis relevantes por hábitat de residencia foron a estabilidade do uso monolingüe en galego no urbano e a forte caída no rural, o avance do monolingüismo en castelán especialmente no urbano, a notoria perda de 'máis galego' nos hábitats intermedios e a considerable suba de 'máis castelán'.

Os datos amosaron unha importante heteroxeneidade na distribución da lingua habitual por cidades. A opción maioritaria, agás en Ferrol e Vigo, foi o bilingüismo con predominio do castelán. Estas cidades amosaron un predominio do monolingüismo en castelán (57,5% e 45,5% respectivamente). Ferrol e Vigo, xunto coa Coruña presentaron unha maior presenza do castelán: Ferrol (85%), Vigo e A Coruña (81,9%). A opción minoritaria, pola contra, foi o monolingüismo en galego, que non subiu do 13,4% de Lugo. O maior uso do galego rexistrouse en Santiago (41,9%) e en Lugo (40,5%).

Os mapas perceptuais obtidos mediante análises de correspondencias da lingua habitual por cidades indicaron o dinamismo sociolingüístico dos espazos urbanos. Este foi máis marcado en cidades como Ferrol e Vigo, cun reforzamento na asociación co castelán e na Coruña, onde descendeu a asociación con esta lingua.

Malia a escasa variabilidade da capacidade para falar o castelán que, como o resto de destrezas nesa lingua acada un dominio practicamente pleno en

Galicia, observouse unha relación negativa entre uso do galego e dominio oral do castelán. Fronte ao valor 3,8 (na escala de 1 a 4) que acadou a media xeral da competencia oral en castelán, nos monolingües en galego esta reduciuse a 3,49. Neste grupo aprecíase unha tendencia menor a situar o seu dominio no nivel máis alto da escala (o 63% contra o 84,4% na poboación xeral).

A análise da lingua habitual segundo a conciencia nacional indicounos unha maior inclinación a falar galego conforme aquela se define en maior medida como galega. A influencia identitaria na lingua habitual resultou máis clara na relación entre conciencia nacional unicamente española e uso desa lingua, pois o 86,2% dos que optaron por esa definición falan só ou preferentemente castelán. No outro polo da variable, o 67,2% dos que escolleran a opción unicamente galega falaría habitualmente galego.

O MSG-04 ratificou o mantemento da relación amplamente estudada en Galicia entre uso do galego e baixo nivel educativo. O emprego desta lingua segue a ser predominante nos grupos con menor nivel de estudos, onde acadou o 82,7% nos que teñen menos de 5 anos de escolarización e o 61,7% nos que teñen estudos primarios, contra o 27,2%, 55,5 puntos porcentuais menos, no grupo de universitarios.

A comparación cos datos do MSG-92 apunta a unha perda de uso do galego especialmente marcada nos grupos de estudos primarios completos ou ESO e de FP (20,1 e 20,4 puntos, respectivamente), mentres que esta tendería a diminuír a medida que se ascende no nivel educativo. No nivel de estudos universitarios as diferenzas redúcense a uns 6 puntos, o que indicaría unha tendencia á redución do déficit educativo asociado ao uso do galego.

A análise da lingua habitual segundo a utilizada nas clases en primaria amosou un aumento do uso monolingüe do castelán a medida que este incrementaba a súa presenza no ensino. Esta influencia quedou reflectida no 34,3% de monolingües en castelán que recibiron todas as clases en castelán contra o 8,4% nos que tiveron practicamente todo en galego.

Dada a existencia dunha regulación sobre o número mínimo de materias en galego no ensino desde o Decreto 247/1995, sondouse o seu efecto analizando a lingua das clases en primaria no grupo de idade afectado por esa normativa, o de 15 a 18 anos. A conclusión foi a escaseza de docencia en galego nos usuarios habituais desta lingua. No grupo de monolingües en castelán só o 14,3% tivo máis clases en galego, mentres que no de máis castelán, as diferenzas no uso docente entre os dous idiomas, aínda que menores, acadaron 63,1 puntos a favor do castelán. No sentido contrario, un 41,1% dos monolingües en galego e un 48,4% dos bilingües de maioría nesa lingua tiveron máis clases en castelán.

O uso monolingüe en castelán tamén vai asociado á maior presenza deste idioma no ensino. O grupo de idade afectado pola regulación das linguas no ensino, o de 18 a 21 anos, recibiu un maior número de clases en castelán, aínda cando a súa habitual fose o galego. En relación cos datos referidos á primaria, os da secundaria amosaron unha menor adaptación da lingua da docencia ao uso do galego no alumnado.

Os datos do MSG-04 sosteñen a tendencia amplamente estudada de retroceso do uso do galego ao descender a idade. Malia o predominio do bilingüismo en todos os grupos de idade, observouse un cambio da lingua predominante, que no grupo máis vello é o galego, cun 29,8%, e no máis novo, o castelán, cun 47,7%.

Con todo, observáronse no grupo máis novo, o de 15 a 24 anos, dous trazos significativos:

- A ralentización da perda de galegofalantes.
- Un pequeno incremento nos dous usos monolingües.

A ralentización na perda de galegofalantes presenta unha importante homoxeneidade territorial, unicamente interrompida no tramo de 10.001 a 20.000 habitantes. Tocante ás cidades, todas agás Lugo e Ferrol coincidiron na estabilización da perda de galegofalantes.

Por outro lado, na interrelación entre lingua habitual, idade e hábitat de residencia destaca unha maior perda de uso do galego coa menor idade nos concellos cun tamaño comprendido entre os 5.001 e os 50.000 habitantes. Os de menos de 5.000 e de máis de 50.000 serían, pola contra, os máis homoxéneos respecto á lingua habitual por idades. Das sete grandes cidades, as maiores diferenzas por idade observáronse en Ourense e Pontevedra, mentres que as menores se deron en Santiago e A Coruña.

Na liña deses resultados, a comparación entre o MSG-92 e o MSG-04 confirma a interrupción da tendencia á perda de uso do galego na poboación máis nova e suxire unha probable inversión respecto do actual retroceso do galego.

A comparación dos usos do galego e do castelán coas categorías utilizadas para definir o concepto de Galicia relacionou o maior emprego do castelán cunha tendencia algo superior a entendela como rexión. Nese sentido, o 64% dos que escolleron esa categoría optou polo castelán como lingua de uso único ou preferente. Non se atopou, pola contra, evidencia dunha relación entre uso lingüístico e consideración como nación. A porcentaxe de galegofalantes que escollen esta opción supón o 51%, e a categoría da lingua habitual que predomina é máis castelán (33,6%). Nos usos monolingües observouse tamén unha maior correspondencia castelán-rexión (28,4%) ca galego-nación (22%). Destes resultados desprendeuse unha relación máis evidente entre a consideración de Galicia como unha rexión e o uso do castelán ca entre a definición como nación e o uso do galego.

Os datos do MSG-04 ratifican tamén a relación entre uso lingüístico e tipo de ocupación profesional. O único grupo onde o galego amosou un predominio claro foi o de traballadores agrícolas e non cualificados non agrícolas. Pola contra, as profesións máis castelanizadas foron as das Forzas Armadas, as de tipo administrativo e as que agrupan os profesionais titulados. Dada a crecente relevancia das profesións relacionadas coa esfera do coñecemento e da xestión, o feito de que persista esa asociación entre uso do galego, baixa cualificación e sector produtivo primario ten unha significación negativa para o porvir da lingua.



Na autopercepción de ser galego, o feito de falar a lingua propia de Galicia amosou unha importancia marxinal (3%). Na escolla desa opción rexistrouse a maior porcentaxe de galegofalantes (54,5%), mentres que nas de sentirse galego e nacer en Galicia, que foron as respostas predominantes no conxunto da mostra, observouse un maior uso do castelán (60,3% e 65,8% respectivamente).

A análise da interrelación entre a lingua habitual e a orientación política indica unha tendencia ao maior uso do galego nos extremos do continuo ideolóxico e ao aumento do emprego monolingüe do castelán ao pasaren da esquerda á dereita. Malia isto, as diferenzas atopadas non permitiron concluír que exista unha asociación entre emprego do galego e orientación ideolóxica.

As mulleres amosaron un grao de uso do galego lixeiramente inferior ao dos varóns (34,5% contra 42,2%). As maiores diferenzas déronse no bilingüismo maioritario en castelán, que nas mulleres acada o 29,7% e nos varóns o 22%, 7,7 puntos menos.

A interrelación entre lingua habitual, xénero e nivel educativo ou ingresos proporcionou resultados parcialmente coincidentes co padrón denominado *modelo sociolingüístico de xénero*. Os datos amosaron que, a partir dun nivel soleira de estudos e ingresos, as mulleres tenden a usar menos o galego, especialmente, na clase media-baixa.

A natureza da relación entre a lingua habitual transcende, pola súa complexidade, a dunha dependencia simple, onde a variabilidade da lingua habitual se explicaría na súa totalidade polo efecto de cada unha das variables independentes. Dada a posibilidade de interacción mutua entre as diferentes variables consideradas aplicouse a metodoloxía de análise multivariante. A técnica escollida foi a análise de correspondencias múltiples, que permitiu detectar agrupamentos ou perfís de individuos con base nas semellanzas nas puntuacións de diferentes variables e representalos nun mapa perceptual.

Deste procedemento analítico tiráronse tres modelos diferenciados asociados á lingua habitual: o sociodemográfico, o sociolingüístico e o ideolóxico.

Mediante a análise de correspondencias múltiples da lingua habitual e diferentes variables sociodemográficas, establecéronse dous perfís diferenciados de falante. Un deles é o perfil castelanfalante, asociado sobre todo á residencia no contorno urbano, aos niveis de estudos superiores á primaria, aos sectores profesionais das Forzas Armadas, administrativos e técnicos superiores e aos grupos de menor idade. O outro é o perfil galegofalante, máis relacionado coa residencia en concellos de menos de 10.000 habitantes, cos niveis educativos máis baixos, coa ocupación no sector agrícola e, en menor medida, nos da hostalería, o comercio e os servizos, e cos grupos de maior idade.

A análise multidimensional da lingua habitual e diferentes variables sociolingüísticas amosou tres perfís de falantes:

Os monolingües en galego e bilingües con predominio desa lingua caracterízanse por recibiren as clases en galego, tanto en primaria como en

secundaria, por teren as competencias máis altas na expresión oral en galego e por seren galegofalantes iniciais.

Os monolingües en castelán relaciónase con ter recibido as clases unicamente en castelán, sobre todo en primaria, cunha competencia para falar galego en xeral baixa, e con ter como lingua inicial só castelán ou outras linguas.

Os bilingües con predominio do castelán, integrado pola maior parte dos enquisados, asóciase coa percepción dunha elevada competencia para falar tanto en galego como en castelán, e con ter recibido as clases maioritariamente en castelán, tanto en primaria como en secundaria.

En canto á interacción da lingua habitual con diferentes variables ideolóxicas observáronse tamén tres perfís:

Os bilingües orientados ideoloxicamente ao redor do centro-esquerda, o máis numeroso que, que conciben a Comunidade Autónoma como máis galega ca española ou tan galega como española segundo a lingua predominante no seu uso bilingüe sexa o galego e o castelán, cunha percepción do ser galego baseada na residencia en Galicia ou no sentimento de pertenza e con respostas heteroxéneas en canto á definición de Comunidade Autónoma.

Os castelanfalantes, que definen a Comunidade Autónoma como unha rexión, cunha orientación política de dereitas e cunha conciencia nacional fundamentalmente española.

Os galegofalantes monolingües ou preferentes, orientados ideoloxicamente á esquerda, o máis minoritario, que se senten unicamente galegos, conciben a Comunidade Autónoma como unha nación e relacionan o ser galego con expresarse en lingua galega.

### 3

## Lingua do pensamento

A exploración da lingua que o enquisado di empregar habitualmente como soporte do seu pensamento constitúe unha achega novidosa ao coñecemento do uso lingüístico en Galicia. Trátase dunha dimensión pouco atendida nos estudos sociolingüísticos de tipo cuantitativo, nos que se adoita considerar o uso como un comportamento social manifesto e, polo tanto, observable.

A posibilidade de realizar por primeira vez un estudo sobre a lingua utilizada en Galicia para a comunicación interior, e de analizar as relacións entre a linguaxe interior e a expresa xustifican a inclusión deste apartado no MSG-04. A utilización da lingua no pensamento neste volume constitúe outra referencia para coñecer o uso habitual.


No cuestionario do MSG-04 incorporouse un ítem específico dirixido a analizar a lingua utilizada na comunicación interior, ao considerala de interese nunha situación de linguas en contacto como a galega (cadro 3.1).

P. 28. En que lingua pensa habitualmente?
Só galego
Máis galego ca castelán
Máis castelán ca galego
Só castelán
Outras
NS/NC (NON LER)

**Cadro 3.1.** *Ítem empregado no MSG-04 para sondar a lingua do pensamento*

### 3.1. Datos xerais do lingua do pensamento

A figura 3.1 amosa a distribución xeral da lingua na que os enquisados apoian o seu pensamento:



**Figura 3.1.** Lingua do pensamento en Galicia

De acordo cos resultados obtidos, máis dos dous terzos dos entrevistados, (o 68,3%) di pensar só nunha lingua, o 44,4% apoia-se no castelán e, en cambio, só o 23,9% declara facelo en galego, 20,5 puntos porcentuais por debaixo. Nas categorías bilingües conséntase tamén certo predominio do castelán, 8,6 puntos por riba do galego.

### 3.2. Variables sociolingüísticas e sociolóxicas que influen na lingua do pensamento

	F/T	Sig. Aproximada
lingua habitual	5252,467	<0,001
lingua inicial	2727,512	<0,001
capacidade para falar galego	546,666	<0,001
hábitat de nacemento	509,209	<0,001
hábitat de residencia	331,639	<0,001
capacidade para falar castelán	280,541	<0,001
conciencia nacional	241,772	<0,001
estudos	186,740	<0,001
lingua das clases primaria	125,355	<0,001
idade	78,758	<0,001
xénero	39,589	<0,001


**Táboa 3.1.** Variables sociolingüísticas e sociolóxicas que influen na lingua do pensamento. Proba ANOVA ONE WAY / T de Student

Co obxecto de dispor dunha base para saber cales son as variables máis relacionadas coa lingua do pensamento e describir os cruzamentos correspondentes, analizáronse as varianzas das medias mediante o método de ANOVA. No caso do xénero, ao tratarse dunha variable con dúas categorías de resposta optouse pola proba T para mostras independentes. Na táboa 3.1

recóllense, segundo a orde de importancia, as variables nas que se verificou que as diferenzas eran significativas<sup>32</sup>.

### 3.3. Lingua do pensamento segundo a lingua habitual

A lingua habitual é a variable que garda maior relación co uso subvocal. Segundo se pode apreciar na figura 3.2 a correspondencia das categorías monolingües da lingua habitual e a do pensamento acada o 82,9% no caso galego e o 88,5% no castelán.



**Figura 3.2.** Lingua do pensamento segundo a lingua habitual

Fronte á maior converxencia entre lingua de uso e lingua do pensamento nos monolingües habituais, os usuarios das dúas linguas amosan unha clara tendencia a recorrer á lingua dominante do seu bilingüismo para a comunicación interior. Esta conduta dos bilingües é máis marcada na opción máis castelán (54%) que na opción máis galego (43,3%).

O resultado da maior tendencia ao monolingüismo no pensamento resulta lóxico, dado que neste uso non intervén a negociación da lingua, presente habitualmente nas interaccións sociais que inflúen na lingua habitual.


#### 3.3.1. Comparación entre a lingua do pensamento e a lingua habitual

A comparación da distribución xeral da lingua do pensamento e da lingua habitual reflicte a incidencia do contorno social no aumento do bilingüismo. Na

<sup>32</sup> As variables analizadas mediante ANOVA sometéronse a contrastes posteriores polo método de Tuckey-b.

figura 3.3 obsérvase a maior inclinación a usar só unha lingua no proceso do pensamento, con diferenzas respecto do uso habitual que acadan 18,6 puntos na opción só castelán e 8,1 na de só galego, e un uso bilingüe 27,3 puntos inferior no pensamento ca no uso habitual.

Fronte ás elevadas diferenzas que amosan as categorías de ambas as variables, as sumas das opcións monolingües e preferentes (só galego + máis galego e só castelán + máis castelán) proporcionan resultados máis semellantes. Isto coincide cos resultados do apartado anterior, que sinalaban a tendencia dos bilingües habituais a usaren a lingua dominante para apoiar o seu pensamento. Con todo, obsérvase un uso algo inferior do galego (descende 3,5 puntos) e lixeiramente superior do castelán (incrementase 2,9 puntos).




**Figura 3.3.** Comparación entre a lingua do pensamento e a lingua habitual

Co fin de coñecer a distribución do uso do galego para pensar en comparación co uso habitual analizáronse as porcentaxes de galegofalantes (só galego + máis galego) por tramos de idade en ambas as variables (figura 3.4).

As diferenzas entre lingua habitual e lingua do pensamento tenden a desaparecer consonte se descende na escala de idade. En relación con este resultado cómpre reparar no feito de que, nos máis novos, a interacción social non implicaría un incremento do uso do galego. Por outro lado, a figura 3.4 amosa o paralelismo do descenso do galego conforme descende a idade nos dous comportamentos, así como a interrupción desa tendencia no grupo máis novo<sup>33</sup>.


<sup>33</sup> A relación entre lingua de pensamento e idade estúdase no apartado 3.12 deste capítulo.



**Figura 3.4.** *Uso do galego (só galego + máis galego) como lingua habitual e como lingua do pensamento segundo a idade*

### 3.4. Lingua do pensamento segundo a lingua inicial


A análise desta relación (figura 3.5) confirma a tendencia xa vista no apartado anterior a usar unha soa lingua para pensar. A correspondencia entre as opcións monolingües, lixeiramente inferior neste caso, acada o 77,6% na opción só castelán e o 72,2% na de só galego. Nos bilingües iniciais constátase tamén a inclinación ao monolingüismo no pensamento, máis marcada entre os bilingües de maioría castelá (48%) ca nos de galego (36,8%).



**Figura 3.5.** *Lingua do pensamento segundo a lingua inicial*

### 3.4.1. Comparación entre a lingua do pensamento e a lingua inicial

A comparación entre os valores xerais de ambas as dúas variables (figura 3.6) amosan que o uso interior supera en 11,5 puntos os valores das categorías monolingües da lingua inicial. A distribución é semellante na de só galego, e superior en 8,2 puntos en só castelán. En cambio, por continuo galego-castelán, a distribución é similar á da lingua inicial. Estes resultados indican que a distribución xeral do uso subvocal está máis próxima á da lingua inicial ca a da habitual dos suxeitos, vista no apartado anterior.



**Figura 3.6.** Comparación entre a lingua do pensamento e a lingua inicial


### 3.5. Lingua do pensamento segundo a capacidade para falar o galego

A figura 3.7 amosa que a capacidade para falar galego<sup>34</sup> está fortemente relacionada coa lingua utilizada no pensamento. O 89,2% de quen reconece unha baixa competencia oral activa en galego recorre ao castelán para pensar. Esta correspondencia entre maior uso do castelán no pensamento e menor capacidade para falar en galego vai decaendo a prol dunha tendencia a valerse máis desta lingua para pensar a medida que mellora o seu coñecemento. Non obstante, débese ter en conta que só a terceira parte de quen declara alta competencia oral activa en galego recorra a este idioma para sustentar o seu

<sup>34</sup> A distribución xeral desta variable indicou o elevado dominio desta destreza en Galicia (apartado 2.3 deste libro). No cruzamento coa variable lingua na que pensa habitualmente observouse o predominio do valor máis alto da competencia, o 4, cun 59,4% da mostra (5.471). Seguiulle o valor 3, cun 22,9% (2.113). Nos valores máis baixos, as frecuencias foron moi inferiores: no 1, o 5,4% (500) e no 2, o 12,2% (1.123).



pensamento e que o 31,5% adoite pensar en castelán, hábito que sobe ao 52,5% se se suma a porcentaxe da categoría máis castelán.



Capacidade para falar o galego


**Figura 3.7.** Lingua do pensamento segundo a capacidade para falar o galego

### 3.6. Lingua do pensamento segundo o hábitat de nacemento

A tendencia a sustentar o pensamento nunha soa lingua amosa ser constante en todos os tipos de hábitat de nacemento, especialmente nos extremos do continuo (figura 3.8), onde se acadan os valores máis altos.

Consonte a distribución doutros usos por hábitat, tamén na lingua para pensar se aprecia unha tendencia a apoiarse máis no castelán a medida que aumenta a condición urbana do medio e, en cambio, a valerse máis do galego canto máis rural é este. Máis da metade (52,2%) de quen procede de entidades de menos de 5.000 habitantes di pensar só en galego, valor que sumado a máis galego sobe ao 71,7%. En cambio, o 54,3% dos urbanos declara facelo só en castelán, conduta que acada o 78,7% ao engadirille a categoría máis castelán.


Obsérvase tamén un incremento do bilingüismo, sobre todo o predominante en castelán, a medida que aumenta o tamaño poboacional do hábitat. Entre os tramos 5.001 a 10.000 e 20.001 a 50.000 a suma dos sectores bilingües aumenta do 26,3% ao 38,8%.



**Figura 3.8.** Lingua do pensamento segundo o hábitat de nacemento

### 3.7. Lingua do pensamento segundo o hábitat de residencia

O hábitat de residencia e a lingua do pensamento relaciónanse consonte as tendencias comentadas verbo do hábitat de nacemento (figura 3.9), se ben a asociación do rural coa maior presenza do galego, por unha banda, e do urbano co predominio do castelán, por outra, parece máis feble.




**Figura 3.9.** Lingua do pensamento segundo o hábitat de residencia

Pensar nunha soa lingua é a conduta maioritaria en todos os tipos de hábitat<sup>35</sup>. Non obstante, apréciase unha preferencia polo castelán nos núcleos superiores aos 10.000 habitantes. Dun ao outro extremo do continuo, a opción só galego descende 37,5 puntos (do 49,9% ao 12,4%), e a de só castelán 32,3 (54,7% ao 22,4%) no sentido oposto.

Nos tramos intermedios obsérvase unha tendencia ao aumento do bilingüismo co maior tamaño do hábitat (do 26,4% no tramo de 5.001 a 10.000 ao 37,2% no de 20.001 a 50.000). Este incremento de 10,8 puntos corresponde en boa parte (7,2 puntos) a quen emprega para pensar máis a miúdo o castelán ca o galego.

De acordo coas tendencias sinaladas, a lingua do pensamento desvíase progresivamente do galego ao castelán desde os hábitats de residencia máis rurais aos máis urbanos. A suma das opcións única e preferente do galego amosa un descenso de 42,7 puntos porcentuais entre os extremos do continuo (do 64,6% ao 21,9%), contra o incremento de 42,8 puntos do castelán (do 34,3% ao 77,1%) agás no tramo 20.001 a 50.000 habitantes, onde se observa un lixeiro aumento do uso do galego en relación co tramo de 10.001 a 20.000.

### 3.7.1. Comparación entre o uso do galego como lingua habitual e como lingua do pensamento segundo o hábitat de residencia



**Figura 3.10.** *Uso do galego (só galego + máis galego) como lingua habitual e como lingua do pensamento segundo o hábitat de residencia*

<sup>35</sup> Os datos vistos no capítulo anterior, referido á lingua habitual, amosaban o predominio do bilingüismo en todos os hábitats de residencia (figura 2.12).

A figura 3.10 compara o uso habitual co da lingua utilizada para pensar segundo os resultados das categorías só e máis galego e atendendo ao tamaño poboacional do hábitat de residencia. Nela aprécianse dúas características destacadas: a diminución do emprego do galego co maior carácter urbano e a proximidade dos dous comportamentos.

### 3.8. Lingua do pensamento segundo a capacidade para falar o castelán

A lingua do pensamento amosou unha variación significativa segundo a capacidade para falar o castelán, relación que, malia o dominio xeneralizado desta destreza<sup>36</sup>, se observara tamén na análise da lingua habitual vista no capítulo anterior (apartado 2.6).


No cruzamento coa variable lingua na que pensa habitualmente obtivéronse moi poucas respostas na categoría da competencia máis baixa (56 casos no 1), o que obrigou a recodificar a variable agrupando os valores 1 e 2 da competencia. Logo da recodificación ao valor 1 correspóndelle un N de 323, equivalente ao 3,5%; ao 2, 1.130 individuos, 12,2%; e á maior competencia, 7.846 suxeitos, o 84,4%.

Tal e como indica a figura 3.11, o maior uso do galego no pensamento dáse nos niveis máis baixos da competencia para falar o castelán. No valor 1 (suma dos antigos 1 e 2), a porcentaxe de monolingües en galego ascende ao 67,5%, que, sumados aos bilingües con preferencia do galego, supón o 78,7%. É preciso salientar tamén que nesta categoría é onde se sitúa a maior parte dos que pensan habitualmente noutras linguas (4,3%). Fronte ao esperado destes resultados pola suposta coherencia de que o hábito de pensar nun idioma vai asociado ao seu uso habitual, sorprende que o 12,4% (40 casos) de quen di posuír unha baixa competencia en castelán declare que se vale só desta lingua para pensar.

Conforme o dito no parágrafo anterior, era previsible a redución do uso do galego como lingua de comunicación interior conforme aumenta a capacidade para falar o castelán. No nivel máis alto da competencia en castelán, a porcentaxe de monolingües en galego limitase ao 19,5% e a suma destes cos bilingües que recorren máis ao galego non acada un terzo da mostra (29,4%). Pola contra, neste valor da maior competencia en castelán sobresaie o monolingüismo nesta lingua, cun 48,7% que, sumado ao uso preferente da mesma, supón o 69,9%. En calquera caso, estes resultados débense entender nun contexto no que o 84,4% dos entrevistados declara unha boa capacidade para falar castelán.

Mentres o 69,9% dos entrevistados cunha boa capacidade para falar castelán emprega esta lingua para pensar, só o 47% de quen se considera ben capacitado para falar galego di sustentar o seu pensamento neste idioma (figura 3.11). Existe xa que logo unha maior coherencia entre o coñecemento do castelán e o seu uso como lingua do pensamento ca entre o coñecemento do galego e o seu uso no pensamento.

<sup>36</sup> A media xeral é de 3,8 nunha escala do 1 ao 4 (González González, M. et alii, 2007:226).



Capacidade para falar o castelán


**Figura 3.11.** Lingua do pensamento segundo a capacidade para falar o castelán

### 3.9. Lingua do pensamento segundo a conciencia nacional

A figura 3.12 constata o predominio do monolingüismo en todas as opcións da conciencia nacional e amosa a influencia que exerce esta variable na distribución da lingua do pensamento. Esta interrelación foi sondada anteriormente na análise da lingua habitual (apartado 2.7), onde se advertía un predominio da conciencia nacional compartida (tan galego coma español, 58,6%) no conxunto da mostra.

O cruzamento da lingua do pensamento e a conciencia nacional amosa unha maior relación entre as dúas variables, maior no caso da preferencia polo castelán con sentirse español (79,1% e 68,9%) ca entre a conciencia galega e emprego do galego (52,8% e 31,7%). De xeito semellante ao visto no cruzamento coa lingua habitual, a asociación destas categorías amosa unha progresión ascendente da preferencia polo galego a medida que aumenta a crenza de sentirse galego e do uso do castelán coa maior tendencia a considerarse español.

Sumando as opcións única e preferente das dúas linguas, o uso do castelán para pensar descende do 87,1% no sentimento unicamente español ao 32,9% no unicamente galego. Tocante ao galego, o seu uso ascende do 11,7% ao 65,8% conforme a conciencia nacional se define en maior medida como galega. As diferenzas entre ambos os pares indican a maior fortaleza da asociación “español-lingua castelá” ca da “galego-lingua galega”, o que reforza a hipótese da menor relevancia do uso do galego como elemento identitario.



**Figura 3.12.** *Lingua do pensamento segundo a conciencia nacional*


Débesse resaltar, finalmente, que na opción tan galego coma español, a preferida polos entrevistados, predomina o monolingüismo en castelán, cun 46,4%, contra o 20,6% de só galego. Sumando os valores bilingües, o uso do castelán en quen di compartir nacionalidade por igual galega e española supón o 68% fronte ao 31,1% que se apoiaría no galego.

### 3.10. Lingua do pensamento segundo o nivel de estudos

A figura 3.13 mostra o predominio da preferéncia por unha soa lingua en todos os niveis educativos e o desprazamento do galego polo castelán a partir dos estudos secundarios obrigatorios.

No tramo de menos de 5 anos de escolarización, algo máis da metade (55,1%) declara pensar só en galego. Con todo, se se engade a porcentaxe de quen di recorrer máis ao galego, o valor ascende ao 74,8%. Pola contra, as menores porcentaxes de uso do galego atópanse no nivel de bacharelato, onde o monolingüismo en castelán ascende ao 54,1% e o seu uso só e preferente supón o 74,2%.


Na figura hai que salientar tamén a semellanza de resultados nos niveis de estudos secundarios, FP de grao medio e FP de grao superior, dun lado, e os de bacharelato e universitarios, doutro. No primeiro caso as porcentaxes de monolingües en castelán sitúanse entre o 40% e o 50%, e o uso só e preferente do castelán supón arredor do 60%. No segundo caso supéranse as cifras anteriores en ambas as dúas categorías, e rexístrase o menor emprego do galego, 24,8% no bacharelato e 24,5% nos universitarios.



**Figura 3.13.** *Lingua do pensamento segundo o nivel educativo*

### 3.11. Lingua do pensamento segundo a lingua das clases en primaria

A lingua das clases en primaria tamén amosou unha relación significativa coa lingua do pensamento, tal e como se pode observar nos resultados recollidos na figura 3.14. As maiores diferenzas danse entre quen recibiu máis clases en castelán e quen recibiu máis clases en galego, incrementándose as distancias conforme aumenta a presenza dunha lingua ou outra nas clases.



**Figura 3.14.** *Lingua do pensamento segundo a lingua das clases en primaria*

Dada a desigual distribución das categorías da lingua das clases en primaria<sup>37</sup>, é necesario contextualizar estes resultados cos das frecuencias desta variable no conxunto da mostra. Os datos amosan o incremento do monolingüismo en castelán coa maior presenza desta lingua nas clases, ao pasar do 16,4% en quen recibiu practicamente todo en galego (o 3,3% da mostra) ao 53,3% en quen recibiu todo en castelán (o 36,8% dos enquisados).

A suma das opcións só castelán e máis castelán dun lado, e só galego e máis galego doutro, indica o predominio do pensamento en galego en quen recibiu en maior medida clases nese idioma (o 9,1% da mostra) e o do castelán en quen tivo máis clases en español (o 90,9% dos enquisados). As maiores porcentaxes de uso dunha e outra lingua corresponden aos extremos do continuo, cun 75% de uso do galego na categoría practicamente todo en galego e un 69,4% do castelán na opción todo en castelán.

Isto é, da análise deste cruzamento tírase un predominio do uso monolingüe para apoiar o pensamento. A excepción a esta tendencia atópase no valor central da escala, máis en castelán ca en galego (22% da mostra), onde as alternativas bilingües (28,4% a de máis castelán e 12,6% a de máis galego) representan o 41%.

### 3.12. Lingua do pensamento segundo a idade

Na figura 3.15, resultado de cruzar as variables lingua do pensamento e idade dos entrevistados, destacan, por unha banda, a preferencia polo castelán, sobre todo polo uso monolingüe en todos os grupos e, por outra, a medida que se descende na escala de idade, dúas tendencias opostas: o aumento do castelán e a diminución do galego, sobre todo do tramo de 45-54 anos ao de 25-34 e a interrupción desta tendencia no grupo máis novo, de 15-24 anos. Estas tendencias coinciden coas vistas na evolución da lingua habitual (apartado 2.11).

A comparación dos resultados por escala de idade indica mellor a intensidade do proceso (figura 3.15). Do grupo de maior idade ao de 25 a 34 anos o uso de só galego decae 12,3 puntos, en cambio deste último ao máis novo o emprego do galego en conxunto tende a estabilizarse; na categoría monolingüe, aínda que a diferenza de 0,2 puntos non é significativa, apunta cara a unha inversión do fenómeno. Correlato semellante amosa o uso do castelán que, en conxunto entre os dous grupos de menor idade, só aumenta 0,5 puntos, 18,5 por debaixo do que resulta de comparar o grupo de maior idade co de 25-34 anos.

<sup>37</sup> Véx. táboa 2.5 no capítulo 2.






Figura 3.15. Lingua do pensamento segundo a idade

### 3.13. Lingua do pensamento segundo o xénero

A interrelación entre a lingua do pensamento e o xénero, (figura 3.16) denota de novo o predominio do castelán e a tendencia das mulleres a recorrer menos ao galego para pensar ca os homes.





Figura 3.16. Lingua do pensamento segundo o xénero

As maiores diferenzas por xénero, algo máis avultadas ca as referidas á lingua habitual (apartado 2.16 do capítulo anterior), atópanse na categoría só castelán, na que as mulleres superan en 8,6 puntos porcentuais aos varóns. Respecto ao uso de só galego, a porcentaxe de homes que din empregar só galego para pensar é superior en 5,1 puntos á das mulleres.

### 3.13.1. Lingua do pensamento segundo o xénero e a idade

A figura 3.17 presenta os valores da media da lingua na que pensan habitualmente os enquisados segundo o xénero e a idade<sup>38</sup>. Á parte do menor uso do galego nas mulleres visto no apartado anterior, no gráfico apréciase unha tendencia a reducir as distancias por xénero segundo descende a idade. Tamén se constata a interrupción do descenso do uso do galego no grupo de 15 a 24 anos nos dous xéneros.



**Figura 3.17.** Lingua do pensamento segundo o xénero e a idade

### 3.14. Síntese do capítulo

Neste capítulo analizouse a lingua do pensamento en Galicia, dimensión escasamente atendida nos estudos sociolingüísticos de tipo cuantitativo, pero necesaria para unha mellor comprensión do uso lingüístico. Cómpre atender tamén á linguaxe interior e á súa relación coa conduta lingüística expresa. Presentouse a súa distribución na poboación galega con idades comprendidas entre os 15 e os 54 anos, así como a relación entre este uso lingüístico e un abano de variables de tipo sociodemográfico, sociolingüístico e sociolóxico.

A distribución xeral da lingua utilizada no pensamento indicou, dun lado, a tendencia ao monolingüismo na comunicación interior, e doutro, o claro

<sup>38</sup> Os valores oscilan entre o 1 e o 4.

predominio do castelán sobre o galego neste uso (44,4% en só castelán contra 23,9% da opción só galego e 19,6% en máis castelán fronte a 11% na de máis galego).

Na análise da lingua no pensamento segundo a lingua habitual confirmouse a forte preferencia polo uso monolingüe para apoio do pensamento. As maiores correspondencias entre a lingua soporte do pensar e a lingua habitual atopáronse nas categorías monolingües, en tanto que nas bilingües constatouse a tendencia a recorrer á lingua dominante.

A comparación entre a lingua do pensamento e a lingua habitual por idades reflectiu que as diferenzas entre os dous usos tenden a desaparecer nos máis novos. Nestes dous usos tamén se constatou a interrupción na perda de galegofalantes.

A lingua do pensamento presentou maior relación coa lingua inicial que coa lingua habitual. Ademais disto confirmáronse as tendencias ao monolingüismo e ao maior uso do castelán no pensamento.

O cruzamento coa capacidade para falar galego mostrou que a maior competencia en galego maior tendencia a usalo como lingua do pensamento, tanto nos monolingües en galego coma nos bilingües.

A análise segundo o hábitat de nacemento amosou a forte inclinación ao monolingüismo nos dous extremos do continuo rural-urbano e un aumento do castelán a partir do tramo de 10.001 a 20.000 habitantes.

A lingua do pensamento e o hábitat de residencia relaciónanse consonte as tendencias xa comentadas sobre o hábitat de nacemento. O uso do castelán increméntase progresivamente desde os hábitats de residencia máis rurais aos de condición máis urbana, tendencia que se interrompe no tramo de 20.001 a 50.000 habitantes, onde o uso do galego é maior ca no de 10.001 a 20.000 habitantes.

A comparación da lingua interior coa lingua habitual por hábitat de residencia indicou o paralelismo de ambos os dous comportamentos, con distancias menores ca as suxeridas polos datos xerais, sobre todo, nos hábitats de maior tamaño.

Na relación entre lingua de comunicación interior e capacidade para falar o castelán observouse unha redución considerable do uso do galego conforme se incrementa a capacidade para falar o castelán. No nivel máis alto desta destreza, onde se situou o 84,4% da mostra, é maioritario o uso monolingüe do castelán e a suma deste co bilingüe nesta lingua ascende ao 69,9%. Estes resultados contrastaron cos vistos no cruzamento segundo a capacidade para falar o galego, onde se observara unha elevada heteroxeneidade no uso lingüístico no nivel máis alto da competencia.

A análise da lingua no pensamento segundo a conciencia nacional constatou o maior uso do galego conforme a conciencia nacional se define en maior medida como galega, así como a maior fortaleza da asociación entre conciencia nacional española e uso do castelán. Este resultado avala a hipótese

da menor relevancia do uso do galego como elemento identitario, apreciada xa na comparación da idea de nacionalidade coa lingua habitual.

A interrelación entre lingua interior e nivel educativo amosou o predominio do monolingüismo en castelán a partir do nivel de estudos secundarios obrigatorios. O uso do galego, sobre todo na modalidade monolingüe, retrocede progresivamente conforme se incrementan os estudos. Os valores máis baixos corresponden aos tramos de bacharelato e de estudos universitarios.

As maiores distancias segundo a lingua das clases en primaria déronse entre quen recibiu máis clases en galego e quen cursou máis en castelán. As diferenzas increméntanse conforme aumenta a presenza dun ou outro idioma na docencia. O contraste destes resultados cos da distribución xeral da lingua das clases en primaria amosou o predominio da asociación entre recibir máis clases en castelán e o uso desta lingua para apoio do pensamento, seguramente debido a que o 90,9% dos enquisados tiveron máis clases en castelán ca en galego.

Na análise da relación entre lingua do pensamento e idade observáronse, xunto coa preferencia polo castelán en todos os tramos de idade, dúas tendencias de signo oposto conforme a idade descende: a diminución do galego, sobre todo do tramo 45-54 anos ao de 25-34, e a interrupción dese descenso no grupo máis novo, de 15 a 24 anos. Conforme o comentado no capítulo anterior referido á lingua habitual, a interrupción do descenso no uso do galego como lingua de comunicación interior supón outro indicio de posible recuperación do idioma entre a mocidade.

A análise da interrelación entre lingua no pensamento e xénero constatou o menor uso do galego nas mulleres, con diferenzas máis avultadas ca as vistas na análise da lingua habitual no capítulo anterior. A análise desta relación por idades confirmou tamén a tendencia a reducir esta diferenza nos entrevistados máis novos.

## Lingua habitual na lectoescritura

Aínda que a variedade escrita se poida considerar indicador secundario da vitalidade dun idioma respecto da fala, cómpre coñecer o seu uso polo que aquela supón de fixación da norma e de prestixio e referencia para a comunidade.

Neste apartado estúdanse os usos habituais da escrita polos enquisados a partir da información proporcionada polas preguntas do cuestionario sobre o uso habitual da lectura e da escrita:

- En que lingua le habitualmente?
- En que lingua escribe habitualmente?

Ademais, nos capítulos específicos sobre educación e as TIC estudaranse máis polo miúdo os resultados doutros usos relacionados coa escrita e que serven para obter unha visión máis completa do emprego do galego escrito.

### 4.1. Lingua habitual de lectura

#### 4.1.1. *Datos xerais da lingua de lectura*

A información sobre a lingua da lectura provén das preguntas:


- En que lingua le habitualmente?
- En que lingua le/ía habitualmente na escola?
- En caso de utilizar a Internet, en que lingua están escritas as páxinas que consulta habitualmente?

A primeira ten como obxectivo afondar na lectura en xeral, mentres as outras dúas están destinadas a analizar o uso escrito en ámbitos específicos como a escola e as TIC.


Os datos da figura 4.1 indican que o 85,1% da poboación galega le sempre (44,7%) ou habitualmente (40,4%) en castelán e que, pola contra, a porcentaxe que o fai sempre ou habitualmente en galego supón só o 14,1%.

Se comparamos estes resultados cos da lingua habitual analizados no capítulo 2 obsérvase que o uso do castelán na lectura supera en 24,3 puntos o emprego habitual deste idioma.

Este baixo índice de lectura en galego non parece deberse a eivas de coñecemento desta lingua, xa que o 82,1% dos enquisados considera posuír unha boa competencia lectora en galego e só o 17,9% declara ter pouca ou moi pouca capacidade para ler o galego.



**Figura 4.1.** Lingua habitual de lectura



**Figura 4.2.** Comparación entre a lingua habitual de lectura, a lingua de lectura na escola e a lingua de consulta habitual das páxinas web


A figura 4.2 compara os resultados xerais de lectura cos de lectura na escola e na consulta de páxinas web<sup>39</sup>.

<sup>39</sup> Hai que sinalar que o 44,1% da mostra sinalou que non utiliza Internet e polo tanto non pode contestar a pregunta sobre a lingua na que consulta as páxinas web (véx. cap. 9).

Os resultados da lingua utilizada para ler na escola difiren significativamente dos da lingua de lectura habitual. Na escola utilízase menos o galego para ler (só e máis en galego o 9,7%) que a nivel xeral (só e máis en galego o 14,1%). Ademais no uso escolar aumenta o monolingüismo en castelán, do 44,7% pasa ao 52,9%, é dicir 8,2 puntos porcentuais, se ben esta distancia se reduce a 3,8 puntos se se considera a suma de só e máis castelán. Disto despréndese que, de depender estas diferenzas do influxo da escola, esta favorecería un maior emprego do castelán.

Por outra banda, escollendo o 55,9% da mostra que declara utilizar a Internet e contrastando os seus resultados cos de lectura xeral e lectura na escola obsérvase que mentres a nivel xeral hai un 14,1% de persoas que len só ou maioritariamente en galego, na escola esta porcentaxe diminúe a un 9,7% e na Internet aínda se reduce máis (4,5%). Este dato apunta á escasa presenza que ten o galego nas TIC en xeral e na Internet en particular.

Partindo das conclusións obtidas na comparación entre a lingua de lectura xeral e lingua de lectura na escola illouse na mostra o tramo de idade máis novo (15-24 anos) para analizar os posibles influxos dos cambios lexislativos que se produciron no ensino e para obter unha comparación entre estes ámbitos máis fiable.



**Figura 4.3.** Comparación entre a lingua habitual de lectura e a lingua de lectura na escola (tramo de idade 15 a 24)


Os datos deste tramo de idade indican un cambio de tendencia tanto no plano xeral como no ámbito escolar. Aumenta a presenza do galego na lectura no tramo de 15 a 24 anos, diminúen os usos monolingües na escola e aumentan

os bilingües. Complementariamente pódese observar como o uso do galego (só e máis galego) é semellante nos dous ítems, 16% en xeral e 16,3% na escola. A redución do uso monolingüe en castelán e o aumento do emprego bilingüe na escola respecto ao uso xeral no tramo de idade máis novo deben interpretarse como unha minorización do efecto castelanizador visto anteriormente.

#### 4.1.2. Lingua de lectura segundo a lingua habitual

Coñecidos os datos xerais sobre a lingua na que len os galegos afondouse na relación entre este indicador e a lingua habitual (figura 4.4). O trazo principal que se desprende desta análise é que o uso habitual dos castelanfalantes está moi relacionado coa lingua na que len. Non así se se trata de galegofalantes.

Nos resultados obsérvase que o 98,9% dos monolingües en castelán len habitualmente única ou maioritariamente no seu idioma, mentres que só o 59,4% dos monolingües en galego len única ou maioritariamente en galego. Analizando os grupos que falan maioritariamente en castelán e en galego, pódese observar que o primeiro utiliza case exclusivamente o castelán como lingua de lectura (95,9%), mentres que quen fala maioritariamente en galego usa en maior medida o castelán para ler (73,3%). É dicir, entre os castelanfalantes apenas hai suxeitos que utilicen o galego como lingua de lectura, pero nos galegofalantes apréciase unha tendencia moi forte a usar o castelán para ler.



**Figura 4.4.** Lingua de lectura segundo a lingua habitual

#### 4.1.3. Lingua de lectura segundo as competencias lingüísticas


Malia que os resultados xerais sobre a lingua de lectura habitual dos enquisados amosan unha clara preferencia (85,1%) polo castelán, é necesario



coñecer o grao de aproveitamento da competencia lectora dos suxeitos segundo a lingua na que len.

Os datos xerais de comprensión lectora indican que a porcentaxe de persoas que din ter unha baixa competencia lectora en galego non chega ao 18% (González González, M. et alii, 2007), polo que a hipótese da baixa capacidade en galego non abonda para explicar esa escasa presenza do 14,9% do galego na lectura.

Afondando na relación entre lingua de lectura e comprensión lectora (figura 4.5) obsérvase que das persoas que len unicamente en castelán (44,7%), o 72,3% posúe boas ou moi boas competencias en comprensión escrita en galego, é dicir, tería a capacidade para ler pero non a utiliza; e, pola súa parte, no grupo que le maioritariamente en castelán (40,4%), o 89,1% sinala ter tamén unhas altas competencias para ler en galego.




**Figura 4.5.** *Lingua de lectura segundo a comprensión escrita en galego*

Estes datos ratifican que as competencias lingüísticas en galego non son o único motivo, nin o principal para explicar o escaso uso do galego como lingua de lectura.

#### 4.1.4. *Lingua de lectura segundo a idade*


Analizando a evolución da lingua de lectura por grupos de idade (figura 4.6), obsérvase que as porcentaxes máis elevadas de lectura en galego, contando as categorías só e máis galego, prodúcense nos tramos de maior e menor idade, 16,1% e 16% respectivamente. A maiores, o grupo de 15 a 24 anos acada a porcentaxe máis alta (8,18%) de lectura en só galego.

No volume I do MSG-04 (González González, M. et alii, 2007) conséctase un aumento progresivo das competencias lectoras a medida que diminúe a escala de idade. Á vista deste resultado, era previsible que se producise un aumento da presenza do galego na lectura. Non obstante, segundo os datos expostos na figura 4.6 as diferenzas entre un tramo e outro non resultaron significativas.



**Figura 4.6.** Lingua de lectura segundo a idade

#### 4.1.5. Lingua de lectura segundo o hábitat de residencia




**Figura 4.7.** Lingua de lectura segundo o hábitat de residencia

En canto ao hábitat de residencia, atopamos a mesma tendencia que na lingua oral. Nos núcleos de menos de 5.000 habitantes faise un maior uso do galego, tanto só como maioritario, como lingua de lectura (28,7%). Pola contra, no urbano o seu emprego só supón o 10,7%.

#### 4.1.5.1. *Lingua de lectura nas sete cidades principais*

Coñecidos os resultados da lingua de lectura segundo o hábitat de residencia descendeuse á análise das sete grandes cidades galegas.

Santiago de Compostela acada os valores máis altos de uso do galego, sumando as categorías só e máis, cun 18,2%. De feito, este valor é superior a todos os tramos de hábitat excepto ao de menos de 5.000 habitantes. No polo oposto sitúanse A Coruña (8,1%), Ferrol (8,5%) e Vigo (9,3%). Na segunda destaca o alto uso monolingüe do castelán (67,3%) para ler.




**Figura 4.8.** *Lingua de lectura nas sete cidades principais*

#### 4.1.6. *Lingua de lectura segundo o nivel de estudos*

A distribución pola variable estudos (figura 4.9) indica que os enquisados con menor nivel académico (sen estudos, primarios e ESO) empregan máis o galego para ler ca os dos niveis altos (Bacharelato e universitarios). Fronte ao 35,3% das persoas sen estudos ou ao 18,2% de quen acadou os primarios que lerían só ou maioritariamente en galego, pouco máis da décima parte (o 11,7%) dos bachareis e universitarios din facelo neste idioma.

Estes resultados apuntan á relación entre usos orais e escritos, e apoian a interpretación do escaso aproveitamento da competencia lectora en galego sinalada no apartado 4.1.3.



**Figura 4.9.** Lingua de lectura habitual segundo o nivel de estudos

## 4.2. Lingua habitual da escrita

### 4.2.1. Datos xerais da lingua da escrita


Os datos sobre a lingua da escrita obtivéronse dos seguintes ítems:

- En que lingua escribe habitualmente?
- En que lingua escribe/ía habitualmente na escola?
- En que lingua escribe habitualmente cando ten que deixar unha nota a alguén?
- En que lingua escribe habitualmente os correos electrónicos?


Esta serie de preguntas teñen como obxectivo procurar unha visión xeral do uso escrito e sondar a súa presenza en ámbitos específicos como a escola ou as TIC nos que afondará este traballo en capítulos posteriores.

Á pregunta sobre a lingua na que escribe habitualmente (figura 4.10) a maioría dos entrevistados (81,4%) respondeu usar única ou maioritariamente o castelán; deles, case a metade (49,5%) declarou escribir só nesa lingua. Pola contra, unicamente o 18% (sumando só e máis) di escribir en galego, é dicir, menos de 2 de cada 10 galegos usarían o galego para escribir.

O uso escrito presenta diferenzas significativas segundo o grao de formalidade do contexto (figura 4.11). Os enquisados utilizan máis o galego na escrita se se trata dun uso informal. O 26,2% dos suxeitos emprega única ou maioritariamente o galego para escribir unha nota fronte ao 18% na escrita habitual, o 10,5% que o usa nas mensaxes de correo electrónico ou o 9,6% da escola. Tamén na lingua escrita é máis frecuente o emprego do galego nos usos informais ca no ámbito escolar. Estes últimos son mesmo menores que nun contexto tan pouco propenso cara ao galego como é o das TIC, como xa se indicou ao comentar a lingua de lectura.



**Figura 4.10.** *Lingua da escrita*



**Figura 4.11.** *Comparación entre a lingua habitual da escrita, a lingua para escribir unha nota, a lingua da escrita na escola e a lingua de redacción das mensaxes electrónicas*

#### 4.2.2. Lingua da escrita segundo a lingua habitual


Coñecido o influxo da lingua habitual sobre outros usos lingüísticos vexamos se tamén inflúe na escrita.

Os resultados da figura 4.12 indican que os entrevistados que falan só en castelán escriben única ou maioritariamente (98,1%) nese idioma. Pola contra, só a metade (54,4%) das persoas monolingües en galego escribe única ou maioritariamente na súa lingua, e o 20,4% declara facelo só en castelán.


Respecto ao uso escrito nos bilingües, a metade (51,6%) dos que falan maioritariamente en castelán escribe só neste idioma. Quen fala maioritariamente

en galego opta, en cambio, por escribir maioritariamente en castelán (40,9%) ou só (24,1%) nesta lingua.

En definitiva, os datos deste cruzamento reflicten un notorio dominio do castelán no uso escrito, sobre todo entre os usuarios habituais deste idioma. No caso dos galegofalantes, o hábito de escribir en castelán é práctica bastante común. Case dous terzos (65%) dos bilingües de maioría galego e case a metade (45,2%) dos monolingües nesta lingua empregan o castelán para escribir.



**Figura 4.12.** *Lingua da escrita segundo a lingua habitual*



**Figura 4.13.** *Lingua para escribir unha nota segundo a lingua habitual*


Os resultados cambian substancialmente se referimos a escrita a un contexto máis informal, como pode ocorrer ao deixarlle unha nota a alguén (figura 4.13). Neste caso a tendencia a usar o castelán descrita na análise anterior parece máis feble. Mentres que só algo máis da metade (54,4%) dos enquisados que falan só en galego utiliza a súa lingua para escribir habitualmente, na escritura dunha nota a porcentaxe de galego sobe ata o 76,9%. Esta tendencia ao aumento do galego ocorre tamén en quen fala maioritariamente este idioma. O 53,6% usa o galego nas notas contra só un 34,6% que o facía no uso escrito habitual, é dicir o grao de informalidade supón un aumento de 22,5 puntos e de 19 respectivamente a prol do galego.

En calquera caso, o uso informal do castelán mantén porcentaxes moi elevadas nos castelanfalantes habituais (89,5%), polo que a mellora do galego na escrita seguiría cinguida aos seus usuarios habituais.

#### 4.2.3. *Lingua da escrita segundo a competencia na expresión escrita en galego*

Neste apartado analízase a influencia da capacidade para escribir en galego no uso escrito desta lingua.

Dos datos recollidos na figura 4.14 pódense tirar algúns trazos relevantes. Cómpre salientar que máis do 60% das persoas que escriben só en castelán din ter boa ou moi boa capacidade para expresarse por escrito en galego. Esta porcentaxe aumenta arredor de 20 puntos nos suxeitos que escriben maioritariamente en castelán.




**Figura 4.14.** *Lingua da escrita e lingua para escribir unha nota das persoas con boa e moi boa competencia na expresión escrita en galego*

Comparando os resultados da lingua habitual da escrita cos da lingua utilizada para escribir unha nota, obsérvase unha disonancia entre uns e outros. Os suxeitos que usan máis ou só galego para redactar unha nota sinalan ter menores competencias ca os que din escribir habitualmente en galego. Non obstante, no caso do castelán os resultados son case idénticos. Destas tendencias pódese trazar un perfil de poboación que utiliza o galego para escribir unha nota malia que considere non ter boa competencia escrita nesta lingua, pero que non adoita empregar o galego escrito en ámbitos distintos do informal.

#### 4.2.4. Lingua da escrita segundo a idade

A mellor formación escrita en galego entre a poboación nova podería influír na elección da lingua escrita, tanto no seu uso xeral como para redactar unha nota. Este efecto é moi semellante para os dous ítems, aínda que algo superior no caso da lingua das notas. Por outro lado, cómpre salientar as seguintes pautas:

- Tendencia a reducir as diferenzas entre os usos formais e informais a medida que se descende na escala de idade (dos maiores 10,4 > 9,2 > 6,9 > 6,8 aos novos).
- Lixeiro aumento do uso do galego no grupo de 15 a 24 anos respecto do de 25 a 34, tendencia en consonancia coa ralentización na perda de uso do galego na poboación máis nova sinalada xa en diferentes apartados deste volume.



**Figura 4.15.** Lingua dos que escriben en galego (só galego + máis galego) segundo a idade




#### 4.2.5. Lingua da escrita segundo o hábitat de residencia

Na distribución destes usos escritos por hábitat obsérvase unha tendencia moi clara: a medida que o contorno se torna máis urbano diminúe a presenza do galego na escrita e na lingua para escribir unha nota. De feito, é significativo que nas poboacións de menos de 5.000 habitantes máis da metade dos enquisados (52,9%) empregue única ou maioritariamente o galego na escrita máis informal. Esta porcentaxe baixa 36,6 puntos ata estabilizarse nun 16,3% no tramo de máis de 50.000 habitantes. O mesmo efecto prodúcese na lingua da escrita, pasando do 34,5% ao 13,1%, é dicir, o uso do galego para escribir diminúe 21,4 puntos.

Comparando a lingua da escrita coa lingua utilizada para redactar unha nota atópanse dúas tendencias importantes:

- A perda de usuarios que escriben en galego é maior no ítem informal que na pregunta xeral. Na lingua da escrita é de 21,4 puntos e na lingua das notas de 36,6.
- A medida que o hábitat é máis urbano, a diferenza entre os usos xerais e informais vai diminuindo. Mentres que a distancia nas puntuacións entre unha e outra variable no hábitat de menos de 5.000 é de 18,4 puntos, no urbano redúcese a 3,2.




**Figura 4.16.** Lingua dos que escriben en galego (só galego + máis galego) segundo o hábitat de residencia

##### 4.2.5.1. Lingua da escrita nas sete cidades principais

As cidades con menor presenza do galego na escrita son A Coruña, Ferrol e Vigo. Afondando nos seus resultados hai que sinalar que en Vigo só un 5,4%

di escribir única ou maioritariamente en galego, seguido da Coruña (7,3%) e Ferrol (8,8%). Pola contra, a cidade cun maior uso do galego na escrita é Santiago de Compostela (23,2%), á que seguen as porcentaxes de Ourense (21,6%) e Lugo (20,4%).

Comparando os resultados de uso do galego na escrita cos do uso do galego para redactar unha nota, observamos que o comportamento escrito é moi semellante en todas as cidades agás en Santiago e, en menor medida, en Lugo. Existe unha diferenza entre os resultados nunha e outra variable de 11,9 puntos en Santiago e 7,9 en Lugo. Nestas cidades atópase a mesma tendencia a escribir máis en galego nos usos informais, consonte a maior presenza desta lingua no rexistro oral.



**Figura 4.17.** *Lingua dos que escriben en galego (só galego + máis galego) nas sete cidades principais*


#### 4.2.6. Lingua da escrita segundo o nivel de estudos

Moi relacionado coas capacidades lectoescritoras está o nivel de estudos, de aí a necesidade de afondar na relación entre esta variable e a lingua da escritura, da mesma forma que se fixo coa lingua de lectura. É necesario sinalar que o seu peso nos resultados tanto da lectura coma da escritura son menos relevantes ca os das variables anteriores.

Na figura 4.18 pódese observar que non hai unha relación clara entre a variable lingua de escritura e os estudos dos suxeitos. En xeral, advírtese unha menor presenza do galego a medida que aumenta o nivel de estudos, especialmente no grupo de bachareis.

Os estudos están máis relacionados coa variable de usos escritos informais, representada aquí pola lingua para escribir unha nota, que sobre a lingua da

escrita xeral. De feito, entre o nivel de estudos de primaria e o de bacharelato, o emprego do galego baixa 12 puntos porcentuais, do 33% ao 21%.



**Figura 4.18.** *Língua dos que escriben en galego (só galego + máis galego) segundo o nivel de estudos*

No nivel de primaria, o elevado grao de utilización do galego reflicte a transferencia deste idioma do rexistro oral ao escrito, fenómeno que non se dá en situacións máis formais.


En xeral, pódese afirmar que a medida que aumenta o nivel educativo decae o uso do galego. Con todo, os resultados tamén indican que nos niveis académicos inferiores o galego escrito está máis presente nos usos informais e que nos máis altos redúcense as diferenzas entre o xeral e o informal. As persoas con menor grao de estudos son as que máis utilizan o galego (véx. capítulo 2). En moitos dos casos, séntense máis cómodos usando o galego para a informalidade, e tenden a cambiar ao castelán cando o contexto é máis formal, quizais por unha percepción de baixa competencia na escrita (González González, M. et alii, 2007).

#### 4.3. Comparación entre a lingua de lectura e de escritura

Despois de analizar illadamente os usos na lectura e na escritura, compáranse os resultados das súas variables. Contrastando os datos de comprensión lectora e expresión escrita obsérvase unha serie de diferenzas que cómpre subliñar.

A porcentaxe de lectura en galego é inferior en 4 puntos á do seu emprego na escrita (figura 4.19). En cambio, hai unha porcentaxe superior de

suxeitos que len maioritariamente en castelán (40,4%) fronte aos que escriben maioritariamente nesta lingua (31,9%).



**Figura 4.19.** Comparación entre a lingua de lectura e de escritura

#### 4.4. Evolución dos usos lingüísticos na lectura e na escritura


Do mesmo xeito que en capítulos anteriores tentaremos na medida do posible unha comparación entre os resultados da lingua de lectura e a lingua da escrita informal obtidos nesta enquisa cos do estudo do MSG-92 (figura 4.20)<sup>40</sup>.

En xeral, existe un aumento substancial do uso do galego, sobre todo na lectura. O uso do galego na lectura pasou do 4,8% (só e máis galego) no 1992 ao 14,2% no 2004, é dicir, case se triplicou a súa utilización, especialmente na modalidade monolingüe. Nos datos de 1992 a porcentaxe de persoas que elixían só galego era insignificante (0,4%), mentres que en 2004 unha porcentaxe significativa (6,6%) elixe esta opción.

A evolución dos datos da variable “en que lingua escribe habitualmente cando ten que deixarlle unha nota a alguén?” é menos favorable cara ao galego ca a da lingua de lectura. A utilización do galego para escribir unha nota aumentou só 2,1 puntos porcentuais, desde o 24,4% (só e máis galego) ao 26,5%. Débese ter en conta que a maior perda de usuarios prodúcese en quen utiliza só o castelán (11,8 puntos) e que sobe 10,4 puntos a porcentaxe de suxeitos que o utilizan maioritariamente. En xeral, estes resultados indican

<sup>40</sup> Non se utiliza o ítem de lingua da escritura porque non existe unha pregunta semellante no MSG-92.

unha maior presenza do galego na escrita e unha diminución substancial de só castelán.



**Figura 4.20.** *Evolución da lingua de lectura e da lingua para escribir unha nota*

#### 4.5. Síntese do capítulo

Na actualidade contamos con poucos estudos que afonden na distribución dos usos da lingua da escrita e da lectura en galego. Os resultados xerais desta enquisa son pouco favorables para a lingua galega. A conclusión xeral que se pode tirar das análises contidas neste capítulo é que a maioría da poboación adoita ler e escribir en castelán e que só unha minoría recorre ao galego escrito.

Os datos sobre a baixa presenza do galego na lectura empeoran nos usos en contextos máis específicos como a lingua de lectura na escola ou a lingua de lectura na Internet. Só o 14,1% dos enquisados sinala que le só ou maioritariamente en galego. Se a pregunta se refire aos usos na escola esta porcentaxe cae ao 9,7% e baixa aínda máis naquelas persoas que utilizan a Internet, onde unicamente un 4,5% di ler en galego neste medio.

Vista a relación da lingua habitual con outros usos, podería pensarse que tamén terá unha forte relación coa escrita. Esta hipótese é certa no caso dos castelanfalantes, pero non ocorre o mesmo no dos galegofalantes. Os resultados indican unha forte inercia nestes últimos a ler en castelán. De feito, só seis de cada dez monolingües en galego utilizan a súa lingua como idioma maioritario ou único na lectura.

Partindo da premisa de que ter unha maior competencia lectora nunha lingua facilitaríala unha maior utilización desta para ler, os datos atopados

nesta enquisa confirmarían parcialmente esta hipótese. Os resultados apuntan a diferenzas no nivel de competencia para ler segundo a maior ou menor presenza do galego como lingua de lectura habitual, se ben estas diferenzas non responden ao esperable. Sete de cada dez enquisados que sinalaban ler só en castelán manifestaban dispor dunha boa competencia para ler en galego.

A pesar do aumento das competencias de comprensión lectora na poboación máis nova, a análise da presenza da lectura en galego atendendo á idade dos enquisados non ofrece diferenzas significativas. Só se podería inferir un lixeiro aumento da lectura en galego nos grupos máis novos no contexto de descenso do uso conforme baixa a idade.

O hábitat de residencia incide na presenza do galego na lectura dos enquisados. A dirección na que inflúe é a mesma que a atopada na lingua habitual no capítulo anterior, isto é, a medida que o contexto se vai facendo máis urbano diminúe o uso do galego. A diferenza entre as porcentaxes da lingua de lectura e as da lingua habitual reflíctese en que o peso do hábitat na lectura é menor que no uso oral. Non obstante, os resultados entre un hábitat ou outro non difiren en demasía. Afondando nos datos do urbano, obsérvase como a presenza do galego na lectura é maior en Santiago de Compostela que no resto de cidades galegas.

Finalmente, en relación co nivel de estudos, apréciase que a utilización do galego como lingua de lectura é menor a medida que aumenta a formación regrada dos enquisados. Esta característica está claramente relacionada cos resultados da lingua habitual, onde se repite a tendencia de que a medida que crece o nivel de estudos baixa a presenza do galego como lingua habitual.

Poucos son os entrevistados galegofalantes que usan a súa lingua para escribir. De feito, só escribe única ou maioritariamente en galego un 18%. Por contextos específicos, atopamos que o emprego do galego na escrita nas persoas que utilizan a Internet é dun 10,5%, mentres que na escola a porcentaxe baixa ata o 9,6%. Con todo, cando os resultados se refiren á escrita máis informal, é dicir, cando se redacta unha nota para alguén, a presenza do galego (26,2%) aumenta substancialmente.

Respecto da relación entre lingua na que se expresan habitualmente os enquisados e a lingua da escritura, obsérvase unha tendencia castelanizadora no uso escrito. Os resultados indican que case a metade dos suxeitos que falan unicamente en galego non adoitan escribir na súa lingua.

A idade tamén está relacionada co uso escrito en galego. Advírtese unha perda progresiva no número de usuarios que escriben habitualmente en galego a medida que se descende na escala de idade e que se interrompe no grupo de poboación máis nova.

Estes resultados non se corresponden coa mellora da capacidade escrita en galego, destreza que tende a aumentar a medida que diminúe a escala de idade. Esperaríase que a mellor competencia se reflectise tamén nun aumento do uso escrito do galego.

A presenza do galego na escrita tamén diminúe a medida que o hábitat de residencia dos entrevistados é máis urbano. Estes resultados seguen a tendencia

descrita nos capítulos e volume anteriores. Os contornos rurais tenden a un maior emprego do galego nos usos escritos informais ca nos usos xerais, mentres que nos contornos urbanos esta diferenza é moito menor.

Afondando na análise do hábitat urbano obsérvase que a presenza do galego na escrita é maior nas cidades de Santiago, Lugo e Ourense e que esta situación é semellante á descrita noutros capítulos. Non obstante, hai que sinalar que nos resultados da lingua das notas, Santiago é a cidade que acada a maior porcentaxe de usuarios de lingua galega con valores mesmo superiores a hábitats como o de 5.001 a 10.000 habitantes.

Por último, non se aprecian diferenzas significativas nos resultados do uso na escrita segundo o nivel de estudos dos enquisados. Partindo dos datos xa analizados, confírmase que a presenza do galego na escrita é maior a medida que o nivel educativo é menor. De feito, este efecto queda máis patente na lingua da escrita máis informal, xa que na escrita xeral apenas hai variación. Esta característica indicaría que as persoas cos niveis académicos máis baixos utilizan máis o galego na escrita informal pero non así noutro tipo de situacións.

Comparando os resultados de 1992 cos de 2004 apréciase un aumento da presenza do galego tanto na lectura como na lingua da escrita máis informal. No primeiro caso, o aumento foi de case 10 puntos porcentuais, desde o 4,8% ao 14,2%, é dicir, o galego triplicaría a súa presenza. Con todo, o aumento na escrita non foi tan significativo xa que o incremento é só de 2 puntos.





## Usos lingüísticos na interacción familiar

O MSG-04 primou, como se fixera no MSG-92, o estudo dos usos lingüísticos naqueles ámbitos que mellor poderían, ao noso entender, caracterizar a situación sociolingüística galega. Por iso, o cuestionario do MSG-04 inclúe unha ampla batería de preguntas (15, 16, 18, 19, 20, 21, 23, 24, 25, 28, 29, 30 do cuestionario no anexo 1) sobre a lingua empregada polo enquisado nesas situacións. Un dos máis representativos é o ámbito familiar, primeira rede social do individuo, berce das súas primeiras vivencias e referencia das súas condutas, entre as que se inclúen as lingüísticas.

Este capítulo ocúpase da análise do uso familiar, en especial das interaccións máis habituais do entrevistado cos membros da súa familia, sobre todo cos máis próximos e cos que supostamente mantería relacións máis confidenciais, frecuentes e informais. Priorízase o estudo dos usos cos pais e cos fillos para obter unha perspectiva da evolución do uso entre xeracións. Ademais, xunto coa panorámica actual do uso familiar no conxunto de Galicia, estudarase a influencia que poden ter as diferentes variables sociolingüísticas e sociolóxicas no comportamento lingüístico coa familia e compararanse, na medida do posible, os resultados cos seus equivalentes no MSG-92 co fin de obter unha aproximación aos cambios do uso familiar durante os doce anos trascorridos entre as dúas enquisas.

Para facilitar a representación dos resultados utilizáronse os valores da media que permiten situar cada uso nunha escala. Polo tanto, as puntuacións da media serán utilizadas coma un punto nun continuo no que o valor máis alto (4) corresponde ao uso monolingüe en galego e o máis baixo (1) ao do castelán<sup>41</sup>. Para favorecer a comprensión dos resultados, inclúese a desviación sobre a media, estatístico que amosa o grao de dispersión dos resultados respecto dela.

<sup>41</sup> Os ítems empregados para sondar a lingua nos diferentes ámbitos sociocomunicativos son semellantes ao da lingua habitual, que daba cinco posibilidades de resposta: só castelán (1), máis castelán (2), máis galego (3), só galego (4) e outras (5).

### 5.1. Datos xerais dos usos lingüísticos na interacción familiar

Os resultados da análise da lingua do enquisado cos seus familiares (figura 5.1) amosan unha maior tendencia ao uso monolingüe ca a vista no capítulo 2 sobre a lingua habitual, sobre todo na interacción cos pais (68,1% co pai e 67,9% coa nai). Con todo, no monolingüismo en galego aprecíase un descenso de 10,5 puntos porcentuais da xeración dos pais á dos fillos. O monolingüismo en castelán ten unha distribución máis estable, e acada o seu valor máis alto (42,1%) nas relacións coa parella. A suma das opcións monolingüe e bilingüe dunha e outra lingua reafirma a caída do uso do galego (do 47% cos pais ao 36,2% cos fillos) e o aumento do uso do castelán de 11 puntos (do 52,9% cos pais ao 63,9% cos fillos). Resulta tamén salientable o menor emprego monolingüe, tanto do galego coma do castelán, cos fillos respecto do uso coa parella (no castelán descende 4,1 puntos e no galego 2,6).

Tocante ás opcións bilingües, a figura reflicte un bilingüismo social equilibrado, con tendencia á desviación cara ao castelán co cambio xeracional.

A táboa 5.1 presenta os valores da media da lingua cos distintos membros da familia e os da lingua habitual, as desviacións típicas das puntuacións respecto da media e as correlacións entre a lingua cos familiares e a habitual do enquisado:

	Media	Desviación Típica	Correlación coa lingua habitual
lingua co pai	2,45	1,26	0,740**
lingua coa nai	2,42	1,26	0,749**
lingua cos irmáns	2,29	1,25	0,769**
lingua habitual	2,28	1,02	1,000**
lingua cos fillos	2,21	1,17	0,760**
lingua coa parella	2,19	1,22	0,761**

**Táboa 5.1.** *Lingua coa familia*

Nas medias da lingua do enquisado cos membros da súa familia obsérvase de novo unha progresiva redución do uso do galego desde as interaccións cos familiares de maior idade ás que se producen cos máis novos. A media cos fillos (2,21) é 0,21 puntos inferior nesta escala á do uso coa nai (2,42) e 0,24 á do uso co pai (2,45)<sup>42</sup>. A maior correlación coa lingua habitual dáse na interacción cos irmáns, e a menor, cos pais.

<sup>42</sup> Malia a suave tendencia a usar máis o galego co pai, a escasa diferenza respecto ao uso coa nai xustifica un tratamento común da lingua empregada con ambos os dous proxenitores. A correlación entre ambas as dúas variables, utilizando o coeficiente de Pearson é de 0,949, cun nivel de significación inferior a 0,01.

A distribución recollida na figura 5.1 indicou un maior uso monolingüe do castelán coa parella ca cos fillos (42,1% contra 38%), o que explica que o valor da media con estes sexa máis favorable ao galego malia que o uso de só galego e máis galego sexa case idéntico nos dous casos (36,5% e 36,2%).

Á vista dos elevados valores da desviación típica respecto da media, convén interpretar con cautela as reducidas diferenzas nos valores das medias.




Figura 5.1. Lingua coa familia

## 5.2. Variables que inflúen nos usos lingüísticos coa familia

	F/T				
	pai	nai	irmáns	parella	fillos
lingua habitual	2988,34**	3261,67**	3470,72**	2990,59**	1697,05**
lingua inicial	2319,98**	2460,61**	2353,63**	1349,09**	679,87**
hábitat de nacemento	474,17**	474,55**	465,43**	358,26**	198,62**
hábitat de residencia	223,97**	231,55**	245,73**	255,52**	179,35**
estudos	144,05**	151,92**	179,61**	141,11**	85,23**
idade	87,24**	104,53**	119,28**	107,15**	16,89**
ocupación	20,63**	20,30**	23,53**	22,28**	20,53**
ingresos	9,97**	11,04**	9,24**	7,24**	4,35**
xénero	0,06	0,04	12,90**	2,85	15,68**


Táboa 5.2. Variables sociolingüísticas e sociolóxicas que inflúen na lingua coa familia Proba ANOVA ONE WAY / T de Student<sup>43</sup>

<sup>43</sup> \*\* A relación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

A táboa 5.2 recolle as variables que teñen unha relación significativa coa lingua que emprega o suxeito cos membros da súa familia. Empregouse a proba estatística ANOVA, cun contraste *post hoc* polo método de Tuckey-b, excepto coa variable xénero, na que, por tratarse dunha variable dicotómica, se aplicou o T de Student.

As variables máis relacionadas coa lingua utilizada na interacción familiar foron, por esta orde: a lingua habitual, a lingua inicial, o hábitat de nacemento, o hábitat de residencia, os estudos, a idade, a ocupación, os ingresos e o xénero. A seguir amósanse as medias de uso habitual cos diferentes membros da familia segundo cada unha das citadas variables.

### 5.3. Usos lingüísticos coa familia segundo a lingua habitual



**Figura 5.2.** Lingua coa familia segundo a lingua habitual

Un dos trazos máis importantes da figura 5.2 é a elevada asociación entre a lingua utilizada coa familia e a lingua habitual. Isto resulta obvio se reparamos nas características da rede familiar, onde as interaccións son menos variadas e máis consolidadas ca noutros ámbitos, e nelas o suxeito apenas modifica a súa conduta lingüística habitual.


Amais disto, o cruzamento entre as interaccións no seo da familia e a lingua habitual suxire as seguintes tendencias:

- Acusado descenso no uso do galego da xeración dos pais á dos fillos nos bilingües con predomino desta lingua.
- Aumento do emprego do castelán con todos os membros da familia, agás cos pais, nos bilingües con predominio desta lingua.

- Maior mantemento da lingua habitual nos monolingües cos diferentes membros da familia. Este mantemento da lingua habitual dáse en menor medida nos galegofalantes, especialmente na interacción cos fillos.

#### 5.4. Usos lingüísticos coa familia segundo a lingua inicial

A figura 5.3 presenta o cruzamento entre a lingua utilizada cos pais, irmáns, parella e fillos e a lingua inicial.



**Figura 5.3.** *Lingua coa familia segundo a lingua inicial*

As liñas da gráfica reflicten unha clara diferenza nos usos lingüísticos familiares entre quen adquiriu en maior medida o galego (só e máis galego) ou o castelán (só e máis castelán). No primeiro caso, todas as medias se sitúan no intervalo de 2,5 a 4, correspondente ao predomínio do galego, aínda que existan diferenzas entre os usos cos pais e cos irmáns e os usos coa parella e cos fillos. Neste sentido, destaca nos bilingües con predominio do galego a distancia que se produce entre o uso cos irmáns e coa parella (0,38 puntos).

Nos castelanfalantes iniciais obsérvase, por un lado, que todos os valores das medias están comprendidos entre 1 e 2,5, o intervalo de predominio do castelán, e, por outro, que reflicten un uso lingüístico máis homoxéneo en todas as interaccións. Con todo, son algo máis favorables ao castelán nas relacións cos irmáns e coa parella, mentres que cos fillos e, sobre todo, cos pais son máis favorables ao galego. O maior grao de uso do galego cos fillos en relación aos irmáns e á parella, especialmente nos bilingües iniciais, podería significar unha certa recuperación deste idioma nas xeracións máis novas.

Neste cruzamento constátanse, unha vez máis, dous comportamentos ben diferenciados:


- Por unha banda, a maior fidelidade dos castelanfalantes á súa lingua inicial, especialmente dos monolingües, onde apenas se aprecian diferenzas.
- Por outra banda, o proceso de substitución lingüística nas familias galegofalantes. Quen falou inicialmente galego e sobre todo os bilingües con predominio desta lingua amosan unha clara tendencia a usalo menos coa familia de nova fundación que coa de orixe.

Ademais, a figura presenta a tendencia dos monolingües iniciais a incorporar nalgunha medida a outra lingua.

Á vista destes resultados e, dada a transcendencia da substitución para o porvir da lingua, nos apartados seguintes indagarase a distribución territorial desta tendencia, atendendo especialmente aos casos de migración rural-urbano.

### 5.5. Usos lingüísticos coa familia segundo o hábitat de nacemento

Na figura 5.4 móstrase o resultado do cruzamento da lingua cos familiares segundo o hábitat de nacemento.



**Figura 5.4.** *Lingua coa familia segundo o hábitat de nacemento*

Os resultados por hábitat de nacemento indican que o uso do galego cos diferentes membros da familia descende de forma moi notable conforme medra o tamaño poboacional do hábitat de nacemento. Os nados en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes interrompen esa tendencia, pois presentan un maior uso do galego nas interaccións cos fillos e coa parella ca os nados en


concellos de 10.001 a 20.000. As diferenzas son de 0,15 e de 0,11 puntos respectivamente. Nas restantes interaccións as medias nesas dous ámbitos son semellantes.

As diferenzas máis avultadas por hábitat danse no uso cos pais, onde a media baixa de 3,41 nos nados en concellos de menos de 5.000 habitantes a 2,05 nos que naceron nalgunha das sete grandes cidades galegas. Ao dirixirse aos fillos e á parella as diferenzas son menores, coincidindo co visto no apartado anterior sobre a substitución lingüística do galego nas familias galegofalantes. As medias cos fillos sitúanse entre o 3 do hábitat menor de 5.000 e o 1,86 das cidades.

As maiores diferenzas intrafamiliares danse nos nados en concellos de 5.001 a 10.000 habitantes (0,43 puntos), seguidos dos nados en concellos de menos de 5.000 (0,41 puntos). Nos restantes hábitats apréciase unha tendencia a aumentar o uso do galego cos fillos en relación co da parella, fenómeno que, á parte de ser un indicio de recuperación deste idioma cos máis novos, pode ter a súa transcendencia pola reconecida importancia do ámbito familiar na conservación e transmisión da lingua.

### 5.6. Usos lingüísticos coa familia segundo o hábitat de residencia

A figura 5.5 mostra o resultado do cruzamento entre a lingua do enquisado no contexto familiar e o hábitat de residencia.



**Figura 5.5.** *Lingua coa familia segundo o hábitat de residencia*

O cruzamento da lingua no ámbito familiar co hábitat de residencia proporciona resultados que coinciden en boa medida cos vistos no apartado

anterior, en gran parte debido á elevada correlación entre os resultados do hábitat de nacemento e do de residencia<sup>44</sup>.

Os valores das medias cos familiares máis próximos descenden e, en consecuencia, son máis favorables ao castelán conforme medra o tamaño do hábitat de residencia. Reitérase a excepción a esta tendencia no tramo de 20.001 a 50.000 habitantes, onde os valores tenden a ser máis elevados ca no tramo anterior, especialmente na relación cos fillos. Con todo, danse algunhas diferenzas notables respecto ao anterior cruzamento:

- Existe unha menor variación das puntuacións ca no hábitat de nacemento, onde as maiores diferenzas (1,36 puntos) se producían na interacción cos pais. Isto confirma a maior variación nos usos lingüísticos segundo o hábitat de nacemento.
- Por hábitat de residencia, as maiores diferenzas danse ao falar coa parella. O valor medio descende 1,20 puntos desde o tramo de menos de 5.000 habitantes ao de máis de 50.000.
- O uso cos diferentes membros da familia é máis homoxéneo en todos os hábitats, o que indica que na perda familiar do galego inflúe menos o hábitat de residencia ca o de nacemento.
- O tramo poboacional onde se produce o maior descenso do galego no uso intrafamiliar (0,33 puntos) é o de 10.001 a 20.000 habitantes.

Neste cruzamento conséntase unha tendencia de grande importancia xa comentada no apartado anterior: a caída máis brusca no uso do galego prodúcese desde as interaccións cos pais ás interaccións coa parella, mentres que cos fillos se interrompe a perda. Neste sentido, é significativo o maior uso do galego cos fillos en relación coa parella que se dá no tramo de 20.001 a 50.000 habitantes.

### 5.6.1. *Usos lingüísticos coa familia nas sete cidades principais*

A figura 5.6 presenta as medias da lingua do enquisado cos familiares máis próximos nas sete grandes cidades.

Os valores das medias dos usos familiares mostran nas sete cidades principais as tendencias á diminución no emprego do galego desde as interaccións cos pais aos intercambios cos fillos e á interrupción deste descenso nestes últimos en relación coa parella. Malia esas pautas xerais danse diferenzas relevantes segundo a cidade, tanto no grao de uso do galego no ámbito familiar como na intensidade da súa diminución desde falar cos pais a falar cos fillos. En relación co primeiro aspecto, obsérvanse tres perfís de cidade segundo o maior ou menor uso:

- Lugo, Santiago e Ourense. Presentan un maior uso do galego no ámbito familiar e, logo do descenso nas interaccións cos pais e irmáns, unha recuperación na interacción cos fillos, que en Santiago tamén se aprecia coa parella.


<sup>44</sup> O coeficiente de correlación de Pearson é 0,529 e a relación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).



- Pontevedra, A Coruña e Vigo. Presentan un menor emprego do galego ca no grupo anterior. A primeira amosa unha estabilización do uso familiar a partir da interacción cos irmáns e coincide co perfil anterior no pequeno incremento do uso do galego cos fillos en relación coa parella. Na Coruña e Vigo obsérvase unha menor regresión no descenso do uso cos fillos en comparanza coas restantes interaccións.
- Ferrol. Ofrece un maior grao de castellanización na familia e un uso consolidado do castelán, con escasas diferenzas desde a interacción cos irmáns á interacción cos fillos.

En canto á intensidade da diminución do uso do galego, pódense distinguir tamén tres perfís:

- Lugo e A Coruña, cunha perda maior aos 0,30 puntos.
- Ourense, Pontevedra e Vigo, onde a caída oscila entre 0,20 e 0,30 puntos.
- Ferrol e Santiago, cunha diminución comprendida entre os 0,20 puntos e os 0,10 puntos.



**Figura 5.6.** *Lingua coa familia nas sete cidades principais*

De acordo con estes resultados, Santiago sería a cidade coa maior vitalidade do galego no ámbito familiar. O seu uso non só é dos máis altos do urbano, senón que as diferenzas interxeracionais son reducidas e, ademais, reúne o maior grao de emprego deste idioma coa parella e cos fillos.


En Lugo e en Ourense, xunto co elevado grao de uso do galego na familia en relación coas restantes cidades, dáse unha forte caída desde as interaccións cos pais ás que se producen cos irmáns e coa parella, tendencia que se modifica na interacción cos fillos.

Vigo e A Coruña, con usos familiares máis castelanizados ca as anteriores, mostran unha importante perda de vitalidade do galego na familia, dadas as diferenzas desde a xeración dos pais á dos fillos. Pontevedra, que parte dun nivel semellante na interacción cos pais, amosa unha recuperación no uso cos fillos.

A situación en Ferrol, dado o baixo emprego do galego en todas as interaccións, tende a consolidar o castelán no medio familiar.

### 5.6.1.1. Usos lingüísticos coa familia nas sete cidades principais segundo o hábitat de nacemento

A figura 5.7 permite explorar referentes sociolingüísticos de grande interese como o comportamento lingüístico familiar segundo o movemento poboacional campo-cidade ou o da poboación urbana de nacemento.



**Figura 5.7.** Lingua coa familia no hábitat urbano segundo o hábitat de nacemento

Tal e como se observa na figura 5.7, a poboación urbana mostra claras diferenzas no grao de uso do galego no seo familiar dependendo do hábitat de nacemento. Neste sentido, o maior uso dáse nos migrados do rural, maior canto menor é o tamaño do concello de nacemento. As maiores diferenzas por tamaño do hábitat danse ao falar cos pais (1,31 puntos), e as menores, ao falar cos fillos (0,74).

Malia as diferenzas no nivel de uso familiar do galego por hábitat de nacemento constátase a tendencia xeral ao descenso desde os intercambios cos pais ás interaccións cos fillos. As diferenzas intrafamiliares, que tenden a reducirse conforme medra o tamaño do hábitat de nacemento, son especialmente

acusadas nos nados en concellos con menos de 20.000 habitantes. No tramo de 5.000 a 10.000 habitantes, a distancia entre a interacción cos pais e a interacción cos fillos acada 0,91 puntos.

Confírmase tamén a ralentización do descenso do uso do galego nas interaccións cos fillos na maioría das procedencias, agás na do tramo de 20.001 a 50.000 habitantes. Nos tramos de 10.001 a 20.000 habitantes e de máis de 50.000 resulta de interese o maior emprego do galego cos fillos en relación coa parella.

Destes datos dedúcese a vitalidade do proceso de substitución lingüística do galego nas familias urbanas con procedencia rural fronte á estabilidade do uso, e mesmo a recuperación do galego cos fillos, que se dá na poboación orixinaria do urbano.

### 5.6.2. *Usos lingüísticos coa familia nos concellos de 10.001 a 50.000 habitantes segundo o hábitat de nacemento*

Dada a crecente importancia demográfica do hábitat periurbano<sup>45</sup> e a súa complexidade sociolingüística, resulta de especial interese o cruzamento (figura 5.8) da lingua cos familiares e o hábitat de nacemento dos residentes en concellos de 10.001 a 50.000 habitantes.

De forma semellante ao visto no apartado anterior, referido aos residentes no urbano, o hábitat de nacemento tamén inflúe de forma importante nos usos coa familia en concellos de 10.001 a 50.000 habitantes. As maiores diferenzas por tamaño do hábitat danse na interacción cos pais (1,36 puntos), e as menores, nas interaccións cos fillos (1,14).


De acordo coa pauta vista destacan as seguintes tendencias:

- Unha variación importante, cun aumento do emprego do castelán da xeración máis madura á mais nova, especialmente na procedencia de menos de 20.000 habitantes. No tramo de 5.000 a 10.000 habitantes a diferenza supón 0,41 puntos.
- Unha interrupción no descenso do uso do galego nos intercambios cos fillos con respecto aos usos coa parella na procedencia de entidades de máis de 10.000 habitantes.
- Unha estabilización do uso do galego cos fillos nos nados en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes, dato de importancia dada a vitalidade demográfica do periurbano anteriormente comentada.

En comparación cos datos reflectidos na figura 5.7, os da figura 5.8 presentan unha menor variación intrafamiliar, sobre todo nos nados en concellos de menos de 20.000 habitantes, o que indica un menor descenso do uso do

<sup>45</sup> Os datos censuais do período 1991-2001 amosan un retroceso do 7,4% da poboación residente en municipios con menos de 10.000 habitantes e do 3,9% nas cidades. Pola contra, os concellos de tipo intermedio (de 10.001 a 50.000 habitantes) creceron un 9,8%, fundamentalmente como consecuencia da expansión das áreas metropolitanas das principais cidades e das vilas do corredor Atlántico.


galego de pais a fillos na poboación migrada do rural a este tipo de concellos ca a que se viu nos migrados ás cidades.



**Figura 5.8.** *Lingua coa familia nos concellos de 10.001 a 50.000 habitantes segundo o hábitat de nacemento*

### 5.7. Usos lingüísticos coa familia segundo o nivel de estudos

O nivel educativo amosa unha clara influencia na lingua dos enquisados cos diferentes membros da familia (figura 5.9).



**Figura 5.9.** *Lingua coa familia segundo o nivel de estudos*


Dos resultados recollidos na figura 5.9 tíranse dous grupos moi diferenciados:

- O grupo sen estudos e con estudos primarios, cun maior uso do galego e medias por riba do valor central en todas as interaccións. Nel, quen carece de estudos amosa un comportamento máis uniforme fronte aos que posúen estudos primarios que se acomodan máis á tendencia xeral de diminución do galego nos intercambios cos familiares máis novos.
- O grupo de ESO, FP, bacharelato e universitarios, bastante castelanizado e sen variacións significativas, sobre todo o dos universitarios.

Con respecto aos cruzamentos anteriores, as medias intrafamiliares son máis semellantes, o que indica un maior grao de retención lingüística familiar por tramos de estudos. Esta tendencia é especialmente clara no nivel de estudos universitarios, onde os valores das medias de pais a fillos só se reducen 0,24 puntos. Pola contra, as maiores diferenzas danse no grupo de estudos primarios (0,43 puntos).

### 5.8. Usos lingüísticos coa familia segundo a idade

A interrelación entre a lingua falada cos familiares e a idade aparece na figura 5.10. Dos seus resultados pódense salientar o descenso no uso do galego por xeración e a interrupción desa tendencia nas interaccións cos fillos nos tramos de idade máis novos.



**Figura 5.10.** *Lingua coa familia segundo a idade*

Fronte á acusada perda de uso do galego cos membros da familia que se dá entre o tramo de 45 a 54 anos e o de 25 a 34, deste ao máis novo apenas se

aprecian diferenzas. De feito, na lingua falada cos fillos no grupo de 15 a 24<sup>46</sup> anos obsérvase un valor superior en cinco centésimas ao do tramo de 25 a 34.

Nas interaccións cos pais e irmáns prodúcense as maiores distancias por idade, mentres que coa parella e, sobre todo, cos fillos, estas redúcense notablemente. Neste sentido merece resaltarse a semellanza dos usos cos fillos nos suxeitos menores de 45 anos.

### 5.9. Usos lingüísticos coa familia segundo ocupación

A lingua falada cos familiares segundo a ocupación (figura 5.11) mostra un uso do galego moi superior nos traballadores agrícolas e non cualificados en relación co resto das ocupacións. A tendencia xeral é o menor uso do galego no seo familiar, especialmente coa parella e os fillos, a medida que a ocupación está máis relacionada coas esferas profesionais que implican dirección, xestión ou coñecementos técnicos especializados. En xeral débense destacar os seguintes trazos:

- Os traballadores agrícolas e non cualificados, cun comportamento uniforme, apenas presentan variación intrafamiliar.
- No resto das profesións apréciase un menor uso coas xeracións máis novas, se ben cómpre precisar:
  - o Unha forte caída no persoal de servizos, membros do goberno ou directivos, capataces e profesionais e técnicos.
  - o Unha inversión significativa do proceso de substitución nas Forzas Armadas e traballadores cualificados e suave no resto.

De acordo coa intensidade da perda do uso familiar do galego desde o uso cos pais á interacción cos fillos segundo a ocupación pódese establecer a seguinte tipoloxía:

- Grupo 1, no que a diferenza das medias supera 0,30 puntos. Esta categoría comprende o persoal dos servizos (0,48), os membros do goberno ou directivos e os capataces (0,35) e os profesionais e técnicos (0,34).
- Grupo 2, onde a distancia nas medias oscila entre 0,10 e 0,30. As ocupacións que integran esta categoría son os administrativos e cadros medios (0,30), os propietarios e xerentes da hostalería (0,29), os comerciantes e vendedores (0,22) e os traballadores das Forzas Armadas (0,19).
- Grupo 3, con diferenzas nas medias inferior a 0,10, formado só polos traballadores agrícolas e non cualificados (0,06).

<sup>46</sup> É preciso ter en conta a posible interacción do nivel educativo neste resultado. Pódese esperar que no grupo de pais máis novos teñan un peso considerable os niveis educativos máis baixos, o que, vista a forte influencia desta variable nos usos familiares, influiría nun maior uso do galego cos fillos neste tramo de idade.




Figura 5.11. Lingua coa familia segundo a ocupación


### 5.10. Usos lingüísticos coa familia segundo os ingresos

A interrelación da lingua do enquisado cos familiares e o nivel de ingresos<sup>47</sup> aparece na figura 5.12.

As tendencias máis salientables recollidas na figura 5.12 son, por unha banda, o menor emprego do galego en todas as interaccións conforme se incrementa o nivel de ingresos e, por outra, o descenso no seu uso desde as relacións cos pais ás interaccións coa parella e cos fillos. Neste sentido importa destacar que esta tendencia a diminuír o emprego do galego parece estancarse do uso coa parella ao uso cos fillos. O tramo de ingresos máis baixo supón unha excepción dentro desa liña, dados os reducidos valores das medias. Trátase

<sup>47</sup> Para sondar o nivel de ingresos adoptouse a escala utilizada polo Instituto Galego de Estatística na Enquisa de Condicións de Vida das Familias. Nesta análise sumáronse os dous niveis de renda máis baixos desa medida (menos de 250€ e de 250 a 420€), que conxuntamente supoñen o 3,9%.

dunha peculiaridade xa analizada no volume anterior do MSG-04 (González González, M. et alii, 2007), relacionada coa interacción entre idade e renda<sup>48</sup>.



**Figura 5.12.** *Lingua coa familia segundo os ingresos*

Por nivel de ingresos, as maiores distancias entre as medias (0,42 puntos) prodúcense no uso cos fillos entre o grupo de 420 a 480€ e de máis de 3.000€. As diferenzas das medias entre a lingua falada cos pais e a empregada cos fillos son máis acusadas nos tramos de 840 a 1.260€ e de máis de 3.000€, onde se produce o maior descenso intrafamiliar no uso do galego. Pola contra, as menores distancias e, polo tanto a maior retención do uso do galego, ocorre no tramo de 420 a 840 €.

### 5.11. Usos lingüísticos coa familia segundo o xénero


Na interrelación entre a lingua coa familia e o xénero (figura 5.13) destacan as seguintes tendencias:

- Uso lixeiramente superior do galego por parte dos varóns (media superior en 0,23 puntos), especialmente cos fillos.

<sup>48</sup> Ademais de ser un grupo reducido da mostra, o 3,9%, tiña unhas características sociolóxicas peculiares; nun 60% dos casos eran suxeitos menores de 35 anos que, na súa maior parte, tiñan unha situación profesional precaria (o 23,5% declarábase desempregado e o 18,6% empregado eventual), ou ben aínda non remataran o seu período de formación (o 23,4% eran estudantes).



- Maior converxencia na interacción coa parella, onde a diferenza supón só 0,11 puntos.




**Figura 5.13.** *Lingua coa familia segundo o xénero*

É necesario subliñar na figura 5.13 que entre os varóns, o menor uso de galego dáse ao falar coa parella, mentres que nas mulleres o uso máis baixo corresponde á interacción cos fillos.


### 5.12. Condicionamento da lingua da parella sobre a lingua habitual

En liña co MSG-92, o cuestionario do MSG-04 sonda o condicionamento da lingua utilizada en diferentes ámbitos sobre o uso habitual dos enquisados (preguntas 18, 21 e 24 do cuestionario no anexo 1). Con respecto ao ámbito familiar, incluíuse unha pregunta sobre o condicionamento da lingua da parella na lingua habitual, da que se presentan os resultados na figura 5.14.



**Figura 5.14.** *Condicionamento da lingua da parella sobre a lingua habitual*

O 89,7% dos enquisados entende que o idioma da parella non condicionou o seu uso habitual. Do 10,3% que reconece condicionamento da lingua da parella, o 5,7% considera que este foi favorable ao castelán e unha porcentaxe algo inferior (4,6%) que foi favorable ao galego. Con todo, a análise das respostas segundo o xénero indica que as mulleres condicionan a lingua da parella en maior medida a favor do castelán<sup>49</sup>, se ben esta diferenza (figura 5.15) é moi reducida.




**Figura 5.15.** Condicionamento da lingua da parella segundo o xénero

### 5.13. Evolución dos usos lingüísticos na interacción familiar

A figura 5.16 compara as respostas á lingua do enquisado cos familiares máis próximos no MSG-92 e no MSG-04. Dada a semellanza dos ítems empregados nos dous estudos, permite contrastar con certa fiabilidade a dirección das tendencias do uso neste ámbito, crucial para o porvir da lingua.

Tal e como se pode observar na figura 5.16, no período transcorrido decaeu o uso do galego en todas as interaccións familiares. No entanto, danse diferenzas moi notables na intensidade da perda entre as diferentes xeracións. O descenso máis acusado prodúcese no uso coa parella (0,77 puntos), mentres que o menor ocorre nos intercambios cos fillos (0,53 puntos).

<sup>49</sup> Trátase dun resultado que xa amosara o MSG-92, aínda que naquel caso as diferenzas eran máis avultadas (MSG-92, 1995: 169-170).



**Figura 5.16.** *Evolución da lingua coa familia (tramo de idade 16 a 54 anos)*

#### 5.14. Síntese do capítulo

Os datos xerais dos usos lingüísticos coa familia presentaron unha maior tendencia ao monolingüismo ca a vista no capítulo 2 sobre a lingua habitual. Destacou especialmente o uso monolingüe en castelán, que supón o 42,1% nas interaccións coa parella.

A lingua habitual foi a variable máis relacionada cos usos lingüísticos familiares. Malia esa asociación, detectouse un acusado descenso no emprego do galego da xeración dos pais á dos fillos nos bilingües con predominio desta lingua. Os bilingües con predominio do castelán tamén mostraron o maior uso desta lingua con todos os membros da familia, agás cos pais. O maior mantemento da lingua habitual deuse nos monolingües, malia que nos galegofalantes se constatou a diminución deste uso cos fillos.

No cruzamento entre a lingua inicial e a lingua habitual atopáronse dous perfís diferenciados, asociados a cada unha das linguas, formados por quen adquiriu como lingua inicial só ou máis galego e só ou máis castelán. No primeiro caso, malia o maior grao de uso do galego cos diferentes membros da familia, observouse unha tendencia clara á substitución lingüística nas interaccións cos máis novos, sobre todo nos bilingües iniciais con predominio do galego. No segundo confirmouse a maior fidelidade lingüística dos castelanfalantes iniciais, sobre todo dos monolingües, e detectouse unha pequena recuperación do uso do galego na interaccións cos fillos que podería ter a súa importancia para o porvir desta lingua.

Os usos lingüísticos cos diferentes membros da familia amosaron un notable descenso do uso do galego a medida que aumentaba o tamaño poboacional

do hábitat de nacemento. As maiores distancias déronse nas interaccións cos pais, e as menores, cos fillos. As diferenzas intrafamiliares foron máis acusadas nos nados en concellos de menos de 10.000 habitantes e, particularmente, no grupo de 5.001 a 10.000, onde se observou un importante descenso no uso do galego desde as interaccións cos pais ao uso cos fillos. Nos restantes hábitats, e particularmente no de 20.001 a 50.000 habitantes, observouse un aumento no uso do galego cos fillos en relación co emprego coa parella, que concordaría coa recuperación do uso detectada en bilingües con predominio do castelán.

O menor uso familiar do galego nos hábitats de maior tamaño de poboación atopouse así mesmo nos cruzamentos por hábitat de residencia. Neste caso, as diferenzas máis importantes segundo o hábitat déronse ao falar coa parella e as menores cos pais. En cada tramo de hábitat os usos intrafamiliares amosaron unha elevada homoxeneidade e, polo tanto, unha perda menor no uso do galego de pais a fillos ca a vista por hábitat de nacemento. A caída máis brusca ocorre de falar cos pais a falar coa parella pero nas interaccións cos fillos interrompese esa perda. Resultou novamente significativo o maior uso do galego cos fillos ca coa parella no tramo de 20.001 a 50.000 habitantes.

En relación coa tendencia decrecente no uso do galego no seo familiar segundo aumentaba o tamaño do hábitat, constatouse a excepción do tramo de 20.001 a 50.000 habitantes, con valores de uso do galego superiores aos do tramo de 10.001 a 20.000 habitantes, tanto por hábitat de nacemento como por hábitat de residencia.

Nas sete cidades principais observouse a tendencia á diminución no uso do galego desde as interaccións cos pais aos intercambios cos familiares máis novos, e a menor intensidade da perda no uso cas fillos.

A maior vitalidade do galego no ámbito familiar corresponde a Santiago, con valores de uso entre os máis elevados do urbano en todas as interaccións, diferenzas intrafamiliares reducidas e maior grao de uso cos familiares máis novos. En Lugo e Ourense, malia os elevados niveis de uso, estes redúcense notablemente a partir das interaccións cos ascendentes. Vigo e A Coruña, con condutas máis castelanizadas mostraron tamén diferenzas importantes desde a xeración dos pais á dos fillos. Pontevedra, malia partir dun nivel de emprego cos pais semellante ás anteriores, presenta unha recuperación no uso cos fillos. Ferrol, por último, amosaría a consolidación do predominio do castelán nas interaccións familiares.

Na poboación de residencia urbana observáronse claras diferenzas no grao de emprego do galego coa familia dependendo do hábitat de nacemento. O maior uso nos migrados do rural acentúase nas interaccións cos pais, mentres que as distancias tenden a reducirse ao falar coa parella. No grupo de procedencia de menos de 20.000 habitantes é onde se deron as maiores diferenzas. Fronte á estabilidade do uso e á feble recuperación do galego nas interaccións cos fillos na poboación de procedencia urbana, constatouse a vitalidade do proceso de substitución lingüística do galego na poboación procedente do rural e residente no urbano.

O hábitat de nacemento tamén mostrou unha clara influencia na lingua coa familia na poboación residente en concellos de 10.001 a 50.000 habitantes, de especial importancia pola vitalidade demográfica deses espazos. As maiores diferenzas por procedencia observáronse nas interaccións cos pais, e as menores, nas interaccións cos fillos. Destacou o aumento no uso do castelán desde a xeración máis vella á máis nova na procedencia de menos de 10.000 habitantes. Pola contra, os nados en entidades superiores a ese tamaño poboacional mostraron unha interrupción desa tendencia e un maior uso do galego cos fillos en relación coa parella. A poboación nacida en concellos de 20.001 a 50.000 habitantes presenta unha considerable retención do uso familiar do galego, dato de importancia dada a vitalidade demográfica deses espazos. Por outro lado, a substitución lingüística do galego nas familias migradas do rural resultou menor neste hábitat ca no urbano.

Por nivel educativo, detectáronse dous grupos moi diferenciados en canto ao grao de uso do galego no ámbito familiar:

- a) dun lado, os que non cursaron estudos e os que acadaron o nivel de estudos primarios, co maior uso do galego en todas as interaccións familiares;
- b) doutro, os que cursaron como mínimo os secundarios obrigatorios, cun menor grao de uso do galego conforme crece o nivel educativo. As diferenzas intrafamiliares foron en xeral reducidas, especialmente no nivel de estudos universitarios. A maior variación observouse no nivel de estudos primarios.

Na análise dos usos familiares por grupos de idade destacaron o descenso no uso do galego por xeración e a interrupción desa tendencia nas interaccións cos fillos nos tramos máis novos. A maior diminución prodúcese nas interaccións cos irmáns, e a menor, cos fillos. Neste sentido observouse un grao de uso do galego semellante nos menores de 45 anos.

Os usos lingüísticos coa familia segundo a ocupación mostraron a tendencia ao menor uso do galego, especialmente coa parella e os fillos, a medida que a ocupación está máis relacionada coas esferas profesionais que implican dirección, xestión ou coñecementos técnicos especializados. As maiores variacións por xeración observáronse no persoal dos servizos, nos membros do goberno ou directivos, nos capataces e nos profesionais e técnicos. As menores déronse nos traballadores agrícolas e non cualificados, cun comportamento uniforme na interacción cos diferentes membros da familia. No resto das ocupacións, e especialmente nos membros das Forzas Armadas e nos traballadores cualificados, observouse unha inversión do proceso de substitución.

Por nivel de ingresos constatouse o menor uso do galego en todos os intercambios conforme se incrementa o nivel de ingresos, xunto co descenso desde as interaccións cos pais ás da parella e a interrupción dese descenso na relación cos fillos en todos os tramos. As maiores diferenzas por nivel de ingresos atópanse ao falar cos fillos, especialmente nos tramos de 840€ e de máis de 3.000€. Pola contra, a maior retención observouse no de 840 a 1.260€. O grupo de menos de 420€, integrado maioritariamente por mocidade, constitúe

unha excepción ao amosar un comportamento lingüístico semellante ao do outro extremo do continuo, o de máis de 3.000€.

A última das variables con influencia significativa nos usos lingüísticos coa familia foi o xénero. As análises amosaron un uso lixeiramente superior do galego por parte dos varóns, especialmente cos fillos, e unha maior converxencia na interacción coa parella. Nas mulleres, o uso onde se observou menos emprego do galego foi cos fillos, mentres que nos varóns, o menor deuse coa parella.

Tocante ao condicionamento da lingua da parella sobre a lingua habitual, só un 10,3% dos enquisados recoñeceu esta influencia. A dirección do condicionamento distribuíuse de forma bastante semellante entre o favorable ao galego e ao castelán, cun lixeiro predominio deste último. Por xénero observouse que as mulleres tenden a exercer un maior condicionamento a favor do castelán.

A comparación dos usos familiares nos mesmos tramos de idade no MSG-92 e no MSG-04 ratifica a caída do uso do galego en todas as interaccións familiares. A perda resultou máis acusada nas interaccións coa parella, mentres que cos fillos o descenso parece menor.

## 6

### Usos lingüísticos no ámbito escolar

Despois da familia, a escola é un dos máis importantes espazos de socialización do individuo sobre todo nas primeiras etapas da súa vida. Por iso, cómpre coñecer a situación sociolingüística das linguas no medio escolar e o posible influxo da escola na conduta lingüística dos suxeitos. Do interese que suscitan estes temas e da importancia de estudalos para analizar o estado das linguas no ensino, planificar o seu uso e contribuír a unha diagnose do porvir do galego son boa proba o elevado número de publicacións sociolingüísticas relativas ao ámbito escolar.

Nesta liña, tanto nos tres volumes do MSG-92 como nos do MSG-04, dedícanse apartados específicos a analizar competencias, usos e actitudes relacionados coa escola. Na enquisa de 2004, a diferenza da de 1992, inclúense ítems que distinguen entre as dúas etapas obrigatorias do nivel non universitario e incorpóranse preguntas sobre a lingua na que o entrevistado recibiu a docencia. Estas distincións son necesarias para afondar na análise e obter unha información máis precisa sobre o ámbito escolar e para explorar a relación entre uso docente e comportamento lingüístico. Por último, hai que destacar que no deseño das preguntas referidas ao contorno escolar buscouse a espontaneidade e a proximidade e primouse a distinción entre os usos oral e escrito.

Por outra banda, como o uso docente está relacionado coa lexislación lingüística e coa planificación neste ámbito, cómpre telas en conta polos cambios que puidesen introducir no ámbito escolar. De aí que neste capítulo se estude tamén o posible influxo da recente normativa sobre o grupo de idade máis novo (15-24 anos) da mostra. Nun ámbito tan regulamentado como o ensino e no relativo ás linguas con menor tradición escolar, calquera innovación lexislativa pode provocar cambios significativos que cómpre coñecer tanto para avaliar a eficacia desa norma na aprendizaxe coma os posibles efectos sobre a conduta lingüística dos suxeitos, especialmente nos grupos de poboación máis novos, nos que está depositado en gran medida o porvir do galego.

Así mesmo, neste capítulo, do mesmo xeito que nos anteriores, analízase o efecto que poden ter as distintas variables sociolóxicas e sociolingüísticas no comportamento lingüístico escolar, con especial atención ao tramo de idade máis novo, polas razóns que acabamos de expoñer.

Por último, compáranse os datos obtidos cos seus equivalentes da mostra de 1992 coa intención de obter unha aproximación á evolución do uso lingüístico na escola. Os resultados da comparación deben interpretarse coa cautela necesaria porque, á parte das diferenzas xa subliñadas entre unha mostra e outra pola súa distancia no tempo, os ítems non son totalmente idénticos.

## 6.1. Lingua das clases en primaria e en secundaria

### 6.1.1. *Datos xerais da lingua das clases en primaria e en secundaria*

Este apartado recolle os resultados dos ítems cos que se sondou a lingua empregada polo profesorado para impartir clase en primaria e secundaria (figura 6.1). As dúas preguntas referidas a este uso responden á seguinte formulación: “en que lingua recibiu as clases de primaria (EXB)?” e “en que lingua recibiu/e as clases de secundaria (BUP/COU/ciclos formativos)?”. O entrevistado podía elixir entre cinco posibilidades de resposta, desde “todo en castelán” ata “practicamente todo en galego”<sup>50</sup>. A categoría “todo en galego” foi desbotada porque esa posibilidade non se produce no actual sistema educativo galego, suposto ratificado pola aplicación do cuestionario experimental á mostra piloto na que non se rexistraron respostas a esta opción.

Os resultados que recolle a figura 6.1 indican con claridade que o castelán é a lingua na que os enquisados recibiron maioritariamente as clases, tanto en educación primaria como en secundaria. A suma dos resultados de ‘todo en castelán’ e de ‘practicamente todo en castelán’ indica que o 68,9% da mostra de primaria e o 55,8% da de secundaria recibiu a docencia nalgunha destas modalidades. As clases bilingües con predominio do galego supoñen só un 5,8% na primaria e unha décima parte na secundaria. O uso practicamente en galego nas dúas etapas representa só o 3,3%.

50

P.19. En que lingua recibiu as clases de primaria (EXB)?

Practicamente todo en galego

Máis en galego que en castelán

Máis en castelán que en galego

Practicamente todo en castelán

Todo en castelán

P.20. En que lingua recibiu as clases de secundaria (BUP/COU/ciclos formativos)?

Practicamente todo en galego


Máis en galego que en castelán

Máis en castelán que en galego

Practicamente todo en castelán

Todo en castelán






**Figura 6.1.** *Lingua das clases en primaria e en secundaria*

Comparando os resultados de cada unha das dúas etapas educativas obsérvase unha diminución de 13,1 puntos porcentuais da primaria á secundaria nas modalidades de ensino máis castelanizadas e unha maior tendencia ao ensino bilingüe con predominio do castelán nesta última, cun incremento de 9 puntos, do 22% ao 31%. En secundaria, tamén aumenta 4,1 puntos o emprego bilingüe con maioría galego. Da lectura conxunta destes resultados do uso bilingüe maioritario nun ou noutro idioma dedúcese a maior tendencia á docencia bilingüe (13,1 puntos) na secundaria que na primaria.

### 6.1.2. *Lingua das clases en primaria e en secundaria segundo a idade*

Coñecidos os resultados xerais das variables da lingua das clases nas dúas etapas educativas obrigatorias vexamos a súa distribución por idade. Hai que sinalar que desde a aprobación do decreto 247/1995 e da recollida dos datos desta enquisa transcorreran 9 anos, co que esta lexislación só atinxiu parcialmente aos suxeitos da mostra, en concreto, a unha parte do grupo de idade máis novo, o de 15 a 24 anos. Cómpre insistir en que non todo o grupo de idade de 15-24 anos da mostra de 2004, os nados entre 1980 e 1989, resultou afectado por igual pola implantación desta normativa. Supoñendo unha escolarización aos 6 anos en primaria, só aos entrevistados de 15 anos lles concerniría a aplicación do decreto desde o inicio desta etapa; aos de 24, unicamente nos tres últimos cursos, caso de cursaren todo o ciclo non universitario. Polo tanto, cabe esperar un menor influxo desa normativa coa maior idade dos enquisados.

A continuación presentamos as puntuacións medias da distribución do uso lingüístico na docencia en primaria e en secundaria segundo a variable idade dos enquisados (figura 6.2).



**Figura 6.2.** *Lingua das clases en primaria e en secundaria segundo idade*<sup>51</sup>

O trazo máis salientable da distribución da lingua das clases en primaria e en secundaria por idade é a progresiva inclusión do galego nas aulas coa incorporación das xeracións máis novas. Na primaria sobe dunha media de 1,61 (correspondente a un uso total ou practicamente en castelán) no grupo de maior idade a 2,66 no máis novo, preto de ‘máis castelán ca galego’. Na secundaria, a ganancia é aínda máis marcada xa que ascende de 1,62 a 2,95, cunha maior presenza de galego no grupo máis novo. Así mesmo, o ritmo de incorporación do galego á docencia parece máis intenso nesta última etapa educativa que na primaria.


Para coñecer máis polo miúdo a situación no grupo de menor idade, o correspondente ao período posterior á implantación do devandito decreto 247, analizouse a distribución da lingua das clases por anos de idade dos entrevistados.

O grupo de 15 anos en 2004, nado en 1989 e escolarizado en primaria aos 6 anos, é dicir, o ano de implantación do decreto de 1995, sería o que máis docencia recibiu en galego; ao de 21 anos, nado en 1983, só lle atinxiría en secundaria.


Os datos que achega a figura 6.3 amosan unha tendencia ao aumento do uso do galego na docencia a medida que se descende na escala de idade, supostamente, como resultado da aplicación do citado decreto 247. De feito, aínda que cómpre interpretar con cautela estes datos, a media da lingua da docencia en secundaria sobe 0,54 puntos do grupo de 24 anos ao de 15,

<sup>51</sup> Para obter a media da lingua das clases en primaria e secundaria asignóuselle un valor de 1 a todo en castelán, 2 practicamente todo en castelán, 3 máis en castelán ca en galego, 4 máis en galego ca en castelán e 5 practicamente todo en galego.

aproximándose ao valor 3,5 intermedio entre máis castelán e máis galego. Na primaria, as melloras son semellantes.



**Figura 6.3.** *Lingua das clases en primaria e en secundaria (tramo 15 a 24)*  
*Distribución por anos dos entrevistados*<sup>52</sup>



**Figura 6.4.** *Lingua das clases en primaria e en secundaria (tramo 15 a 24 anos)*


<sup>52</sup> O nivel de representatividade da mostra é por tramos de idade non por anos.

Para unha visión máis polo miúdo, completouse a análise da lingua na que recibiron as clases os suxeitos de 15 a 24 anos coa distribución por porcentaxes (figura 6.4). Os resultados amosan que a opción dominante nas dúas etapas educativas obrigatorias é 'máis castelán' (37,9% en primaria e 44,4% en secundaria). Na primaria, a segunda categoría é 'practicamente castelán' (33,2%), na secundaria a segunda opción máis elixida é máis galego (24,1%). Os resultados confirman, pois, que a lingua galega está máis presente na docencia de secundaria que na de primaria.

Contrastados os resultados das porcentaxes do grupo 15 a 24 anos (figura 6.4) cos dos datos xerais (figura 6.2), observouse que na primaria a opción 'todo en castelán' decae 24,9 puntos, do 36,8% na mostra xeral ao 11,9% no grupo máis novo. Na secundaria o descenso é algo menor, 21,7 puntos, do 28% ao 6,3%. En definitiva, mentres a maioría da mostra se sitúa arredor das categorías 'todo en castelán' e 'practicamente todo en castelán' no tramo de idade máis novo a opción máis frecuente é 'máis castelán'.

Con vistas ao futuro será importante analizar a evolución destes resultados e o influxo da lexislación máis recente sobre os comportamentos lingüísticos na escola, xa que se poderá contar con suxeitos que permaneceron no sistema educativo non só desde o inicio da aplicación do decreto 247/1995, senón da máis recente lexislación escolar sobre a lingua galega.

### 6.1.3. *Lingua das clases en primaria e en secundaria segundo o hábitat de nacemento*



**Figura 6.5.** *Lingua das clases en primaria e en secundaria segundo o hábitat de nacemento*


Para a análise da lingua da docencia, ademais do reparto por idade, é preciso coñecer a súa distribución xeográfica porque, aínda que a lexislación incumbe a todo o territorio, podería existir algunha relación co uso dominante no contorno, á parte da utilidade de coñecer o uso docente por hábitat para corraxir eivas da planificación lingüística escolar. Con esta finalidade, realizouse un cruzamento da lingua das clases co hábitat de nacemento do enquisado.

Como se pode ver na figura 6.5, o uso do castelán na docencia é maioritario en todos os hábitats de nacemento, tanto en primaria como en secundaria. As puntuacións medias oscilan entre o 2 de 'practicamente todo en castelán' e o 3 de 'máis en castelán ca en galego'. Por etapa educativa, mantense a tendencia xa vista do maior emprego do galego na docencia de secundaria en todos os hábitats. Aínda que as variacións entre os cinco tipos de hábitat son pequenas, cómpre comentar que na orixe urbana tende a aumentar a presenza do castelán. As medias máis favorables ao galego corresponden ás entidades de 10.001 a 20.000 habitantes.

## 6.2. Usos lingüísticos no ámbito escolar

### 6.2.1. Datos xerais dos usos lingüísticos no ámbito escolar

Neste apartado trátanse os usos lingüísticos no ámbito escolar, tanto os considerados informais (a lingua cos compañeiros) coma os máis formalizados (a lingua co profesorado). Dada a importancia da lingua escrita na escola, explórase tamén a situación desta variedade. Coma en apartados anteriores, distínguese entre primaria e secundaria en atención ás diferenzas no tratamento lingüístico que se dá a cada nivel.



**Figura 6.6.** *Lingua na escola*

A figura 6.6 recolle os resultados en porcentaxes das variables correspondentes ao ámbito escolar. Inclúe tamén os datos do uso habitual para facilitar a comparación.

A característica máis salientable é a presenza minoritaria da lingua galega en todas as dimensións analizadas. De feito, se comparamos os resultados do uso escolar cos da variable lingua habitual advírtese que mesmo o emprego do galego cos compañeiros en primaria (só e máis galego: 27,2%) está 11,4 puntos por debaixo do uso habitual.

Ademais disto, a presenza do galego na escola é maior nos usos informais, é dicir, nas relacións cos compañeiros tanto en primaria (só e máis galego: 27,2%) coma en secundaria (só e máis galego: 22,3%). En cambio, menos da décima parte (9,7%) dos entrevistados, sumados os dous usos, declaran empregalo na lectura e na escrita.

Por outra banda, a relación do alumnado co profesorado presenta unha tendencia ao abandono do galego respecto do uso cos compañeiros, máis marcado aínda se o comparamos co uso habitual. En primaria, na interacción co profesorado o emprego do galego decae 9,5 puntos en relación co dos compañeiros, e 20,9 en relación co habitual; en secundaria, aínda que as diferenzas tenden a reducirse (3,7 puntos respecto aos compañeiros e 20 respecto ao habitual) seguen sendo significativas.

A seguinte figura recolle os resultados do uso na escola en medias:

Usos lingüísticos na escola	Media	Desviación Típica	Correlación coa lingua habitual
Lingua habitual	2,28	1,02	1,000
Lingua cos compañeiros de primaria	1,97	1,10	0,640**
Lingua cos compañeiros de secundaria	1,87	1,01	0,638**
Lingua cos profesores de secundaria	1,81	0,93	0,522**
Lingua cos profesores de primaria	1,75	0,95	0,481**
Lingua da lectura na escola	1,6	0,86	0,280**
Lingua da escritura na escola	1,6	0,87	0,297**

\*\*A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

**Táboa 6.1.** *Lingua que fala/ba na escola e a súa correlación coa lingua habitual*

Os resultados da táboa 6.1 corroboran os trazos principais que definen o uso lingüístico escolar en Galicia:

- A maior presenza do castelán. Todas as medias dos usos escolares, ademais de seren inferiores aos datos de uso habitual, sitúanse no tramo de uso só ou maioritario do castelán.
- A existencia de tres niveis de uso segundo o grao de formalidade (cos compañeiros, co profesorado e na lectoescritura) e de maior a menor presenza do galego, con notorias diferenzas entres os tres usos, sobre todo entre os extremos do continuo 'informal-formal' (0,37).

- A distancia de todos eles respecto da lingua habitual do alumnado.

Estas características recordan, unha vez máis, a considerable separación entre a lingua usada habitualmente polos suxeitos e a que empregan no seu ámbito escolar. Poderíase soste que esta diferenza por usos de linguas distintas reproduce a coñecida entre a variedade coloquial, común no alumnado cos seus compañeiros, e a variedade estándar da docencia ou da escrita.

Analizando as relacións entre a lingua habitual e os seus usos orais na escola atopouse que as correlacións máis altas se dan co comportamento lingüístico dos compañeiros de primaria ( $r^2=0,640$ ) e as máis baixas coa lingua cos profesores de primaria ( $r^2=0,481$ ). Estes resultados, revalidan as distancias sinaladas entre os comportamentos lingüísticos formais en primaria e a lingua habitual.

Pola súa parte, as correlacións entre a lingua habitual oral e a lingua da lectura e da escritura na escola son baixas, proba do escaso peso desta variable nestes ámbitos.

Na táboa seguinte expóñense os resultados das correlacións entre as variables que resumen as condutas lingüísticas na escola.

	Compañeiros primaria	Compañeiros secundaria	Profesores primaria	Profesores secundaria	Lectura na escola	Escritura na escola
Compañeiros primaria	1	0,879*	0,724*	0,628*	0,367*	0,388*
Compañeiros secundaria	0,879*	1	0,736*	0,778*	0,420*	0,448*
Profesores primaria	0,724*	0,736*	1	0,869*	0,483*	0,497*
Profesores secundaria	0,682*	0,778*	0,869*	1	0,476*	0,497*
Lectura na escola	0,367*	0,420*	0,483*	0,476*	1	0,918*
Escritura na escola	0,388*	0,448*	0,497*	0,497*	0,918*	1

\* $p<0,01$

### **Táboa 6.2.** *Correlacións dos usos lingüísticos na escola*

En xeral, a táboa 6.2 vén consolidar os trazos indicados anteriormente. Pódese destacar que:

- A lingua da lectura e da escrita son as variables máis relacionadas entre si ( $r^2=0,918$ ) e menos interrelacionadas co resto.
- A segunda relación máis alta é a que se produce entre a lingua cos compañeiros en primaria e en secundaria ( $r^2=0,879$ ), indicio da pouca variación entre as dúas etapas no tocante ao comportamento oral informal.

- A relación entre a lingua cos compañeiros en primaria e a lingua da lectura ( $r^2 = 0,367$ ) e da escritura ( $r^2 = 0,388$ ) é baixa, proba da disonancia entre o comportamento oral informal e o escrito.
- Por último, é de salientar que hai unha relación importante entre a lingua falada cos compañeiros e co profesorado de primaria ( $r^2 = 0,724$ ) e a lingua falada cos compañeiros e co profesorado de secundaria ( $r^2 = 0,778$ ), mostra das escasas diferenzas por etapa educativa.

### 6.2.2. Variables que inflúen nos usos lingüísticos escolares

Coñecidos os datos xerais sobre o uso lingüístico escolar, débese analizar a relación destes usos co grupo de variables independentes que se veñen tomando como referencia para caracterizar o uso desde o punto de vista sociolingüístico.

Na táboa 6.3 recóllense os resultados da proba T de Student e Anova One Way xunto cos seus niveis de significación. Nos apartados seguintes desenvolveranse por separado as análises de cada unha das variables que resultaron significativas.

F/T	Compañeiros primaria	Compañeiros secundaria	Profesores primaria	Profesores secundaria	Lectura na escola	Escritura na escola
Lingua inicial	1439,63**	868,79**	541,73**	449,03**	242,70**	261,89**
Lingua habitual	823,29**	705,29**	385,87**	375,14**	205,35**	239,93**
Hábitat de nacemento	417,79**	260,03**	170,80**	137,33**	63,65**	64,83**
Hábitat de residencia	291,76**	183,66**	170,73**	112,45**	83,02**	79,46**
Estudos	115,67**	18,46**	22,39**	14,08**	4,13**	4,64**
Idade	25,68**	9,43**	39,124**	74,37**	167,45**	155,29**
Ocupación	19,96**	11,37**	5,65**	5,51**	3,46**	3,21**
Xénero	7,40**	8,77**	5,80**	6,35**	5,29**	5,29**
Ingresos	6,55**	2,77 *	5,97**	3,35**	2,76 *	2,25 *

\* $p < 0,05$ ; \*\* $p < 0,01$

**Táboa 6.3.** Variables sociolingüísticas, sociolóxicas e educativas que inflúen na lingua da escola. Proba ANOVA ONE WAY e T de Student


### 6.2.3. Usos lingüísticos na escola segundo a lingua inicial

Na figura 6.7 constan os resultados de cruzar a variable lingua inicial coas do uso escolar.

O principal resultado deste cruzamento é o mantemento do uso do galego cos compañeiros de primaria e secundaria nos galegofalantes iniciais. Neste sector da poboación o efecto da lingua inicial vaise diluíndo a medida que os usos son



máis formais (lingua co profesorado, tanto de primaria coma de secundaria). De feito, nos usos lectoescritores as diferenzas nestas condutas lingüísticas entre as persoas que aprenderon a falar nunha ou noutra lingua son reducidas.



**Figura 6.7.** *Lingua na escola segundo a lingua inicial*

Por outra banda, é importante sinalar que o alumnado de lingua inicial castelá (só ou máis castelán) apenas varía o seu comportamento lingüístico na escola. Pola contra, son os suxeitos con lingua inicial galego (só ou máis galego) os que utilizan menos o seu idioma, sobre todo co profesorado e na lectoescritura, é dicir, nos usos formais.

Respecto dos usos informais, representados pola lingua cos compañeiros, nos individuos que aprenderon a falar en galego obsérvase que a relación coa lingua inicial é menor na secundaria ca na primaria. En cambio, o alumnado de só ou máis castelán usa máis esta lingua cos compañeiros en secundaria que en primaria.

Con obxecto de afondar nos resultados dos usos escolares segundo a lingua inicial acudiuse á expresión en porcentaxes nalgunha das variables. Como vimos, os enquisados que aprenderon a falar só ou máis galego utilizaban máis este idioma cando interaccionaban cos seus compañeiros de primaria ca no resto de situacións escolares. De feito, dos que aprenderon a falar soamente en galego, o 51,6% usaba só esta lingua cos compañeiros de primaria, o 19,3% falaba máis galego, o 13,4% facíao en máis castelán e o 15,7% empregaba só castelán. É dicir, case o 30% dos monolingües iniciais en galego utilizaba o castelán co seu grupo de iguais en primaria. Esta porcentaxe aumentaba ao 47,8% nos enquisados bilingües iniciais de maioría galego. Respecto do


grupo de castelanfalantes, as porcentaxes de uso do galego cos compañeiros de primaria redúcense ao 5,5% nos monolingües iniciais e ao 8,6% nos bilingües.

As porcentaxes de uso co profesorado de primaria indican que soamente o 28,6% dos monolingües iniciais en galego utilizaban só galego para dirixirse aos seus profesores, o 14,7% máis galego, o 22,7% máis castelán e o 34,1% só castelán. É dicir, o 56,8% dos monolingües iniciais en galego usaba o castelán para dirixirse ao profesorado de primaria. A porcentaxe aumentaba a 67,3% nos bilingües iniciais en galego. Pola contra, soamente o 4,3% dos monolingües iniciais en castelán e o 7,8% dos bilingües iniciais maioritarios nesta lingua empregaban o galego para dirixirse ao seu profesorado de primaria.

Os datos xerais manifestan unha escasa presenza do galego na lectoescritura. De feito, no grupo de monolingües iniciais en galego soamente o 12% escribía só en galego na escola e o 9,9% en máis galego, mentres que o 32,6% utilizaba máis o castelán e o 45,1% só esta lingua.

Os resultados melloran no grupo de idade máis novo. Nel (figura 6.8) observouse un aumento considerable do uso do galego na escola, o que reflicte o efecto do novo modelo lingüístico educativo.

As diferenzas máis significativas deste grupo fronte aos datos xerais son o aumento do uso do galego na lectura e na escritura, sobre todo nos usuarios habituais desta lingua, aínda que tamén esta recuperación, se ben en menor grao, é perceptible nos falantes de castelán. Así mesmo, cómpre subliñar que os monolingües iniciais en galego usan esta lingua en maior medida na escritura ca na lectura, circunstancia que podería estar relacionada cunha carencia de material de lectura en galego na escola, que afectaría especialmente aos tramos de maior idade.




**Figura 6.8.** Lingua na escola segundo a lingua inicial (tramo de idade 15 a 24 anos)

Importa tamén salientar unha redución da distancia entre os usos formais e informais nos galegofalantes iniciais. A utilización do galego co profesorado tanto na primaria como na secundaria aumentou significativamente, máis ca os usos informais, aínda que nestes últimos a presenza do galego nas súas interaccións sexa maior.

#### 6.2.4. Usos lingüísticos na escola segundo a lingua habitual

Os resultados do cruzamento dos usos escolares coa lingua habitual dos enquisados manteñen as mesmas tendencias ca as amosadas na análise da variable lingua inicial (figuras 6.7 e 6.8).

Os monolingües en galego e os bilingües maioritarios neste idioma mantiñan usos distintos no ámbito escolar segundo a situación fose máis formal, cos profesores, ou máis informal, cos compañeiros. Na figura 6.9 pode apreciarse que o emprego do galego vai diminuindo a medida que aumenta o grao de formalidade. Esta tendencia parece máis habitual na lingua cos profesores de primaria que cos de secundaria. Se a análise parte das porcentaxes, podemos observar que o emprego do galego cos compañeiros decae do 75,7% nos monolingües en galego que utilizaban só ou máis galego para tratar cos seus iguais de primaria, ao 50,6% no caso de dirixirse aos seus profesores.




**Figura 6.9.** *Lingua na escola segundo a lingua habitual*

Os resultados do uso lectoescritor na escola indican que mentres os suxeitos monolingües en castelán e bilingües maioritarios neste idioma utilizaron case unicamente o castelán para ler e escribir na escola, os entrevistados monolingües en galego e bilingües de maioría galego usaron maioritariamente o castelán

para ler e escribir. De feito, analizadas as porcentaxes da lingua da lectura na escola advírtese que só o 27,1% dos monolingües en galego e o 15,3% dos bilingües de maioría galego escribían habitualmente neste idioma na escola. Se se trata dos castelanfalantes obsérvase que o 98,5% dos monolingües nesta lingua e o 95,6% dos bilingües de maioría castelá escribían nesta lingua na escola.

Se illamos o grupo de menor idade (15-24 anos), os resultados manteñen a mesma tendencia no cruzamento por lingua inicial que pola habitual (figura 6.10). Neste tramo, cómpre sinalar que o uso cos compañeiros nos monolingües en galego, tanto en primaria como en secundaria, está moi galeguizado acadando puntuacións próximas ao 3,5, valor intermedio entre 3 de máis galego e 4 de só galego. Por outra banda, os usos dos galegofalantes aseméllanse cada vez máis aos castelanfalantes respecto á súa homoxeneidade, é dicir, os entrevistados tenden a utilizar a mesma lingua independentemente do seu nivel de formalidade. Nos galegofalantes, tende a aumentar o uso lectoescritor en galego, se ben, as puntuacións aínda non están igualadas.




**Figura 6.10.** Lingua na escola segundo a lingua habitual (tramo 15 a 24 anos)

### 6.2.5. Usos lingüísticos na escola segundo o hábitat de nacemento


A figura 6.11 recolle os resultados do cruzamento entre o hábitat de nacemento e as variables que representan o uso escolar.

Se analizamos este cruzamento podemos observar que só no caso dos usos informais nos hábitats de menos de 5.000 habitantes as puntuacións superan o valor central da escala.



**Figura 6.11.** *Lingua na escola segundo o hábitat de nacemento*

Os datos indican que o uso do galego na interacción escolar é menor a medida que o ámbito é máis urbano. Na lectura e na escritura as diferenzas tenden a neutralizarse, aínda que indican un claro predominio do castelán, máis acusado co maior carácter urbano.




**Figura 6.12.** *Lingua na escola segundo o hábitat de nacemento (tramo 15 a 24 anos)*

Por outra banda, da lectura horizontal dos resultados tírase que as distancias entre as medias do uso informal e as dos usos máis formalizados coma a escrita tenden a reducirse coa condición máis urbana, indicio da maior coincidencia destes usos no urbano e de que é co maior carácter rural cando empeza a emerxer nos enquisados o comportamento diglósico co uso dunha lingua para a formalidade e outra para a familiaridade cos iguais. As puntuacións correspondentes ás cidades grandes amosan unha distancia de só 0,08 puntos. Pola contra, nas entidades de menos de 5.000 habitantes a distancia é de 1 punto, diferenza moi significativa.

A continuación preséntanse os resultados dos usos lingüísticos escolares no tramo de idade máis novo (figura 6.12) por hábitat de nacemento. En comparación cos datos xerais, as medias indican un aumento xeneralizado do uso do galego co profesorado, na lectura e na escritura. Esta suba é máis marcada nos hábitats con menor número de habitantes e en maior medida co profesorado de secundaria que co de primaria. Porén, advírtese un descenso nos usos cos compañeiros de primaria e de secundaria, é dicir nos usos máis informais.

#### 6.2.6. Usos lingüísticos na escola segundo o hábitat de residencia


Os resultados obtidos do cruzamento da variable que estamos a analizar coa de hábitat de residencia son case idénticos aos que se obtiveron no cruzamento por hábitat de nacemento. A diferenza máis salientable é que as puntuacións medias son lixeiramente inferiores en todos os casos.



**Figura 6.13.** *Lingua na escola segundo o hábitat de residencia*

### 6.2.6.1. Usos lingüísticos na escola nas sete cidades principais

Despois de observar como nos hábitats de máis de 50.000 habitantes o galego estaba tan pouco presente (figura 6.6) e que a variación dun a outro uso era reducida, decidiuse afondar neste medio para observar se ese comportamento lingüístico é tan homoxéneo e castellanizado en todas as cidades (figura 6.14).



**Figura 6.14.** *Lingua na escola nas sete cidades principais*

Unha visión xeral dos resultados confirma que en todas as cidades grandes o uso escolar está moi castellanizado. Todas as medias se sitúan no intervalo (1-2), é dicir, entre só castelán e maioría neste idioma. Por outra banda, as medias indican diferenzas importantes entre as distintas cidades:

- Santiago, Lugo e Ourense son as máis galeguizadas nos usos lectoescretores e nos orais máis formais, como na lingua co profesorado. No uso cos compañeiros, estas tres cidades presentan algunhas diferenzas. Santiago e Lugo obteñen medias superiores fronte ao resto de usos na escola e fronte ao resto de cidades.
- O grupo de cidades formado pola Coruña, Vigo e Pontevedra, con puntuacións arredor do 1,5, ocupan un valor intermedio entre a categoría ‘máis castelán’ e ‘só castelán’. Ademais este grupo de cidades amosa comportamentos semellantes en todas as variables de usos na escola con diferenzas pouco relevantes entre as dimensións formal-informal e oral-escrito.
- Ferrol é a cidade máis castellanizada nos usos escolares. As puntuacións sitúanse no intervalo (1,30-1,40), excepto na lingua cos profesores en

secundaria que aumenta lixeiramente (1,45). En definitiva, nesta cidade os usos en todos os ámbitos son claramente maioritarios en castelán e apenas existen diferenzas por continuos formal-informal e oral-escrito.


### 6.2.7. Usos lingüísticos na escola segundo o nivel de estudos

Na análise dos usos lingüísticos na escola segundo os estudos desbotáronse os suxeitos que sinalaron nesta variable a opción 'sen estudos'. Así mesmo, nos usos referidos ao nivel de secundaria non se tiveron en conta os enquisados que non cursaron esta etapa, é dicir, os que seleccionaron a opción 'primarios'.

Os resultados da figura 6.15 indican que as persoas con estudos primarios son as que utilizan máis o galego nas interaccións cos seus compañeiros. Tamén é este grupo o que amosa a maior diferenza entre a lingua utilizada cos compañeiros e a utilizada co profesorado (0,54 puntos), feito que confirma a tendencia diglósica a cambiar ao castelán nas interaccións escolares máis formais.

Por outro lado, atopáronse diferenzas significativas entre os niveis de ESO e FP e os de bacharelato e universitarios. Os primeiros obtiveron puntuacións máis altas, tanto nos usos informais como nos formais, ca os segundos.

Por último, hai que sinalar que na variable referida á escritura non se dan diferenzas significativas entre uns niveis e outros.



**Figura 6.15.** *Lingua na escola segundo o nivel de estudos*




### 6.2.8. Usos lingüísticos na escola segundo a idade

O cruzamento das variables relacionadas cos usos lingüísticos na escola por idade permítenos coñecer a súa evolución no tempo, e os seus resultados mesmo poderían servir de referencia para unha predición a curto prazo.

Analizados os usos lingüísticos na escola segundo a idade dos suxeitos (figuras 6.16 e 6.17) reafírmase a tendencia xa observada en cruzamentos anteriores (figuras 6.2 e 6.3) dun incremento do galego no grupo de idade máis novo, agás na interacción cos compañeiros en primaria.

Este aumento é máis evidente nos contextos máis formais, caso da lingua co profesorado ou da lectoescritura, que nos máis informais como na lingua cos compañeiros de secundaria, onde o incremento é só de 16 décimas respecto ao grupo de maior idade, o de 45-54. A tendencia é máis evidente na lingua cos compañeiros de primaria, onde a media decae 0,22 puntos no grupo máis novo respecto ao de máis idade.



**Figura 6.16.** Lingua na escola segundo a idade

Este aumento do uso do galego nos ámbitos máis formais comeza a ser máis significativo a partir do tramo de 25 a 34, tendencia que continúa no de 15 a 24 anos.


Se contrastamos estes datos cos da lingua habitual obsérvanse dúas tendencias opostas:

- Os resultados de lingua habitual evidencian unha caída do galego a medida que diminúe a escala de idade dos enquisados.
- Pola contra, nos contextos máis formais coma a lingua cos profesores en primaria, en secundaria, a lingua da escrita e a lingua de lectura,

prodúcese un aumento do uso do galego a medida que se descende na escala de idade dos entrevistados.

Este aumento do uso do galego nos ámbitos máis formais entre a poboación máis nova podería ser unha mostra dos primeiros resultados de aplicar medidas a prol do uso do galego no ensino.

Destes resultados pódese concluír que, malia algunhas melloras entre a poboación escolar máis nova, manifestadas na neutralización das diferenzas entre usos formais e informais, a escola segue instalada maioritariamente no castelán (figura 6.17).




**Figura 6.17.** *Lingua na escola segundo a idade*

Estudos posteriores deberán avaliar se esta mellora do galego na poboación escolar máis nova se debe ao efecto da aplicación do decreto 247/1995 do 14 de setembro ou a súa modificación parcial do 66/1997 do 21 de marzo.

### 6.2.9. Usos lingüísticos na escola segundo a ocupación

A lingua na escola segundo a ocupación (figura 6.18) amosa, de igual forma que en capítulos anteriores, un uso do galego moi superior nos traballadores agrícolas e non cualificados en relación co resto das ocupacións. Esta tendencia non se cumpre totalmente na lingua escrita, xa que as puntuacións nesta variable son moi semellantes. Estes traballadores amosan as maiores diferenzas entre os usos informais, máis galeguizados, e os formais e escritos, máis castelanizados. As distancias das medias acadan 1,10 puntos entre os usos cos compañeiros na primaria e os usos na escrita.

Os profesionais das Forzas Armadas distínguense por obterem as puntuacións máis baixas na lingua cos profesores, tanto de primaria como secundaria, e na escrita na escola.




**Figura 6.18.** *Lingua na escola segundo a ocupación*

### 6.2.10. Usos lingüísticos na escola segundo o xénero


Semellante ao influxo do xénero no comportamento lingüístico familiar, esta variable amosou ter tamén unha influencia significativa sobre os usos lingüísticos na escola.

As medias de uso do galego na escola son, en todos os casos, inferiores nas mulleres ca nos homes (figura 6.19). As maiores diferenzas entre unhas e outras atópanse no uso cos compañeiros, tanto en primaria como en secundaria, e as menores nas referidas á lectura e a escritura. Estes datos sitúanse na tendencia a unha maior galeguización nos homes, xa observada no uso familiar.

Como reflicte a figura 6.20, tamén no grupo de idade máis novo se mantén o maior uso do galego no ámbito escolar, se ben as diferenzas son máis relevantes nas interaccións que nos usos lectoescritores.



**Figura 6.19.** *Lingua na escola segundo o xénero*



**Figura 6.20.** *Lingua na escola segundo xénero (tramo de idade 15 a 24 anos)*

### 6.2.11. Usos lingüísticos na escola segundo os ingresos

A variable ingresos é o indicador con menor peso sobre o uso lingüístico na escola. De feito, os ingresos non inflúen significativamente en todos os comportamentos lingüísticos escolares, e só se cinguen aos máis informais e á lingua co profesorado de primaria.

Por outra banda, débese ter en conta que da comparación dos usos de interacción cos da lectura e da escritura se pode tirar que os ingresos inflúen unicamente sobre os primeiros.





Figura 6.21. Lingua na escola segundo os ingresos

### 6.2.12. Condicionamento da lingua da escola sobre a lingua habitual


Analizada a situación dos usos lingüísticos na escola e comparados coa habitual dos entrevistados, cómpre analizar se o uso escolar inflúe na conduta lingüística da poboación, sobre todo porque á institución escolar se lle encomendan dous labores principais no tocante á lingua galega: o de formar o alumnado nese idioma e o de contribuír a promover o seu uso. Neste apartado explórase a posible influencia da escola sobre a lingua habitual dos suxeitos, a partir das respostas á pregunta directa: “A lingua da escola condicionou a súa lingua habitual?” (p. 21 en anexo 1). Nas posibilidades de resposta ademais de indagar se existiu ese condicionamento ou non, tamén se preguntaba pola dirección do mesmo. Cómpre recordar que se analiza a consciencia do entrevistado sobre o posible influxo da escola na súa lingua habitual.

O 77,9% da mostra cre que a escola non influíu na súa conduta lingüística habitual. Só o 22,1% reconece ese influxo. O 19,3%, é dicir, o 87,3% de quen di estar influído pola escola, considera que a influencia se produciu a favor do uso do castelán e só o 2,8%, o 12,6% de quen respondeu afirmativamente, a prol do galego. As diferenzas entre porcentaxes indican que a escola tería un limitado poder de influencia sobre o uso lingüístico habitual e que dentro destes límites a maior repercusión corresponde ao castelán. Segundo os datos anteriores, a promoción do uso do galego desde a escola segue a ser moi reducida. En

calquera caso, os efectos da escola sobre a conduta lingüística habitual son superiores aos da parella. Recórdese que só o 10,3% dos suxeitos sinalan que a lingua da parella influíu sobre a súa lingua habitual, contra o 22,1% que recoñece o influxo escolar.



**Figura 6.22.** Condicionamento da lingua da escola sobre a lingua habitual



**Figura 6.23.** Condicionamento da lingua da escola sobre a lingua habitual segundo a idade

Os resultados amosan, non obstante, outros valores no grupo de entrevistados máis novo, o de 15 a 24 anos. Neste tramo de idade a porcentaxe de suxeitos que recoñece que a lingua da escola condicionou o seu uso habitual cara ao galego aumenta do 2,8% no grupo de idade inmediato (25-34) ao 5,2%, é dicir 2,4 puntos, e 3,8 respecto do de 35-44. En correspondencia, retrocedeu 4,4 puntos o influxo cara ao castelán en relación co tramo 25-34, e 6,9 puntos desde o de 35 a 44. Estes datos indican que se está a producir un cambio de tendencia no que o efecto castelanizador da escola vai diminuindo a favor do galego. Análises máis miúdas deberán corroborar se esta nova orientación


se debe á aplicación da normativa sobre o uso escolar do galego na escola. Aínda así, os resultados dos distintos tramos de idade indican que o uso escolar repercute máis no habitual do castelán, 15,0% no grupo máis novo, ca no do galego, 5,2%.

### 6.2.13. Evolución dos usos lingüísticos na escola

A seguir compáranse, na medida do posible, os datos dos usos lingüísticos obtidos no MSG-04 cos do MSG-92. Hai que recordar que só os ítems referidos á escrita, co profesorado e cos compañeiros son homologables nas dúas mostras.

O período transcorrido entre unha e outra mostra, á parte dalgunhas diferenzas de método e tamaño mostral, obrigan a axustar todo o posible os datos para poder equiparar os resultados e facer máis fiable a comparación. Para iso, ademais de illar no MSG-92 unha mostra por idade correspondente á do MSG-04, agrupáronse os ítems da lingua cos profesores en primaria e en secundaria do MSG-04 co fin de comparar os seus resultados cos da lingua cos profesores do MSG-92. Tamén se agruparon os ítems da lingua cos compañeiros na clase e no recreo do MSG-92 e do MSG-04 para poder contrastar os seus resultados coa agrupación dos ítems da lingua cos compañeiros en primaria e lingua cos compañeiros en secundaria.

A continuación expóñense os resultados da comparación dos datos dos usos lingüístico na escola en 1992 e en 2004.




**Figura 6.24.** Evolución da lingua na escola

Comparando os resultados do MSG-92 e do MSG-04 obsérvase unha considerable diminución do uso do galego (0,65 puntos nunha escala 1-4) cos compañeiros na mostra de 2004. Pola contra, os datos amosan un aumento significativo de 0,25 puntos do emprego do galego na escrita. Non se advirten cambios salientables no uso co profesorado.

Para unha interpretación correcta destes resultados cómpre ter en conta os datos obtidos noutras variables. Mentres que os resultados de 1992 sinalaban o profesorado como un elemento castelanizador das prácticas lingüísticas do alumnado, os de 2004 apuntan a unha debilitación deste efecto. De feito, no MSG-92 as medias dos usos orais cos compañeiros son moito máis altas ca as dos usos co profesorado, mentres que no MSG-04 non existe unha diferenza tan marcada entre o emprego cos compañeiros e o emprego cos profesores. En resumo, o uso escolar tende a homoxeneizarse independentemente do grao de formalidade da situación.

A comparación entre os datos obtidos no ítem de condicionamento da lingua na escola nos dous momentos temporais (figura 6.25) completa esta breve incursión nas dúas mostras.

En xeral, os resultados obtidos non difiren substantivamente, a porcentaxe de suxeitos non influídos pola lingua das clases é practicamente igual (MSG-04= 77,8%; MSG-92= 78,6%). Analizando a dirección do cambio nas persoas que recoñecen o influxo do uso escolar na súa conduta lingüística habitual, apréciase un aumento de 3,3 puntos nos resultados do MSG-04 a favor do castelán e unha diminución de 2,1 puntos nos favorables ao galego.



**Figura 6.25.** *Evolución do condicionamento da lingua da escola sobre a lingua habitual*



### 6.3. Síntese do capítulo

A continuación sintetízanse as tendencias principais do capítulo do uso escolar segundo os resultados das variables 'lingua na que se imparten as clases', 'lingua cos compañeiros', 'lingua co profesorado', 'lingua utilizada para ler e escribir' e a percepción sobre o 'condicionamento da lingua da escola sobre a lingua habitual'. Estudouse o efecto destas variables para as dúas etapas obrigatorias: primaria e secundaria, e finalmente analizouse a evolución dos usos lingüísticos escolares contrastando os resultados obtidos no MSG-04 cos do MSG-92.

Os datos xerais sobre a lingua das clases, tanto en primaria como en secundaria, mostran que os enquisados recibiron a docencia maioritariamente en castelán. O 68,9% dos enquisados recibiron as clases de primaria en castelán ou a maioría neste idioma. Na secundaria a porcentaxe foi do 55,8%.

A distribución por idade do entrevistado ofrece resultados significativos. A medida que se descende na escala aumenta a presenza do galego nas clases, tanto en primaria como en secundaria. Non obstante, este aumento paulatino aínda se amosa insuficiente, xa que o uso do castelán segue a ser moi maioritario, sobre todo en primaria. De feito, só o 17% do grupo de 15 a 24 anos elixiu a opción práctica ou maioritariamente en galego, fronte ao 30,4% en secundaria. Semella que os cambios lexislativos referidos á lingua na que se deben impartir as clases comezarían a dar os seus froitos, especialmente na secundaria.

Por hábitat de nacemento, os resultados obtidos desvíanse da tendencia observada en capítulos anteriores, na que a maior tamaño da entidade de poboación, menor presenza do galego. Non obstante, no uso escolar, a lingua na que se imparten as clases non varía significativamente por procedencia do alumnado. Esta característica é propia dos tramos de maior idade. No grupo máis novo existen diferenzas significativas, especialmente na educación primaria. De confirmarse este trazo en estudos posteriores, podería deberse ao efecto da nova lexislación sobre a lingua do ensino.

O castelán é a lingua predominante en todos os usos escolares estudados, tanto por niveis educativos coma nas interaccións entre o alumnado, deste co profesorado, na lectura e na escrita.

Contrastando os resultados da lingua habitual cos usos no contorno escolar advírtese que a presenza do castelán na escola é maior da atopada no uso xeral en Galicia. Cruzando os resultados da lingua habitual do entrevistado coas variables que representan o uso escolar vese que está máis relacionado coa lingua cos compañeiros que coa lingua usada cos profesores de primaria. Esta característica denota un posible efecto castelanizador do profesorado: os alumnos empregan en maior grao o castelán co profesorado ca entre si.

Os datos indican que a utilización do galego na escola é maior nos usos informais, con certas diferenzas entre a primaria (27,2%) e a secundaria (22,3%), mentres que apenas está presente (9,7%) na escrita. En primaria o uso do galego cos compañeiros supera en 9,5 puntos o emprego co profesorado. En

secundaria, aínda que se reducen as diferenzas, o uso cos iguais supera en 3,4 puntos o da interacción cos profesores. De novo, o profesorado, sobre todo o de primaria, tende a recorrer en maior medida ao castelán que ao galego. O modelo de conduta que representa o profesor para o seu alumnado pode inducir a este a usar castelán.

En resumo, sobre a relación entre uso escolar e lingua inicial pódese soste que:

- Os usos escolares informais son os máis relacionados coa lingua na que aprenderon a falar os entrevistados. O 70% dos monolingües iniciais en galego usan esta lingua cos seus compañeiros de primaria e o 52,2% cos seus compañeiros de secundaria.
- Respecto á lingua co profesorado, apréciase unha considerable tendencia castelanizadora desta interacción. O 56,8% dos monolingües iniciais en galego utilizan o castelán para dirixirse ao seu profesorado de primaria. Na secundaria o 67,3% dos bilingües iniciais con predominio do galego emprega o castelán para falar cos profesores.
- O efecto da variable lingua inicial ten moita menor repercusión sobre os usos lectoescritores que sobre os outros usos escolares analizados. No grupo de monolingües iniciais en galego unicamente o 12% reconece escribir só nesta lingua e o 9,9% en máis galego, contra o 77,7% que usa o castelán.
- Existe menor correspondencia entre lingua inicial galego ou máis galego cos usos escolares ca entre lingua inicial castelán e estes últimos. Quen aprendeu a falar en castelán presenta un comportamento lingüístico moito máis homoxéneo tanto entre a súa lingua inicial e os usos escolares posteriores como entre os diferentes usos escolares.
- En relación cos resultados do grupo de idade máis novo obsérvase un aumento substancial e xeneralizado do galego na lectura e na escrita, tanto se aprenderon a falar en galego como se o fixeron en castelán. Por outra banda, convén destacar que tenden a reducirse as diferenzas entre os usos formais e informais no grupo de lingua inicial galego.

Os resultados do cruzamento entre os usos escolares e o hábitat de nacemento indican que só na lingua cos compañeiros de primaria nos hábitats de menos de 10.000 habitantes se supera a cota dun uso bilingüe equilibrado. O emprego do galego nas interaccións escolares tende a diminuír a medida que o hábitat de nacemento presenta maior carácter urbano. Pero o seu uso na lectura e na escritura apenas varía por lugar de nacemento, unicamente aumenta lixeiramente en galego no hábitat de menos de 5.000 habitantes.

Por hábitat de residencia mantéñense as mesmas tendencias que polo de nacemento. Sobre as sete grandes cidades, obsérvase que:

- As cidades con maior uso do galego na escola son Lugo, Santiago e Ourense. Nas dúas primeiras o uso cos compañeiros é superior ao emprego cos profesores, en cambio Ourense amosa un comportamento máis homoxéneo no continuo formal-informal. Hai que sinalar que

os usos máis galeguizados corresponden ás condutas lingüísticas cos compañeiros, con puntuacións próximas á opción 'máis castelán'.

- A Coruña, Vigo e Pontevedra son cidades con predominio dos usos lingüísticos entre máis castelán e só castelán. Estas urbes caracterízanse por un emprego lingüístico escolar moi homoxéneo, a diferenza de Lugo e Santiago.
- Por último, a cidade máis castelanizada é Ferrol onde o uso escolar é ademais moi homoxéneo.

Os resultados da análise dos usos lingüísticos escolares segundo os estudos reflicten a tendencia a utilizar máis o castelán a medida que o nivel educativo é máis alto. Esta pauta non afecta á lingua da escritura, na que os estudos non inflúen significativamente.

Analizados os usos escolares dos enquisados por idade observouse unha lixeira recuperación do galego na xeración máis nova. Non obstante, esta presenza aínda non acada os niveis de uso da lingua habitual e mesmo sorprende que o emprego do galego sexa menor na lingua cos compañeiros. O maior uso do galego na escola dos entrevistados máis novos aparece asociado aos usos máis formais e á escrita, este aumento provoca que no tramo de idade máis novo tendan a neutralizarse as diferenzas significativas entre oralidade e escrita e entre formalidade e informalidade.

A interrelación entre uso escolar e xénero amosou que as mulleres utilizan habitualmente menos o galego ca os homes, na liña da tendencia descrita no uso familiar.

Só o 22,1% dos entrevistados sinalou que a lingua da escola influíra sobre a súa lingua habitual. Desta porcentaxe o 2,8% entende que o influxo do uso escolar se produciu cara ao galego. Pola contra, o 19,3%, 16,5 puntos por riba, considera que a influencia favoreceu o emprego do castelán. En definitiva, unha quinta parte reconece o efecto castelanizador da escola.

A idade dos enquisados tamén se relaciona co condicionamento da lingua da escola sobre a habitual. Destacan dous trazos importantes:

- Aínda que no grupo de 15 a 24 anos diminúe substantivamente a porcentaxe de suxeitos que reconece un efecto castelanizador da escola, os valores (15%) seguen sendo importantes, sobre todo en relación cos do galego.
- Aumento da porcentaxe de entrevistados que admite o influxo do uso escolar favorable ao galego na súa lingua habitual. Os valores oscilan do 1,8% no tramo de 45 a 54 ao 5,2% no grupo máis novo.

Malia as diferenzas entre as dúas mostras e a que os ítems das súas enquisas non son totalmente equiparables, é posible apuntar algunhas tendencias que indican a dirección dos cambios durante estes doce anos:

- Diminución da presenza do galego na lingua de interacción do alumnado cos seus compañeiros.
- Aumento da presenza do galego na lingua escrita.

- A pesar da diminución da presenza do galego nas interaccións cos compañeiros tende a manterse a lingua utilizada co profesorado.
- Debilitamento do influxo a prol do castelán do profesorado.

O recoñecemento do influxo da escola sobre a lingua habitual apenas difire entre as dúas enquisas, as principais diferenzas afectan á dirección do cambio. A enquisa do 2004 reflicte unha porcentaxe algo máis alta de persoas que sinalan que a escola influíu na súa lingua habitual cara ao castelán (19,8% fronte ao 16,5%) e unha porcentaxe menor cara ao galego (2,8% fronte ao 4,9%).

## Usos lingüísticos no traballo

O estudo dos usos lingüísticos no ámbito laboral contribúe notablemente ao coñecemento da situación sociolingüística dunha comunidade, non só pola ampla variedade de interaccións que nel se producen, senón polo conxunto de factores que nelas interveñen. É un dos medios máis acaídos para afondar no influxo das relacións de poder e solidariedade, da imaxe empresarial que se quere ofrecer no ámbito mercantil, do prestixio de cada lingua ou da repercusión do seu uso sobre a conduta lingüística dos suxeitos.

Pero o lugar de traballo tamén é propicio para que os suxeitos poidan cambiar de lingua. Das moitas razóns, cómpre recordar por exemplo as de tipo pragmático relacionadas coas expectativas de ascenso social, ou as de carácter integrativo vinculadas á conformación e reprodución dunha identidade de grupo. Este conxunto de elementos fai do estudo dos usos lingüísticos no traballo un obxecto de grande interese sociolingüístico.

No cuestionario do MSG-04 incluíronse preguntas semellantes ás utilizadas no MSG-92 para poder comparar posteriormente os resultados do comportamento lingüístico no contorno laboral<sup>53</sup>. Deste xeito, os datos permiten seguir a evolución dos usos lingüísticos no traballo, alén de proporcionar información máis recente sobre a súa situación neste ámbito.

Neste capítulo analízase a lingua predominante no traballo e a que utilizan os enquisados en diferentes situacións comunicativas características dese contexto:

- Lingua falada no traballo.
- Lingua falada cos compañeiros de traballo.
- Lingua falada cos superiores no traballo.
- Lingua falada cos subordinados no traballo.
- Lingua falada cos clientes.


<sup>53</sup> Preguntas 15, 16 e 23 do cuestionario do MSG-04 no anexo I e comparación entre os ítems do MSG-04 e do MSG-92 no apartado 5.10 deste capítulo.

### 7.1. Datos xerais da lingua no traballo

Na figura 7.1 amósanse os resultados xerais das variables anteriores, xunto cos da lingua habitual. Deles pódense tirar as seguintes tendencias, características do uso neste medio laboral:

- A estimación dun notorio predominio do bilingüismo (69,3%), segundo os resultados da variable lingua no traballo, entendida como unha percepción xeral do uso neste ámbito e, en correspondencia, unha menor presenza (30,7%) do monolingüismo.
- A preeminencia do castelán sobre o galego sumando as categorías só e máis no uso de cada idioma.
- A similitude dos usos entre as relacións cos superiores e cos subordinados onde se advirte un considerable aumento do uso monolingüe en castelán.

En relación cos resultados anteriores hai que destacar a percepción dunha presenza significativamente menor do monolingüismo en castelán en comparanza co que se observa nas distintas interaccións e na lingua habitual. Este feito pode estar relacionado coa composición da mostra por idades. O comportamento lingüístico dos maiores de 54 anos, non seleccionados no estudo, podería influír nesa idea de maior uso do galego no traballo. Outra posible explicación a esta aparente contradición podería obedecer a unha tendencia a sobrevalorar as alternativas bilingües nas preguntas que non se refiren ao comportamento do enquisado.



**Figura 7.1.** *Lingua no traballo*

Á parte, cómpre resaltar a variación do uso lingüístico respecto da lingua habitual diante dun compañeiro ou un superior. No primeiro caso aumenta o uso do galego 3,4 puntos, mentres que no segundo sobe nunha proporción

semellante, 3 puntos, o emprego do castelán. Aínda que non se trata de valores avultados, estas diferenzas indican o influxo favorable ao galego das relacións de traballo máis informais e simétricas, fronte á influencia a prol do castelán das máis xerárquicas ou formais. As elevadas porcentaxes de monolingüismo en castelán cos superiores (37,3%) e cos subordinados (35,2%) suxiren un certo carácter de norma social na escolla desa lingua para as relacións xerárquicas.

Estes resultados coincidirían cos de estudos cualitativos que vinculan o emprego do galego cunha función simbólico-expresiva da solidariedade grupal entre os traballadores manuais, e o do castelán cunha función de prestixio asociada aos traballadores de maior rango na xerarquía laboral (Bouzada e Lorenzo, 1990).

Por outro lado, as porcentaxes do bilingüismo nas interaccións cos clientes poderían indicar unha tendencia á converxencia co interlocutor como principio de cortesía na relación comercial.

A seguir afóndase no estudo dos usos lingüísticos no traballo analizando a correlación entre a lingua habitual e a lingua utilizada nas diferentes situacións tratadas. Xunto con este estatístico, na táboa 7.1 expóñense as medias e as desviacións típicas en cada unha das variables:

	Media	Desviación Típica	Correlación coa lingua habitual
Lingua no traballo	2,42	0,93	0,588**
Lingua cos compañeiros	2,34	1,13	0,710**
Lingua habitual	2,28	1,02	1
Lingua cos clientes	2,26	1,03	0,672**
Lingua cos subordinados	2,25	1,15	0,705**
Lingua cos superiores	2,17	1,13	0,666**

\*\*A correlación é significativa a un nivel de 0,01 (bilateral).

**Táboa 7.1.** *Lingua no traballo*

As correlacións positivas e superiores a 0,5 indican a tendencia xeral ao mantemento da conduta lingüística habitual. A correlación máis baixa, coa media máis favorable ao galego e a menor dispersión nos resultados, atopámola na lingua no traballo, variable que sintetizaría o clima lingüístico do contorno laboral percibido polo enquisado.

Entre as variables referidas aos usos lingüísticos do suxeito, a correlación máis baixa e, polo tanto, o maior cambio respecto da lingua habitual, dáse na lingua cos superiores, onde a media indica un maior uso do castelán. Fronte á maior tendencia ao cambio de lingua cos superiores, cos compañeiros e cos subordinados dáse maior coincidencia coa lingua habitual.

A lingua cos clientes tamén obtén unha das correlacións máis baixas, pero neste caso o cambio de lingua hai que relacionalo coa hipótese sinalada anteriormente da converxencia co interlocutor, que se traduciría nun maior

grao de uso da outra lingua a través das opcións bilingües, superiores nesta variable ás do resto das interaccións, tal e como se viu na figura 7.1.

## 7.2. Variables sociolingüísticas e sociolóxicas que inflúen nos usos lingüísticos no traballo

Neste apartado estúdanse as relacións entre variables sociodemográficas e sociolingüísticas e os comportamentos lingüísticos no traballo, mantendo o enfoque analítico de capítulos anteriores.

Os resultados das probas ANOVA e T de Student indican que, como era de esperar, as variables sociolingüísticas son as que máis inflúen nos resultados, a bastante distancia das de hábitat, tanto de nacemento como de residencia. A seguir sitúanse os estudos, a ocupación, a idade, o xénero e, por último, os ingresos, que nalgún caso non acada o nivel de significación de  $p < 0,01$ . É preciso subliñar a importancia que adquire nesta análise a variable ocupación, como resulta lóxico dada a natureza do ámbito que estamos tratando.

F/T	Lingua no traballo	Cos compañeiros	Cos superiores	Cos subordinados	Cos clientes
Lingua habitual	1159,52**	2397,94**	1755,84**	1421,14**	1351,08**
Lingua inicial	367,93**	642,71**	529,25**	375,58**	391,86**
Hábitat de nacemento	129,47**	201,95**	162,47**	116,75**	143,70 *
Hábitat de residencia	198,11**	181,18**	152,48**	106,99**	124,39**
Estudos	74,28**	82,384**	57,39**	43,736**	39,10**
Ocupación	28,80**	24,79**	17,32**	13,593*	14,13**
Idade	15,33**	19,49**	12,34**	8,254**	6,776**
Xénero	9,66**	13,86**	11,76**	11,95**	7,41**
Ingresos	3,09**	4,52**	3,77**	2,16 *	2,534 *

\*\*A correlación é significativa a un nivel de 0,01 (bilateral).

\*A correlación é significativa a un nivel de 0,05 (bilateral).

**Táboa 7.2.** Variables sociolingüísticas e sociolóxicas que inflúen nos usos lingüísticos no traballo. Proba ANOVA ONE WAY / T de Student


## 7.3. Usos lingüísticos no traballo segundo a lingua habitual

Como se pode ver na figura 7.2, as puntuacións dos usos no traballo varían notoriamente en función da lingua habitual, o que constata a forte interrelación entre o comportamento lingüístico habitual do enquisado e a lingua utilizada no ámbito profesional. Por outro lado, merece comentario a distancia nas puntuacións entre as dúas linguas, consonte o predominio dunha ou outra na variable lingua no traballo.

Tocante aos resultados nas diferentes categorías da lingua habitual é preciso sinalar as tendencias seguintes:



- A presenza máis elevada da outra lingua na variable lingua percibida no traballo. Esta tendencia constátase nas dúas linguas de instalación e, sobre todo, nos monolingües habituais.
- O descenso do monolingüismo no ámbito do traballo, máis marcado nos galegofalantes.
- O mantemento da lingua habitual por parte dos bilingües.
- O cambio de lingua cos clientes e o seu carácter de norma social, dada a variación en todas as categorías da lingua habitual.
- A influencia castellanizadora da interacción cos superiores en todas as modalidades agás na de monolingües en castelán, que confirmaría neste caso a norma de uso do castelán.
- A coincidencia entre os usos cos compañeiros e a lingua habitual, particularmente nas categorías bilingües, relación que se dá tamén, aínda que en menor medida, nos usos cos subordinados.



**Figura 7.2.** *Lingua no traballo segundo a lingua habitual*


#### 7.4. Usos lingüísticos no traballo segundo a lingua inicial

Seguindo coa análise das variables que teñen máis peso sobre os usos no contorno laboral expóñense na figura 7.3 os resultados dos cruzamentos segundo a lingua inicial. Os resultados obtidos confirman as principais tendencias sinaladas nas análises segundo a lingua habitual, aínda que as menores distancias entre as categorías indican o menor peso desta interrelación. Entre as conclusións máis salientables cómpre destacar:

- A separación entre as dúas linguas nos usos laborais, que neste caso é máis acusada ao reducírense as distancias entre as categorías monolingües e bilingües da lingua inicial.

A coincidencia das categorías, máis evidente na variable lingua no traballo, indica que os monolingües iniciais tenden a adaptarse á lingua que perciben como predominante no traballo. O cambio afecta sobre todo ás interaccións cos superiores e os clientes e, en maior medida, a quen adquiriu inicialmente o galego.

- A tendencia ao bilingüismo, dado o cambio cara a esas opcións dos monolingües iniciais e o seu mantemento por parte dos bilingües iniciais.
- A influencia castelanizadora da interacción cos superiores, tal e como se deduce do maior uso do castelán en todas as modalidades da lingua inicial.
- A maior utilización do galego cos compañeiros, aínda que entre os castelanfalantes iniciais os valores permanecen por debaixo dos predominantes no contexto xeral do traballo.



**Figura 7.3.** *Lingua no traballo segundo a lingua inicial*

## 7.5. Usos lingüísticos no traballo segundo o hábitat de nacemento


A figura 7.4 amosa unha menor variación dos usos lingüísticos no traballo atendendo ao hábitat de nacemento ca a vista nos cruzamentos por variables lingüísticas. Débese ter en conta neste sentido a escasa variación entre os usos no traballo e a lingua habitual en cada tramo de hábitat.

Tocante ás variacións dos resultados, destaca o descenso progresivo no uso do galego segundo aumenta o tamaño poboacional do hábitat en todas as variables. Con todo, o feito de que as variacións do tramo máis pequeno (menos de 5.000) ao maior (máis de 50.000) oscilen entre as puntuacións das

dúas categorías bilingües indica un menor peso do hábitat neste ámbito ca noutros como o familiar ou o escolar, analizados nos capítulos anteriores.

Por outro lado, as diferenzas nas puntuacións entre as variables amosan os trazos seguintes:

- A consideración dunha maior presenza do galego no traballo en relación co seu emprego nas diferentes situacións analizadas.
- As puntuacións máis favorables ao galego na variable lingua no traballo ca na da lingua habitual nos tramos de máis de 10.000 habitantes.
- As pautas xerais de aumento do uso do castelán cos superiores e de mantemento da lingua habitual cos compañeiros.
- As tendencias a aumentar o emprego do castelán cos clientes nos tramos de ata 10.000 habitantes e o do galego nos de máis de 50.000; así como a manter a lingua habitual nos restantes, consonte a liña de converxencia que rexe nesta situación.
- O efecto castelanizador que exerce o ámbito de traballo nos nados en concellos de menos de 10.000 habitantes, que amosan valores menores de uso do galego nas diferentes interaccións que na lingua habitual.



**Figura 7.4.** *Lingua no traballo segundo o hábitat de nacemento*

### 7.6. Usos lingüísticos no traballo segundo o hábitat de residencia


Atendendo ao hábitat de residencia, na figura 7.5 aparecen de novo características comentadas na análise por hábitat de nacemento, como a reducida variación dos usos en cada hábitat e o descenso no uso do galego conforme aumenta o tamaño do hábitat. Alén desas tendencias, pódense salientar as seguintes pautas:

- O descenso máis acusado no uso do galego do tramo de 5.000 habitantes aos seguintes.
- As puntuacións máis favorables ao galego na variable lingua percibida no traballo ca na variable lingua habitual en todos os hábitats, excepto no de menos de 5.000 habitantes.

Cómpre sinalar o mantemento do uso do galego nese tramo, con valores das medidas equiparables á opción máis galego, excepto na variable lingua cos superiores (2,85).

Destacan as distancias entre a lingua no traballo e a lingua cos superiores nos tramos de 5.001 a 10.000 habitantes (0,34 puntos) e de 20.001 a 50.000 (0,32 puntos).

- O maior uso do galego cos compañeiros, cos valores próximos aos da lingua habitual e o menor cos superiores en todos os hábitats.
- O menor uso do galego cos superiores, con distancias reducidas entre os hábitats a partir do de 5.001 a 10.000 habitantes.
- A escasa variabilidade na lingua cos clientes a partir dos 5.000 habitantes.



**Figura 7.5.** Lingua no traballo segundo o hábitat de residencia

### 7.6.1. Usos lingüísticos no traballo nas sete cidades principais

Respecto dos usos lingüísticos no traballo no ámbito urbano, a figura 7.6 amosa unha certa variabilidade entre as sete grandes cidades galegas, aínda que hai que salientar o mantemento das principais características comentadas en apartados anteriores, como a puntuación máis favorable ao galego na variable lingua no traballo que nas de uso dos enquisados, o maior uso do galego cos compañeiros e o menor cos superiores.

Alén desas tendencias, as notas máis salientables deste cruzamento son:

- O maior uso do galego en Santiago e Lugo, con valores da lingua no traballo próximos ao punto central da escala (2,49 e 2,42; respectivamente) e puntuacións moi semellantes entre ambas as cidades nas diferentes interaccións. Destacan as diferenzas especialmente acusadas entre o grao de uso do galego cos compañeiros (2,44 e 2,45) e cos superiores (2,27 e 2,20).
- O maior uso do castelán en Ferrol, Vigo e A Coruña (1,90, 1,96 e 2; respectivamente). Malia as diferenzas na lingua habitual nestas tres cidades, nas variables lingua no traballo e lingua cos clientes as puntuacións son moi semellantes. Na Coruña destaca o alto índice de uso do castelán cos superiores e os subordinados (1,69 e 1,70 respectivamente). En Ferrol e Vigo chama a atención o valor máis alto de uso do galego en todas as variables laborais, especialmente na interacción cos compañeiros, ca o valor do uso do galego como lingua habitual.
- A situación intermedia de Ourense e Pontevedra en relación co grao de uso do galego. Na primeira obsérvase un maior uso en todas as variables, con distancias que acadan 20 centésimas nas interaccións cos compañeiros e superiores. Pola contra, cos clientes as diferenzas non acadan a centésima.




Figura 7.6. Lingua no traballo nas sete cidades principais


### 7.7. Usos lingüísticos no traballo segundo o nivel de estudos

Os resultados da interrelación entre os usos lingüísticos no traballo e o nivel educativo (figura 7.7) seguen a coñecida tendencia de menor uso do galego segundo aumentan os estudos, constatada neste traballo na análise da lingua habitual e de diferentes ámbitos de uso.

Tal e como acontece coa lingua habitual, as distancias nas puntuacións son especialmente marcadas nas categorías sen estudos e primarios respecto ás demais. Nas primeiras predomina o uso do galego, ao se manteren os valores das medias por riba do valor central da escala, aínda que as diferenzas no seu grao de emprego son elevadas, tal e como se deduce das distancias entre as medias. Hai que sinalar tamén a coincidencia das puntuacións das categorías de ESO e FP, dun lado, e de bacharelato e universitarios, doutro, con valores que se aproximan ao punto central da escala no primeiro caso e ao valor 2 (máis castelán) no segundo.

Como trazos máis destacados á parte das tendencias comentadas é preciso sinalar:

- A percepción dunha maior presenza do galego no traballo ca a que reflicten os usos dos enquisados en todos os tramos, agás no de sen estudos.
- A tendencia a aumentar o uso do castelán cos superiores en todos os tramos educativos, o que de novo incide no carácter de norma social desta pauta.
- Certa propensión ao incremento do uso do castelán cos clientes nos grupos de estudos primarios e sen estudos, a manter a lingua habitual nos de ESO e FP e a aumentar o do galego nos de bacharelato e universitarios, consonte a tendencia a converxer co interlocutor neste contexto.



**Figura 7.7.** *Lingua no traballo segundo o nivel de estudos*

## 7.8. Usos lingüísticos no traballo segundo a ocupación

A figura 7.8, síntese do cruzamento entre os usos lingüísticos no traballo e a ocupación, amosa tamén diferenzas significativas entre as puntuacións das variables por tipo de actividade. De acordo con esas diferenzas, pódense establecer tres grandes perfís laborais en canto ao nivel de uso do galego no traballo.


O primeiro grupo fórmano os traballadores agrícolas e non cualificados, con puntuacións medias que se aproximan ao valor 3,5, exceptuando a interacción cos superiores, onde presentan un aumento moi acusado (a media redúcese a 2,91) do uso do castelán.

O segundo está constituído polas demais ocupacións, agás as Forzas Armadas, que amosan en liñas xerais un maior grao de uso do castelán, nas profesións de tipo técnico ou relacionadas con tarefas administrativas. A ordenación, de maior a menor grao de uso do galego no traballo respondería á seguinte xerarquía: (a) capataces e persoal encargado, (b) propietarios e xerentes da hostalería, comercio e agricultura e traballadores cualificados e semicualificados, (c) profesionais, técnicos e similares, (d) membros do goberno e directivos das administracións públicas, (e) persoal dos servizos, (f) comerciantes, vendedores e similares, (g) persoal administrativo e cadros medios. A maior distancia nas puntuacións da variable lingua no traballo nestas ocupacións é de 0,46 puntos, de 2,68 a 2,22, respectivamente.

Neste grupo confírmase as seguintes tendencias xerais:

- A percepción dun maior uso do galego no traballo do que se observa no comportamento dos enquisados.
- O maior uso do galego cos compañeiros, con distancias particularmente elevadas respecto das restantes situacións entre os traballadores cualificados e semicualificados da industria. Este resultado coincidiría cos de estudos cualitativos realizados anteriormente.
- O maior uso do castelán cos superiores, especialmente alto nos traballadores de tipo administrativo.
- A menor variación das puntuacións na variable lingua cos clientes, que reitera a norma da converxencia nesta situación.
- É preciso resaltar tamén o elevado uso do galego cos subordinados dos capataces e persoal encargado e dos cadros medios, que coincidiría cunha asociación entre uso do galego e ámbito do taller sinalada tamén en traballos anteriores.

O terceiro grupo correspondería ao persoal das Forzas Armadas, que amosa índices de uso do galego inferiores ao valor 2 da escala. Nesta ocupación percíbese unha presenza menor do galego no traballo ca a que se observa en variables como a lingua habitual, a lingua cos clientes ou a lingua cos compañeiros, resultado que se pode relacionar coa elevada presenza do castelán nas interaccións de tipo xerárquico cos superiores e os subordinados.



**Figura 7.8.** *Lingua no traballo segundo a ocupación*

## 7.9. Usos lingüísticos no traballo segundo a idade


A análise dos usos lingüísticos no traballo nos diferentes grupos de idade (figura 7.9) presenta unha variabilidade por idade menor neste ámbito ca na lingua habitual. En liñas xerais, os resultados amosan unha caída no uso do galego a medida que se descende na escala de idade, e a minorización dese descenso no grupo máis novo, de acordo coa pauta xeral que seguen a lingua habitual e os usos lingüísticos en diferentes ámbitos.

Resulta interesante o maior emprego do galego no grupo máis novo en todas as situacións laborais ca na lingua habitual, así como o cambio na tendencia deste grupo a usar máis o castelán cos superiores. Cómpre salientar tamén o maior uso do galego dese tramo en relación co de 25 a 34 anos en todas as variables agás nas da lingua cos clientes e na lingua habitual.

Este maior uso do galego no traballo no grupo de 16 a 25 anos, detectado tamén no MSG-92, hai que relacionalo coas características sociolóxicas deste



grupo, entre as que destaca o baixo nivel educativo e a residencia no ámbito rural<sup>54</sup>.



**Figura 7.9.** *Lingua no traballo segundo a idade*

### 7.10. Usos lingüísticos no traballo segundo o xénero


A análise desta interrelación amosa o maior emprego do galego no traballo por parte dos varóns e a súa percepción dunha maior presenza desta lingua no traballo. Por outro lado, os datos reflicten dúas pautas de comportamento lingüístico diferenciadas segundo o xénero. Nas mulleres, as interaccións no traballo implican un incremento do uso do castelán, cunha distancia respecto da lingua habitual de 0,19 puntos nas comunicacións que se establecen cos superiores. Nesta variable, a distancia da media entre mulleres e varóns acadada 0,42 puntos.

Nos varóns, pola contra, as medias das variables laborais son máis favorables ao galego ca as da lingua habitual, agás na da interacción cos superiores, onde a redución supón tan só 5 centésimas. Por outro lado, a relación cos compañeiros implica un aumento de 0,13 puntos respecto da media da lingua habitual, o que apunta ao carácter masculino da tendencia a utilizar máis o galego cos compañeiros vista anteriormente sobre todo nas ocupacións relacionadas co sector industrial.

Débense relacionar estes resultados coas diferenzas por xénero na estrutura ocupacional, que implican, entre outros factores, a menor inserción laboral das

<sup>54</sup> O 67,2% ten estudos inferiores ao nivel de bacharelato, o 56,6% reside en localidades de menos de 20.000 habitantes e o 35% aprendeu a falar o galego.

mulleres en ocupacións con maior emprego do galego, como os traballos de taller na industria. Por outro lado, a acusada tendencia a cambiar ao castelán nas relacións máis asimétricas podería ser indicio da utilización de elementos de prestixio como estratexia para contrarrestar a debilidade do seu status no rol ocupacional.



**Figura 7.10.** *Lingua no traballo segundo o xénero*

### 7.11. Usos lingüísticos no traballo segundo os ingresos

A figura 7.11 amosa a relación entre usos lingüísticos no traballo e ingresos, que obtivera a menor significación nas análises estatísticas previas.

Os resultados reiteran algunhas das tendencias analizadas anteriormente, como as medias máis favorables ao galego na variable referida ao uso percibido no traballo ca nas de uso efectivo por parte dos enquisados, o maior emprego do castelán cos superiores e o do galego cos compañeiros, neste caso cos valores máis próximos aos da lingua habitual e, por outro lado, a menor variabilidade das puntuacións na variable lingua cos clientes, consonte a tendencia a converxer co interlocutor nesta situación. Alén desas características xerais, da figura pódense tirar as seguintes tendencias:

- A coincidencia das dúas categorías extremas dos ingresos nas diferentes variables da lingua no traballo. O tramo de ingresos comprendidos entre os 240 e os 420€ ten unha caracterización sociolóxica peculiar, como a xuventude, a precariedade laboral ou a situación de estudante, tal e como quedou sinalado no volume anterior do MSG-04 (González González, M. et alii, 2007: 59-60).
- O maior uso do castelán conforme aumenta o nivel de ingresos.

O tramo de 2.100 a 2.940€ contradí esa tendencia, con puntuacións máis favorables ao galego ca o anterior.

Débase resaltar o aumento do uso do galego cos clientes nos tramos de maiores ingresos.

No tramo de máis de 3.000€ o contexto laboral implica unha maior utilización do galego ca a que amosa a variable lingua habitual.




Figura 7.11. Lingua no traballo segundo os ingresos

7.12. Condicionamento da lingua do traballo sobre a lingua habitual




Figura 7.12. Condicionamento da lingua do traballo sobre a lingua habitual

En liña co MSG-92, o cuestionario do MSG-04 incluíu unha pregunta sobre o condicionamento da lingua do traballo na lingua habitual. As respostas preséntanse na figura 7.12.


O 88,3% dos enquisados contestou negativamente á pregunta sobre se a lingua do traballo condicionou a do enquisado. Do 11,7% que recoñece o condicionamento da lingua do traballo, as respostas distribúense de forma case idéntica entre a dirección favorable ao castelán (5,8%) e ao galego (5,9%).

### 7.13. Evolución dos usos lingüísticos no traballo

A figura 7.13 presenta a comparación dos usos no traballo no MSG-92 e no MSG-04, logo de seleccionar nas dúas bases de datos o tramo de 16 a 54 anos. Os resultados máis salientables son, dun lado, o menor uso do galego na enquisa do 2004, e doutro, a menor variabilidade nestes en relación cos do MSG-92.

A menor utilización do galego no traballo relaciónase co descenso do seu uso como lingua habitual, aínda que este non afecta a todas as situacións por igual. A caída máis acusada atopámola na lingua cos compañeiros, que acada 0,59 puntos, mentres que cos superiores e os empregados as diferenzas son máis reducidas (0,29 e 0,37 puntos, respectivamente). A variable lingua cos clientes contradí a tendencia ao descenso xeral do uso deste idioma no traballo, pois nela increméntase catro centésimas o uso do galego.

Por outro lado, fronte ao elevado cambio ao castelán cos clientes, os superiores e os empregados no 92, os datos de 2004 amosan a tendencia a manter a lingua habitual.



**Figura 7.13.** Evolución da lingua no traballo

#### 7.14. Síntese do capítulo

Neste capítulo estudáronse os usos lingüísticos no traballo, contexto que incide de xeito relevante na conduta lingüística dos individuos e onde estes poden cambiar de lingua motivados, entre outras razóns, polas expectativas de ascenso social ou pola integración cos compañeiros.

Analizáronse as situacións de interrelación máis características dese contexto, como as de compañeirismo, superioridade e subordinación e as de relación cos clientes, así como os usos percibidos nese ámbito, e comparáronse os resultados cos da lingua habitual.

A distribución xeral das variables presentou o predominio do castelán en todas as interaccións, aínda que con diferenzas importantes dunhas a outras. Na variable lingua no traballo atopáronse as maiores porcentaxes de bilingüismo, xunto cunha presenza significativamente menor do monolingüismo en castelán. Destacaron tamén as lixeiras diferenzas da lingua cun compañeiro e cun superior con respecto á lingua habitual, que indicaría a influencia favorable ao galego das relacións de traballo máis informais e simétricas, fronte á influencia a prol do castelán das relacións máis xerárquicas ou formais. Por outro lado, a inclinación polo bilingüismo nas interaccións cos clientes interpretáronse como un indicio de converxencia co interlocutor como criterio de cortesía na relación comercial.

A análise de correlacións amosou a elevada asociación entre a lingua habitual e a lingua en diferentes situacións do traballo. Esta resultou maior coas variables lingua do traballo, lingua cos compañeiros e cos subordinados, e menor coa lingua cos superiores e os clientes. O cambio de lingua neses casos implicou un maior uso do castelán cos superiores e do bilingüismo cos clientes, de acordo con normas sociais que rexen a escolla nun caso e noutro.

Os resultados do cruzamento por lingua habitual amosaron a interrelación entre esta variable e os usos laborais, así como unha tendencia ao bilingüismo que levaría aos monolingües a decantarse pola modalidade preferente da súa lingua habitual. Esta pauta resultou máis evidente nos monolingües en galego.

Na análise dos usos laborais por lingua inicial observouse unha elevada distancia no emprego das dúas linguas segundo a adquirida de forma predominante, así como unha tendencia ao bilingüismo maior ca a vista no cruzamento anterior, e de novo máis acusada nos monolingües en galego.

A interrelación entre usos lingüísticos no traballo e hábitat de nacemento, máis feble ca a vista en capítulos nos que se analizaron outros ámbitos de uso, amosou, alén da reiterada tendencia ao descenso no uso do galego segundo aumenta o tamaño do hábitat, a semellanza das pautas de uso nas distintas situacións. Estas apuntaron ao menor uso do galego en relación coa súa presenza percibida, ás puntuacións máis favorables ao galego na variable lingua no traballo ca na da lingua habitual, ao maior uso do galego cos compañeiros, do castelán cos superiores e á converxencia coa lingua dos clientes.

Por hábitat de residencia afirmáronse as principais tendencias observadas na análise por hábitat de nacemento, como o maior uso do castelán co maior

tamaño do hábitat e a semellanza das pautas de uso no traballo nos diferentes tramos. Por outro lado, consonte os datos da lingua habitual, o maior emprego do galego no traballo deuse en Santiago e Lugo, e o menor en Ferrol, Vigo e A Coruña. Ourense e Pontevedra amosaron unha situación intermedia entre as cidades anteriores, aínda que cun maior uso na primeira.

Xunto coas características xerais anteriores, destacaron as elevadas distancias entre o grao de uso do galego cos compañeiros e cos superiores nas cidades máis galeguizadas (Santiago e Lugo), o alto índice do uso do castelán cos superiores e os subordinados na Coruña, así como o maior emprego do galego no traballo ca na lingua habitual en Ferrol e Vigo.

Por nivel educativo, os usos no traballo reafirmaron a relación entre uso do galego e baixo nivel de estudos, así como as pautas xerais dos usos lingüísticos no traballo nos diferentes tramos. O de idade máis novo amosou un emprego do galego máis elevado do esperado. Este resultado, constatado tamén no MSG-92, relacionouse co perfil educativo e residencial dos traballadores de menor idade.

A interrelación da lingua no traballo e a ocupación amosou tres grandes grupos profesionais en canto ao nivel de uso do galego. O primeiro conformárono os traballadores agrícolas e non cualificados, con puntuacións das medias próximas ao valor 3,5, indicativas do alto grao de uso do galego. O segundo integrárono a maioría das ocupacións, cun grao de uso menor ao aumentaren o carácter técnico ou administrativo do traballo, ou o seu grao de relación co público. As puntuacións, en xeral máis favorables á lingua castelá, oscilaron entre 2,68 e 2,22. O terceiro grupo sería o representado polos membros das Forzas Armadas, con índices de uso moi castelanzados e inferiores á puntuación 2.

As pautas das variables laborais nas diferentes ocupacións puxeron de manifesto as tendencias xerais vistas en cruzamentos anteriores. Unha delas foi a da percepción dun maior uso do galego no traballo do que o utilizan os enquisados. Outra foi a do maior uso desta lingua cos compañeiros, sobre todo nos traballadores da industria, e o maior do castelán cos superiores, especialmente destacado nos membros das Forzas Armadas, os traballadores agrícolas e non cualificados e o persoal administrativo. Por outro lado, as menores distancias das puntuacións na lingua cos clientes reiteraron a norma da converxencia nesa situación en todas as ocupacións.

Do estudo dos usos lingüísticos por idades concluíronse as tendencias xerais vistas na análise da lingua habitual e nos usos noutros ámbitos, consistentes na redución do emprego do galego dos tramos máis vellos aos máis novos e a minorización desa tendencia no grupo de 15 a 24 anos.

A interrelación dos usos lingüísticos e o xénero amosou dúas pautas de comportamento lingüístico diferenciadas segundo o xénero, consistentes na inclinación das mulleres a aumentar o uso do castelán, e a dos varóns a aumentar o do galego. Os resultados, relacionados coas diferenzas por xénero na estrutura ocupacional, indicarían o carácter masculino da tendencia

a utilizar o galego cos compañeiros vista en diferentes análises e, sobre todo, nas ocupacións relacionadas co sector industrial.

Na análise da lingua no traballo segundo os ingresos observouse a coincidencia entre as categorías extremas desa variable, que se relacionaría coa xuventude do grupo de ingresos máis baixo, e a tendencia xeral ao descenso no uso do galego conforme o nivel de renda é máis alto. Nesa tendencia deuse unha excepción no tramo de 2.100 a 2.940€ e, por outro lado, destacou o incremento do uso do galego cos clientes nos grupos de renda máis altos.

A análise do condicionamento da lingua do traballo amosou que só o 11,7% dos enquisados ten conciencia desa influencia, e que a súa dirección distribúese de forma case idéntica entre o galego e o castelán.

A evolución de tendencias desde o MSG-92 indica unha menor presenza do galego e unha menor variabilidade nos datos máis recentes. No entanto, resultou de interese o lixeiro aumento do uso do galego cos clientes.

Como conclusión final do capítulo destacaríamos que as diferenzas entre os resultados adoitaron ser bastante reducidas, o que non deu pé para unha interpretación clara das tendencias. Respecto da lingua habitual, os cambios máis evidentes no uso parecen motivados sobre todo polo status, superiores –subordinados, aínda que con estes últimos as distancias non sempre resultaron claras. A tendencia das medias a ocupar os valores centrais da escala, é dicir os do bilingüismo, induce a pensar que o cambio de lingua debe de ser bastante habitual. E que debe estar motivado polo tipo de interlocutor. Este perfil converte o medio laboral nun labirinto de usos do que aquí só puidemos achegar unha aproximación.





## 8

# Usos lingüísticos noutros ámbitos e situacións comunicativas

Neste capítulo estúdanse os usos lingüísticos nun abano de contextos que poden favorecer o cambio de lingua do falante para acomodarse á que estima como socialmente apropiada nesas situacións. Tal e como quedara sinalado no MSG-92 (Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995: 277), nas comunidades onde coexisten varias linguas os falantes adoitan incorporalas ao seu repertorio lingüístico, utilizándoas segundo criterios de funcionalidade social. De acordo con isto, o estudo dos usos lingüísticos en distintas situacións comunicativas permite coñecer o rendemento funcional do galego e do castelán e proporcionar información de interese sobre a presenza que teñen ambas en diferentes ámbitos sociais. Neste capítulo inclúense dous apartados que corresponden ao comportamento lingüístico dos enquisados en contextos representativos:

- O da amizade, veciñanza e interacción cun grupo galegofalante ou castelanfalante.
- O comercial, da administración e as consultas médicas.

A análise dos usos lingüísticos en cada un deses contextos terá en conta a distribución xeral das variables referidas ás diferentes situacións comunicativas, os valores das súas medias, as desviacións típicas destas e as correlacións coa lingua habitual, a relación con outras variables de interese como a lingua habitual, o hábitat de residencia e a idade e, na medida en que sexa posible, a comparación dos resultados obtidos cos do MSG-92.

### 8.1. Usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo

Este apartado ocúpase do emprego das linguas no contexto informal da amizade, da veciñanza e da interacción cun grupo caracterizado polo emprego dominante do galego ou do castelán. Con esta análise preténdese describir o comportamento sociolingüístico do enquisado nestes contextos e investigar o influxo de factores como a lingua predominante do grupo sobre a súa conduta

lingüística, o grao de converxencia do enquisado ou de mantemento da súa lingua habitual, etc.<sup>55</sup>

Os ámbitos sondados foron:

- a) Amigos.
- b) Veciños.
- c) Grupo castelanfalante.
- d) Grupo galegofalante.

### 8.1.1. *Datos xerais dos usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo*


A maior variabilidade da lingua utilizada nas situacións presentadas dáse na interacción co grupo segundo a súa lingua dominante, tal e como se reflicte na figura 8.1. Esta tendencia é algo máis acusada na interacción cun grupo castelanfalante, onde o 76,9% escolle só ou preferentemente o castelán (49,7% + 27,2%), fronte ao 70,9% (43,3% + 27,6%) que elixe o galego nun grupo galegofalante. A comparación destes datos cos da lingua habitual, amosa unha acomodación considerablemente superior na interacción cun grupo galegofalante respecto da que se observa nun grupo castelanfalante. No primeiro caso, o uso increméntase 32,5 puntos porcentuais, do 38,4% ao 70,9% (do 15,8% de só galego na lingua habitual ao 43,3 no grupo galegofalante e do 22,6% de máis galego ao 27,6%), mentres que respecto ao castelán, o incremento supón 23,9 puntos no uso monolingüe, pero 15,8 no conxunto dos dous usos.

A comunicación cos veciños é, logo da que se establece en grupos galegofalantes, a que máis favorece o uso do galego, ao subiren respecto do uso habitual 3,7 puntos (de 15,8% + 22,6% a 22,9% + 19,2%).

Como corresponde a dous usos informais, os máis semellantes ao habitual son os que se producen cos amigos e os veciños.

Destes resultados despréndese que, malia o maior uso do castelán (61,1%) na poboación galega obxecto deste estudo, a interacción en diversas situacións comunicativas como a da veciñanza, ou particularmente, as que se establecen nun grupo galegofalante, tenden a favorecer o emprego do galego. De acordo con isto, o uso do galego en determinadas situacións cotiás cumpriría unha función de integración social que, dada a extensión da competencia para falalo, resulta accesible para a maior parte da poboación.

<sup>55</sup> Preguntas 11 e 25 do cuestionario, anexo I.



**Figura 8.1.** *Lingua no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo*

	Media	Desviación Típica	Correlación coa lingua habitual
Lingua grupo galegofalante	2,96	1,12	0,583**
Lingua cos veciños	2,37	1,12	0,767**
Lingua habitual	2,28	1,02	1
Lingua cos amigos	2,27	1,08	0,780**
Lingua grupo castelanfalante	1,87	1,06	0,654**

\*\* A relación é significativa a nivel bilateral (0,01)

**Táboa 8.1.** *Lingua no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo*

A táboa 8.1, onde se recollen os valores das medias das diferentes variables, as desviacións típicas destas e as súas correlacións coa lingua habitual, resume os principais resultados da figura anterior e proporciona novos datos de interese que se poden sintetizar en:


- Variabilidade do uso lingüístico segundo a lingua que utiliza o grupo co que se interactúa. Os valores das medias oscilan entre 2,96 no grupo galegofalante e 1,87 no castelanfalante.
- Menor correlación e, polo tanto, maior cambio de lingua nun grupo galegofalante (0,583 contra 0,654). Este resultado, do que se deduce o maior cambio de lingua dos castelanfalantes, parece confirmar a función integrativa do uso do galego.
- Maior semellanza co uso habitual na interacción cos amigos (0,780). Esta é superior á vista noutras interaccións con persoas próximas ao suxeito, como cos irmáns<sup>56</sup>.
- Maior uso do galego cos veciños en relación co uso habitual (media de 2,37 contra 2,28), que confirma que a relación coa veciñanza tende a favorecer o galego.

<sup>56</sup> A correlación foi de 0,679\*\* (capítulo 5, usos lingüísticos coa familia).

- As correlacións elevadas (en todos os casos son superiores a 0,5) e positivas, indican unha tendencia xeral ao uso da lingua habitual nas distintas interaccións.

### 8.1.2. Usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo segundo a lingua habitual

A relación da lingua habitual coa que escollen os enquisados en diversas situacións informais apréciase tamén na figura 8.2, onde as puntuacións das medidas abranguen practicamente todo o rango da escala. As diferenzas son particularmente acusadas nas interaccións cos veciños (2,39) e cos amigos (2,36).



**Figura 8.2.** *Lingua no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo segundo a lingua habitual*

A posición deses datos respecto ás categorías da lingua habitual amosa as seguintes tendencias:

- O mantemento do uso habitual nas interaccións cos amigos e cos veciños, tendencia consonte a lóxica coincidencia entre a lingua habitual do suxeito e a do seu contorno máis próximo.
- A acomodación á lingua que emprega o grupo no que se interactúa. Esta tendencia mostra a flexibilidade do uso lingüístico en Galicia e reitera a función social do idioma galego:
  - o Nos monolingües en castelán, a media aumenta 0,94 puntos (do valor 1 a 1,94) na interacción cun grupo galegofalante. No caso contrario, nos monolingües en galego, a media descende 0,85 puntos (do valor 4 a 3,15) cun grupo castelanfalante.
  - o Nos bilingües con predominio do castelán, a media ascende tamén 0,94 puntos (do valor 2 a 2,94) na interacción cun grupo galegofalante.

No caso contrario, nos bilingües con predominio do galego, a media descende 0,61 puntos (do valor 3 a 2,39) nas interaccións cun grupo castelanfalante.


- o Este maior grao de acomodación cara ao galego confírmase na menor distancia das puntuacións das medias na interacción cun grupo galegofalante respecto das restantes situacións comunicativas.
- Un incremento do monolingüismo na interacción cun grupo que fala a mesma lingua. Nos bilingües en galego a media aumenta 0,54 puntos, do valor 3 a 3,54, mentres que nos bilingües en castelán descende 0,51 puntos, do valor 2 a 1,49).

### 8.1.3. *Usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo segundo o hábitat de residencia*

A figura 8.3 amosa a interrelación entre os usos lingüísticos nas diferentes situacións estudadas e o hábitat de residencia. Entre as tendencias máis salientables cómpre citar:

- O retroceso no uso do galego conforme aumenta o tamaño do hábitat de residencia. Este é máis acusado cos amigos e os veciños, en paralelismo co que acontece coa lingua habitual. As distancias entre os valores extremos nesas situacións son de 1,08, 1,19 e 1 respectivamente.
- A tendencia a usar máis o galego cos veciños ca como lingua habitual en todos os tramos do hábitat, agás no de máis de 50.000 habitantes.
- A propensión a utilizar o galego nun grupo onde se fala esta lingua en todos os hábitats, con distancias reducidas entre os polos do continuo (0,56 puntos), e valores que superan en todos os casos o punto medio da escala (2,5).
- A variabilidade por hábitat é algo superior na tendencia a utilizar o castelán con quen emprega esta lingua. As distancias entre as medias, de 0,94 puntos entre os extremos do continuo, son máis acusadas ca as vistas na situación anterior. A partir dos 5.000 habitantes estas tenden a reducirse (os valores sitúanse por debaixo do punto central, 2,5), aínda que resulta de interese o menor cambio cara ao castelán no tramo de menos de 5.000 habitantes.
- A forte acomodación a un grupo galegofalante no hábitat urbano e a considerable converxencia co castelán nos de menos de 10.000 habitantes, á vista do uso habitual nesas medias.


Destas características dedúcese unha vez máis o influxo do hábitat sobre a lingua empregada cos membros do contorno máis próximo, así como o menor peso deste na tendencia xeral a utilizar a lingua do grupo no que se interactúa, especialmente no caso dun grupo galegofalante. Por outro lado, o predominio do maior uso cos veciños confirma a influencia galeguizadora do contexto da veciñanza.



**Figura 8.3.** *Lingua no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo segundo o hábitat de residencia*

### 8.1.3.1. Usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo nas sete cidades principais

A distribución dos usos lingüísticos nas sete cidades principais (figura 8.4) reitera a semellanza entre a lingua cos amigos e a lingua habitual, o maior uso do galego cos veciños, así como a tendencia a cambiar de lingua para acomodarse á predominante no grupo no que se establece a interacción.



**Figura 8.4.** *Lingua no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo segundo a lingua habitual nas sete cidades principais*

En relación coa distribución dos usos cos amigos e veciños pódese establecer a seguinte orde segundo o maior ou menor uso do galego:

- Santiago e Lugo, a primeira cun uso superior ao habitual cos veciños.
- Ourense, tamén cun uso superior ao habitual cos veciños.
- Pontevedra, A Coruña e Vigo, as dúas primeiras cun uso inferior ao habitual cos veciños e amigos e a última cun maior uso nesas interaccións.
- Ferrol, cunha clara tendencia aos usos castelanizados tanto na lingua habitual como nesas interaccións.

As características máis salientables na distribución dos usos, segundo a lingua utilizada no grupo son:

- A reducida variabilidade do uso lingüístico na interacción cun grupo galegofalante.

A distancia entre as cidades cos valores máis extremos é de 0,5 puntos. En todas as cidades supérase o punto medio da escala, o que reitera a homoxeneidade da tendencia a falar galego con quen emprega esta lingua. Hai que destacar, con todo, a media máis alta de Lugo (3,13) en comparación coas restantes cidades. Santiago, Pontevedra, Ourense e A Coruña amosan valores próximos, comprendidos entre 2,70 e 3, e o menor uso, con valores inferiores a 2,70, dáse en Ferrol e Vigo.

- Confírmase tamén a variabilidade algo maior do uso lingüístico cun grupo castelanfalante.

A distancia entre os valores extremos é de 0,59 puntos. Neste sentido, a figura amosa tres perfís diferenciados de cidades segundo o maior ou menor uso do castelán nesta interacción:

- o Ferrol, A Coruña, Vigo e Pontevedra, con medias inferiores a 1,60.
- o Ourense e Lugo, con valores entre 1,60 e 1,90.
- o Santiago, con menor uso do castelán cun grupo castelanfalante, onde a media é superior a 1,90.

	Lingua habitual	Diferenza lingua habitual e lingua nun grupo castelanfalante	Correlación lingua habitual e lingua nun grupo castelanfalante	Diferenza lingua habitual e lingua nun grupo galegofalante	Correlación lingua habitual e lingua nun grupo galegofalante
Santiago	2,37	-0,40	0,668**	+0,59	0,646**
Lugo	2,36	-0,53	0,619**	+0,77	0,550**
Ourense	2,12	-0,31	0,645**	+0,70	0,514**
Pontevedra	1,96	-0,43	0,604**	+0,90	0,455**
A Coruña	1,91	-0,42	0,480**	+0,89	0,508**
Vigo	1,78	-0,27	0,572**	+0,85	0,514**
Ferrol	1,64	-0,26	0,542**	+1,00	0,429**

\*\*A relación é significativa a nivel bilateral (0,01)

**Táboa 8.2.** Acomodación á lingua do grupo nas sete cidades principais


De cara a afondar na tendencia á acomodación coa lingua do grupo por cidade, a táboa 8.2 presenta as diferenzas das puntuacións da lingua habitual e a lingua cun grupo castelanfalante, as da lingua habitual e un grupo galegofalante, así como os coeficientes de correlación coa lingua habitual de ambas as dúas situacións.

De acordo cos resultados da táboa, en todas as cidades, agás na Coruña, a tendencia á converxencia coa lingua do grupo favorece ao galego, tal e como se deduce dos valores máis baixos das correlacións nun grupo galegofalante. As cidades onde se rexistra o maior cambio de lingua a prol do galego son dúas das máis castelanizadas: Ferrol e Pontevedra, mentres que o menor cambio se dá en Santiago e Ourense.

#### 8.1.4. Usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo segundo a idade

Na figura 8.5, que presenta a interrelación da idade cos usos lingüísticos nas situacións estudadas, obsérvase a estabilidade das principais tendencias sinaladas en apartados anteriores:

- A semellanza entre o uso lingüístico cos amigos e veciños e a lingua habitual. Dentro desta característica, confírmase o maior emprego do galego cos veciños en todos os grupos de idade.
- A tendencia a modificar o comportamento lingüístico de acordo coa lingua empregada polo grupo no que se interactúa. Mantense de novo a maior fortaleza desta orientación nos grupos galegofalantes, o que reitera o seu carácter de norma social.
- A diminución do ritmo no descenso do uso do galego conforme descende a escala de idade, característica xa observada noutros apartados deste estudo.




**Figura 8.5.** Lingua no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo segundo a idade



8.1.5. *Evolución dos usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo*

Para coñecer a evolución dos usos lingüísticos do MSG-92 ao MSG-04 neste contexto comparouse a lingua utilizada nas mesmas situacións, logo de seleccionar nelas os enquisados no tramo de idade equivalente (16 a 54 anos).

Cómpre sinalar que nos enunciados dos ítems referidos á lingua nun grupo galegofalante e nun grupo castelanfalante do cuestionario do MSG-04 incluíuse unha aclaración sobre a comprensión da outra lingua, xa que se estimou que isto evitaría respostas de cambio de lingua baseadas no suposto descoñecemento por parte do interlocutor<sup>57</sup>. Esta pequena modificación do enunciado non impide, con todo, o seguimento das principais tendencias durante o período observado (figura 8.6).



**Figura 8.6.** *Evolución dos usos lingüísticos no contexto da amizade, veciñanza e interacción cun grupo*

Os datos obtidos nesta análise amosan un descenso no uso do galego superior ao da lingua habitual en todas as situacións comunicativas. Este resulta máis acusado na interacción cos amigos (-0,60) e cun grupo galegofalante (-0,58), e menos cun grupo castelanfalante (-0,54). As diferenzas entre a

<sup>57</sup> Enunciado das preguntas sobre a lingua nun grupo castelanfalante ou galegofalante no MSG-92:  
 P. 114. Se Vde. está nun grupo onde a maioría fala castelán pero todos entenden o galego, ¿que lingua fala vde.?

P. 115. Se Vde. está nun grupo onde a maioría fala galego pero todos entenden o castelán, ¿que lingua fala vde.?

Enunciado das preguntas sobre a lingua nun grupo castelanfalante ou galegofalante no MSG-04:

P. 25 ¿Que lingua fala Vde. nas seguintes situacións?

Cando Vde. está nun grupo onde a maioría fala castelán, e todos entenden o galego.

Cando Vde. está nun grupo onde a maioría fala galego, e todos entenden o castelán.

lingua habitual e a lingua na interacción cun grupo amosan que no período estudado descendeu a converxencia nos grupos galegofalantes e aumentou a converxencia nos grupos castelanfalantes.

Esta comparación infórmanos de que se manteñen as mesmas tendencias, se ben o efecto favorecedor do uso do galego en contextos como a veciñanza ou cos grupos galegofalantes tende a reducirse.

## 8.2. Usos lingüísticos no contexto comercial, da administración e das consultas médicas

Outro factor que incide na escolla dunha lingua ou outra, á parte da utilizada polo interlocutor, é o comportamento considerado socialmente axeitado á situación. O grao de formalidade e de prestixio dunha lingua, ou o feito de asociala simbolicamente cunha ou outra función, adoitan condicionar os usos lingüísticos das persoas, o que por outro lado permite afondar na funcionalidade das dúas linguas.

Neste apartado analízase a lingua utilizada polos entrevistados no contexto comercial, da administración e das consultas médicas<sup>58</sup>:

- a) Tenda de alimentación.
- b) Compras non habituais.
- c) Oficinas do concello.
- d) Oficinas da Xunta.
- e) Médico de cabeceira.
- f) Médico especialista.

Débase ter en conta que os ítems referidos á interacción coa administración e co médico especialista sondan en maior medida expectativas de comportamento ca condutas efectivas, pois é esperable que moitos enquisados non participasen habitualmente nese tipo de situacións.

### 8.2.1. *Datos xerais dos usos lingüísticos no contexto comercial, da administración e das consultas médicas*


A figura 8.7 amosa a distribución das respostas á pregunta sobre a lingua utilizada nas compras, coa administración e co médico. Os resultados indican que os contextos e as situacións máis favorables ao uso do galego son, por esta orde:

- As oficinas da Xunta e do concello, nas que a suma das opcións só galego e máis galego se aproxima ao 50% (48,5% e 45,6% respectivamente).
- A tenda de alimentación, as compras non habituais e o médico de cabeceira, nas que a suma de galegofalantes oscila entre o 30% e o 40%.
- O médico de cabeceira, onde a suma de só galego e máis galego se aproxima ao 30%.

<sup>58</sup> Preguntas 15 e 25 do cuestionario, anexo I.

Resulta de interese o maior uso do galego nas oficinas da Xunta e do concello en relación con ámbitos de menor formalidade como o das compras. Este resultado cómpre relacionalo coa asociación simbólica entre lingua galega e o ámbito da administración, particularmente no caso da autonómica (48,5% na autonómica e 45,6% na municipal).

Tocante aos usos nas compras e co médico, o emprego do galego descende conforme se reduce a proximidade da situación e aumenta a súa formalidade ou o prestixio do interlocutor. O grao de uso é do 39,5% na tenda de alimentación, do 33,9% nas compras non habituais, do 30,3% co médico de cabeceira e do 27,1% co médico especialista.



**Figura 8.7.** *Lingua no contexto comercial, da administración e das consultas médicas*

Na táboa 8.3 amósanse os valores das medias da lingua en cada unha das situacións anteriores e o da lingua habitual, as desviacións típicas na súa distribución e as correlacións entre os diferentes usos e a lingua habitual. Destes resultados pódense tirar as seguintes tendencias:

- A puntuación media de uso do galego nas oficinas da Xunta é superior (2,45) á media da lingua habitual (2,28) e confirma a expectativa de uso do galego nesta situación. A correlación coa lingua habitual é a máis baixa das vistas (0,689), amosando unha maior tendencia a cambiar de lingua. A interacción co concello segue estas mesmas tendencias, aínda que de maneira menos acusada. A correlación coa lingua habitual segue a ser das máis baixas (0,717), e o uso do galego (2,39), máis elevado ca o habitual en 0,11 puntos.
- Maior semellanza co uso habitual e, polo tanto, menor cambio de lingua na tenda de alimentación. As medias das dúas variables son iguais (2,28), e a correlación entre ambas é a máis alta das que figuran na táboa (0,789).

- Nas compras non habituais e na interacción co médico de cabeceira e co especialista increméntase o cambio de lingua a favor do castelán. O descenso nas medias (2,14, 2,04 e 1,96, respectivamente) e nas correlacións (0,770, 0,724 e 0,707) confirma a inclinación a usar menos o galego e a cambiar de lingua conforme a situación se percibe como máis formal ou ao interlocutor se lle atribúe maior prestixio.

De acordo con estes resultados, a lingua asociada a diferentes contextos significativos da vida social galega condiciona notablemente a escolla lingüística. O sentido do condicionamento é favorable ao galego nas interaccións coa administración local e, sobre todo, coa autonómica. Pola contra, é favorable ao castelán na consulta do médico de cabeceira, nas compras non habituais e, particularmente, na consulta do médico especialista. A intensidade do cambio nun sentido e noutro semella estar relacionada co grao de formalidade e prestixio asociado á situación. A tenda de alimentación constitúe un contexto moi familiar e próximo, no que os enquisados soen manter a lingua que utilizan de forma habitual.

	Media	Desviación Típica	Correlación coa lingua habitual
Lingua nas oficinas da Xunta	2,45	1,19	0,689**
Lingua nas oficinas do concello	2,39	1,18	0,717**
Lingua na tenda de alimentación	2,28	1,17	0,789**
Lingua habitual	2,28	1,02	1
Lingua nas compras non habituais	2,14	1,13	0,770**
Lingua co médico de cabeceira	2,04	1,15	0,724**
Lingua co médico especialista	1,96	1,10	0,707**

\*\*A relación é significativa a nivel bilateral (0,01)

**Táboa 8.3.** *Lingua no contexto comercial, da administración e das consultas médicas*

### 8.2.2. Usos lingüísticos no contexto comercial, da administración e das consultas médicas segundo a lingua habitual

Na figura 8.8 amósanse os valores das medias da lingua utilizada nas compras, coa administración e co médico segundo a lingua habitual. Entre as tendencias máis destacadas sobresaen o mantemento da lingua habitual dos monolingües, especialmente dos monolingües en castelán, e a inclinación dos bilingües a cambiar de lingua, particularmente dos bilingües con predominio do castelán.


Estes bilingües de maioría castelá utilizan menos o galego ca no seu uso habitual en todas as interaccións, agás nas oficinas do concello e da Xunta onde aumenta 0,07 e 0,22 puntos respectivamente. A maior diferenza respecto da lingua habitual dáse na consulta co médico especialista, cunha caída de 0,42 puntos no emprego do galego.

Os bilingües con predominio do galego tamén amosan un descenso no uso desta lingua nas compras non habituais e co médico, sobre todo co especialista. Nestas interaccións os valores das medias diminúen 0,11, 0,28 e 0,43 respectivamente, mentres que tenden a aumentar na tenda de alimentación, nas oficinas do concello e nas da Xunta, 0,17 puntos nos dous primeiros casos e 0,19 no último.

Nos monolingües en galego percíbese un certo cambio cara ao castelán, sobre todo nas compras non habituais e co médico especialista (os valores das medias caen 0,36 no primeiro caso e 0,37 no segundo). Os monolingües en castelán manteñen en maior medida a súa lingua habitual, agás nas oficinas do concello e da Xunta, onde os valores das medias aumentan 0,33 e 0,37 puntos respectivamente.

A análise dos valores das medias nas diferentes interaccións pode sintetizarse nas seguintes tendencias xerais:

- O descenso no uso do galego nas compras non habituais, na consulta do médico de cabeceira e, particularmente, na do médico especialista en todos os grupos de falantes, agás no de monolingües en castelán.
- O aumento no uso do galego nas oficinas do concello e, sobre todo, nas da Xunta en todos os grupos de falantes, agás no de monolingües en galego.
- O mantemento da lingua habitual na tenda de alimentación en todos os grupos.




**Figura 8.8.** *Lingua no contexto comercial, da administración e das consultas médicas segundo a lingua habitual*

### 8.2.3. Usos lingüísticos no contexto comercial, da administración e das consultas médicas segundo o hábitat de residencia

A influencia do hábitat de residencia na lingua utilizada nas compras, coa administración e co médico pode observarse na figura 8.9. As características

sinaladas no apartado 8.2.1, referido ás porcentaxes xerais dos usos lingüísticos en cada un dos contextos, consolídanse por hábitats de residencia. A lingua utilizada na tenda de alimentación é a que máis se asemella á habitual, mentres que o maior cambio se dá na consulta co médico e nas oficinas da administración. Dentro destas tendencias salienta:

- O aumento no uso do galego nas oficinas da administración. Este é máis intenso na interacción coa Xunta e, en relación co hábitat, nos tramos comprendidos entre os 10.001 e os 50.000 habitantes.
- O descenso no uso do galego nas compras non habituais e nas consultas médicas. A maior intensidade no descenso dáse na interacción co especialista e, particularmente, nos hábitats de 5.001 a 20.000 habitantes.
- O mantemento da lingua habitual na tenda de alimentación. Con todo, cómpre subliñar o lixeiro incremento no uso do galego neste contexto no tramo de 5.001 a 10.000 habitantes (0,09 puntos) e o seu descenso no de 10.001 a 20.000 (0,08 puntos).



**Figura 8.9.** *Lingua no contexto comercial, da administración e das consultas médicas segundo o hábitat de residencia*


### 8.2.3.1. Usos lingüísticos no contexto comercial, da administración e das consultas médicas nas sete cidades principais

A figura 8.10 amosa a distribución destes usos lingüísticos nas sete principais cidades galegas. Os resultados confirman as tendencias xerais de maior uso do galego na tenda de alimentación, co concello e coa Xunta e menor nas compras non habituais, co médico de cabeceira e co especialista. Con todo, existen certas diferenzas que cómpre ter en conta:

- Cidades do interior: Santiago, Lugo e Ourense, amosan a presenza máis alta do galego no urbano, e a inclinación xeral a usalo máis na

tenda de alimentación, no concello e na Xunta e menos nas restantes situacións.

- o En Ourense, os usos nos contextos máis castelanizados achéganse aos de Lugo, malia o menor uso do galego como lingua habitual.
- o Neste grupo merecen destacarse os valores acadados en Santiago con respecto aos de Lugo. Ambas as dúas cidades teñen valores semellantes na lingua habitual, pero, no primeiro caso conséntase un maior uso do galego en todas as situacións. As distancias son particularmente acusadas nos usos co médico (0,22 co de cabeceira e 0,24 co especialista).
- Cidades costeiras: Pontevedra, A Coruña, Vigo e Ferrol, con menor presenza do galego ca no grupo anterior.
  - o En Pontevedra, A Coruña e Vigo, os niveis de uso do galego son inferiores aos da lingua habitual en todas as interaccións, agás nas oficinas do Concello e da Xunta. Cómpre destacar o caso da Coruña, onde a interacción co concello implica tamén a redución do uso do galego, cunha elevada distancia entre esta administración e a da Xunta (0,20 puntos). As diferenzas entre A Coruña e Pontevedra, escasas na lingua habitual, acadan 0,27 nas oficinas do concello.
  - o En Vigo, malia usarse menos como lingua habitual, os valores de uso do galego nas interaccións observadas tenden a confluír cos de Pontevedra.
  - o Ferrol amosa o menor uso do galego nas diferentes situacións estudadas, e unha tendencia ao descenso respecto do uso habitual en todas as interaccións agás nas que se establecen nas oficinas do concello e nas da Xunta.




**Figura 8.10.** *Lingua no contexto comercial, da administración e das consultas médicas nas sete cidades principais*

Nesta análise cómpre salientar tamén a maior homoxeneidade dos usos lingüísticos nas interaccións co concello e a Xunta, dun lado, e co médico especialista doutro. Neste sentido, as tendencias a usar máis o galego coa administración local e autonómica e menos co médico especialista reafírmanse nas sete cidades. Pola contra, a maior heteroxeneidade por cidades dáse na tenda de alimentación, cunha distancia de 0,96 puntos entre Santiago, coa media máis alta, e Ferrol, coa máis baixa.

Finalmente, o feito de que os usos lingüísticos se sitúen na maior parte dos casos por debaixo do valor central da escala (2,5) indica a elevada presenza do castelán na vida social das principais cidades galegas.

#### 8.2.4. Usos lingüísticos nas compras, coa administración e co médico segundo a idade

Na distribución dos usos lingüísticos nas compras, coa administración e co médico por idades conséntase a interrupción no descenso do uso do galego por parte dos máis novos en todas as interaccións.



**Figura 8.11.** *Lingua no contexto comercial, da administración e das consultas médicas segundo a idade*

As maiores diferenzas por idades danse na tenda de alimentación, cunha distancia de 0,49 puntos entre o grupo máis vello e o máis novo, mentres que estas son máis reducidas nas oficinas da Xunta (0,28), nas do concello (0,31) e na consulta do médico especialista (0,30).

#### 8.2.5. Evolución dos usos lingüísticos no contexto comercial, da administración e das consultas médicas


Neste apartado analízase a evolución dos usos lingüísticos no contexto comercial, coa administración e co médico entre o MSG-02 e o MSG-04, logo de seleccionar os enquisados con idades comparables (tramo de 16 a 54 anos). Os



ítems utilizados nos dous momentos son idénticos, polo que os datos referidos a ambos os dous estudos son equiparables<sup>59</sup>.

A característica máis salientable é o mantemento no MSG-04 das tendencias xerais do uso descritas no MSG-92. Non obstante, dos resultados deste contraste (figura 8.12) pódese ademais resaltar:

- O menor uso do galego nos datos de 2004 en todas as interaccións.
- A redución da variabilidade no 2004 entre usos lingüísticos nos diferentes contextos e a lingua habitual.
- O mantemento das tendencias xerais de maior uso do galego nas oficinas da Xunta e do concello e de menor uso no resto das situacións.
- O incremento da distancia entre a lingua habitual e o uso coas administracións local e autonómica, contra a maior homoxeneidade entre esta e a lingua co médico especialista. Ambos os dous fenómenos relaciónanse co descenso no uso do galego como lingua habitual.



**Figura 8.12.** Evolución da lingua no contexto comercial, da administración e das consultas médicas

### 8.3. Síntese do capítulo

Neste capítulo analizáronse os usos lingüísticos en diferentes contextos representativos da interacción cotiá da vida dos suxeitos. Por operatividade agrupámoslos en dous: un integrado polas amizades, a veciñanza e a interacción nun grupo onde se fala o galego ou o castelán, e outro formado polas situacións comerciais, administrativas e médicas.

O uso lingüístico amosou unha clara relación coa lingua utilizada no grupo onde se interactúa. Esta resultou máis intensa no galegofalante, o que

<sup>59</sup> Pregunta 25 do cuestionario do MSG-04 no anexo I deste volume e as preguntas 60, 61, 65, 66, 67 e 68 do cuestionario do MSG-92 en Seminario de Sociolingüística da RAG, 1995.

salienta a funcionalidade integrativa do uso do galego. Por outro lado, o maior uso deste idioma cos veciños indica que este contexto de interacción favorece o emprego do galego. Con todo, as correlacións elevadas e positivas reflectiron a tendencia xeral ao mantemento da lingua habitual.

Da análise da interrelación entre os usos nas interaccións estudadas e a lingua habitual pódese tirar unha tendencia a manter o uso habitual cos amigos e, en menor medida, cos veciños, un incremento do monolingüismo nos grupos onde se fala a mesma lingua e unha maior acomodación á lingua do grupo cando se interactúa con galegofalantes.

Nesta análise observouse unha maior diminución no uso do galego canto maior é o tamaño do hábitat, sobre todo nas interaccións cos amigos e veciños. Con todo, apréciase un maior emprego desta lingua cos veciños ca no uso habitual en todos os tramos agás o de máis de 50.000 habitantes, o que confirmou a influencia galeguizadora do contexto da veciñanza.

Por outro lado, constatouse a menor variabilidade por hábitat na tendencia a utilizar o galego nun grupo onde se fala esta lingua, en comparación co uso do castelán nun grupo de castelanfalantes. Esta tendencia veu confirmar a hipótese da súa elevada funcionalidade social.

A análise por cidades ratificou as características anteriores. De maior a menor uso do galego situáronse Santiago e Lugo, Ourense, Pontevedra, A Coruña e Vigo, e Ferrol.

En todas as cidades a tendencia á converxencia coa lingua do grupo favoreceu o galego. O maior cambio a prol desta lingua deuse na máis castelanizada, Ferrol, mentres que en Santiago se observou un cambio menor consonte a maior presenza do galego nesa cidade.

A análise da interrelación entre o comportamento lingüístico e a idade corroborou a estabilidade das principais tendencias sinaladas nas diferentes situacións sociocomunicativas. Confirmouse novamente a maior tendencia á acomodación lingüística cun grupo galegofalante, o que reflicte en certa maneira o seu carácter de norma social. Por outro lado, verificouse en todas as interaccións a ralentización no descenso do uso do galego no grupo de idade máis novo.

Do seguimento das principais tendencias durante o período observado despréndese unha diminución do efecto favorecedor do uso do galego en contextos como o da veciñanza ou o dun grupo galegofalante. En todas estas interaccións estudadas, o descenso no uso do galego foi superior ao experimentado pola lingua habitual.

A distribución xeral dos usos lingüísticos nesas situacións amosou a súa relación coa asociación simbólica a unha das dúas linguas, como se observou no ámbito da administración, e co grao de formalidade ou prestixio, como se deu no ámbito comercial e no das consultas médicas. O condicionamento foi favorable ao galego nas oficinas da Xunta e do concello, mentres que favoreceu ao castelán na consulta do médico especialista, na do médico de cabeceira e nas compras non habituais. Entre uns contextos e outros situouse o uso na tenda de alimentación, cun nivel de uso máis semellante ao habitual.

A análise dos usos lingüísticos nesas situacións segundo a lingua habitual amosou un descenso na utilización do galego nas compras non habituais, na consulta do médico de cabeceira e, particularmente, na do médico especialista en todos os grupos de falantes, agás no de monolingües en castelán. Observouse tamén un aumento no seu uso nas oficinas do concello e, sobre todo, nas da Xunta, en todos os grupos agás no de monolingües en galego. Por outro lado, constatouse tamén o mantemento da lingua habitual na tenda de alimentación en todos os grupos.

O maior condicionamento da situación no uso lingüístico deuse nos bilingües, sobre todo nos que falan preferentemente en castelán. Neste grupo observouse un emprego do galego menor ao da lingua habitual en todas as interaccións excepto nas oficinas do concello e, especialmente, nas da Xunta. Nos bilingües con predominio do galego constatouse un descenso no uso desta lingua nas compras non habituais, na consulta do médico de cabeceira e, sobre todo, na do médico especialista.

As tendencias xerais comentadas observáronse tamén nas análises por hábitat de residencia. A lingua utilizada na tenda de alimentación resultou a mais semellante á habitual en todos os hábitats, e reiterouse tamén o maior cambio na consulta do médico e nas oficinas da administración. Con respecto a esta última situación, destacou a reducida variabilidade por hábitat na tendencia a incorporar nela o uso do galego, particularmente no caso da Xunta.

Os resultados nas sete cidades principais de Galicia mantiveron as liñas xerais dun maior emprego do galego na tenda de alimentación, co concello e coa Xunta e menor nas compras non habituais, co médico de cabeceira e co especialista. Con todo, o feito de que os usos lingüísticos se situasen na maioría dos casos por debaixo do punto central da escala (2,5) indicou a elevada presenza do castelán na vida social do urbano galego.

En relación coas particularidades das cidades destacaron os seguintes perfís:

- Santiago, cunha presenza do galego como lingua habitual similar a Lugo, presentou un maior emprego deste idioma en todas as interaccións. As diferenzas entre ambas as cidades resultaron especialmente marcadas nos usos nas consultas médicas.
- En Ourense, os usos nos contextos máis castelanizados aproximáronse aos de Lugo, malia a menor utilización do galego como lingua habitual.
- A Coruña e Pontevedra, con valores semellantes da lingua habitual, amosaron diferenzas que se reflicten na maior presenza do galego en Pontevedra nas situacións estudadas. A maior distancia entre ambas deuse na interacción co concello.
- En Vigo, malia o menor uso do galego como lingua habitual ca na Coruña e Pontevedra, os valores nas interaccións observadas poden equipararse aos de Pontevedra.

Na distribución por idades mantéñense as tendencias xerais comentadas e constatouse a interrupción na caída do uso do galego entre os máis novos en todas as interaccións. As maiores diferenzas por idade atopáronse na tenda de alimentación, e as menores coa Xunta, co concello e co médico especialista.

É necesario destacar a redución da distancia entre o uso habitual do galego e a utilización desta lingua co médico especialista, e o incremento do emprego do galego coas administracións local e autonómica. Os dous fenómenos relaciónanse co seu descenso como lingua habitual.

A comparación dos resultados obtidos en 1992 cos de 2004 indicou un descenso no uso do galego en todas as interaccións, a maior homoxeneidade dos usos lingüísticos nos diferentes contextos e o mantemento das tendencias xerais de maior uso do galego nas oficinas da Xunta e do concello e na tenda de alimentación, e de menor no resto das situacións investigadas.

## Usos lingüísticos nas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

Este capítulo trata dos usos lingüísticos nas TIC con especial interese pola Internet. A innovación e os cambios provocados polas novas tecnoloxías, a natureza das formas de interacción e a elevada transferencia de información que a diario se realiza mediante os novos medios abundan para caracterizar a sociedade actual como a da información e da comunicación. A importancia destes factores no mundo actual e a repercusión que poden ter no porvir das linguas fan aconsellable investigar o grao de implantación do galego neste ámbito.


A información para este apartado obtívose mediante dúas preguntas, unha referida a un uso de carácter máis pasivo como é a lingua de consulta das páxinas web e outra a un emprego máis activo, caso da lingua na que se escriben as mensaxes electrónicas<sup>60</sup>. Este tipo de información non se recollera no MSG-92, polo que non se poderá contrastar coa do presente traballo.

### 9.1. Datos xerais dos usos lingüísticos na consulta de páxinas web e na redacción de mensaxes electrónicas


Neste primeiro apartado expóñense os resultados xerais da lingua usada nas páxinas de Internet consultadas habitualmente polos entrevistados e da lingua utilizada nas mensaxes de correo electrónico. Os resultados xerais destas variables xa se avanzaban no capítulo 4 (apartados 4.1.1 e 4.2.1) na presentación das cifras sobre a lingua da lectoescritura dos enquisados.

As figuras 9.1 e 9.2 amosan a distribución xeral da lingua das páxinas web visitadas. Na primeira utilízase a mostra total de entrevistados, en tanto que na segunda se desbotaron aqueles enquisados que din non utilizar a Internet.

<sup>60</sup> Preguntas 22 e 29 do anexo I.



**Figura 9.1.** *Lingua das páxinas web consultadas*



**Figura 9.2.** *Lingua das páxinas web consultadas (porcentaxes sobre as persoas que utilizan a Internet)*

De acordo cos resultados obtidos, obsérvase que case a metade da mostra (44,1%) con idades comprendidas entre 15 e 54 anos non utiliza a Internet. Realizando unha análise dos perfís dos entrevistados que utilizan a Internet obtemos os seguintes resultados:

- Perfil do usuario da Internet. Responde a unha persoa nova de 16 a 34 anos (66,6%), residente no medio urbano (42,1%), con estudos universitarios (45,3%) e falante habitual de castelán (73%).
- A maioría dos que non adoitan utilizar a Internet son suxeitos de entre 35 e 54 anos (67,6%), habitantes de núcleos de menos de 20.000 habitantes (57%), con estudos primarios (35,7%) e falantes habituais de galego (53,1%).


Os resultados da lingua das páxinas web consultadas indican unha baixa utilización por parte dos internautas das páxinas en galego así como unha baixa presenza do galego na rede. Unicamente un 2,5% da poboación galega, é dicir, un 4,5% das persoas que utilizan a Internet, consultan habitualmente páxinas escritas só ou maioritariamente en galego. Pola contra, un 33%, isto é un 59% dos que utilizan a Internet, consulta habitualmente páxinas en castelán, porcentaxe que sobe ao 88,1% se engadimos a categoría máis castelán. Non

obstante, hai que facer fincapé na importante porcentaxe de persoas (29,1%) que indican que aínda que o castelán é a lingua maioritaria das súas páxinas de consulta, o galego tamén está presente.

Os datos da lingua na que están escritas as páxinas web amosan que as opcións de lingua inglesa ou outras linguas só foron elixidas por un 5,5% e 1,9%, respectivamente, porcentaxes moi pequenas tendo en conta a ampla oferta de páxinas web en inglés e outras linguas. Aínda así, as cifras de consulta destas son superiores ás do galego.

Os resultados obtidos polo MSG-04 evidencian, pois, unha escasa presenza da lingua galega na Internet. Esta eiva centrou o interese de estudos como o de Gómez Guinovart (2003), que destaca como na rede existe unicamente un 0,014% das páxinas web escritas en galego fronte ao 2,254% das escritas en castelán ou do 60,727% das escritas en inglés. Ademais, segundo Romero e Vaquero (2001) a maioría (86%) das empresas en Galicia non tiñan a súa páxina en galego.

Observado o uso de consulta habitual das páxinas da Internet, analizouse a lingua da escrita nas mensaxes electrónicas (figura 9.3).




**Figura 9.3.** Lingua de redacción das mensaxes electrónicas

Como xa quedara comentado no capítulo 4 (apartado 4.2.1), non se advirten diferenzas significativas entre a presenza do galego nas mensaxes electrónicas e na lingua da escrita habitual. Na figura 9.3 o 15,1% escolle única ou maioritariamente a lingua galega para escribir as súas mensaxes de correo electrónico, contra o 82,2% que utiliza o castelán. Son relativamente poucos (2,7%) os entrevistados que usan outras linguas diferentes do galego e do castelán para redactar as súas mensaxes electrónicas.

## 9.2. Lingua das páxinas web consultadas e de redacción das mensaxes electrónicas segundo a lingua habitual

Neste apartado descríbese a influencia da lingua habitual sobre os usos nas novas tecnoloxías. En primeiro lugar analízase se a lingua na que se expresan habitualmente os enquisados inflúe sobre a lingua das páxinas

web que consultan normalmente (figura 9.4). Esta análise ofrécenos datos sobre a posibilidade de elección lingüística á hora de consultar información na rede.



**Figura 9.4.** *Lingua de consulta das páxina web segundo a lingua habitual*


Os resultados da figura 9.4 indican unha notoria relación entre a lingua habitual do enquisado e a lingua das páxinas web que consulta habitualmente, sobre todo nos castelanfalantes habituais. Apenas un 16% dos usuarios do galego (só ou en maioría) din ler habitualmente páxinas web na súa lingua habitual fronte ao 91,2% dos falantes de castelán (só ou maioritario) que o fan no seu idioma.

Comparando os resultados de lectura de páxinas web dos monolingües en galego cos de lectura xeral deste mesmo grupo vistos no capítulo 4 (apartado 4.1.2), advírtese unha diferenza de máis de 43 puntos entre os dous comportamentos. Os entrevistados len moito menos galego na Internet que noutros contextos.

Con todo, existe unha certa relación entre falar en galego e consultar páxinas web nesta lingua, xa que a presenza do galego aumenta progresivamente desde o 1% dos monolingües en castelán ao 15,8% dos monolingües en galego. En resumo, hai unha diferenza de 14,8 puntos entre os usuarios do castelán e os do galego favorable aos primeiros.

A característica principal que se tira dos resultados da figura 9.5 é a existencia dunha relación entre a lingua habitual e a lingua de redacción das mensaxes electrónicas. Esta asociación pode depender da maior posibilidade de escolla da lingua nos correos electrónicos que nas páxinas web.





**Figura 9.5.** *Lingua de redacción das mensaxes electrónicas segundo a lingua habitual*

Os resultados máis salientables indican que os castelanfalantes monolingües tenden a escribir as mensaxes só en castelán (87,8%). Pola contra, só o 47,9% dos galegofalantes monolingües utilizan o galego nas súas mensaxes a través de Internet. Estas porcentaxes apuntan a que, polo menos, un volume importante (30,7%) de galegofalantes monolingües cambian de lingua habitual ao escribiren correos electrónicos.

Nos bilingües con predominio galegofalante duplicase a tendencia cara ao castelán (60,4%) en tanto que a preferencia polo galego dos bilingües maioritariamente castelanfalantes apenas chega a un cinco por cento (4,3%).


Estes datos son máis favorables para o galego ca os obtidos no capítulo 4 sobre usos na escrita (figura 4.12). Non obstante, cómpre recordar que a mostra recolle só os resultados dos usuarios de mensaxes electrónicas.

### 9.3. Lingua das páxinas web consultadas e lingua de redacción das mensaxes electrónicas segundo o hábitat de residencia


Neste apartado estúdase a posible relación entre os usos lingüísticos na Internet e o hábitat de residencia do enquisado (figuras 9.6 e 9.7).

A figura 9.6 indica que case non existen diferenzas na distribución da variable lingua de consulta das páxinas web por hábitat de residencia do enquisado. Nas opcións de única e maioritariamente en galego a variación dos resultados nos diferentes hábitats son pouco significativas. As porcentaxes oscilan do 5,4% nos hábitats de 5.000 a 10.000 habitantes ao 4% no de máis

de 50.000. É nas opcións de única e maioritariamente en castelán onde se observan as diferenzas máis importantes. As entidades de poboación de menos de 5.000 e entre 20.001 e 50.000 son as que reflicten os mellores resultados en máis castelán (26,8% e 33,7% respectivamente), e os núcleos de 5.001 a 10.000, 10.001 a 20.000 e máis de 50.000 os que obteñen as puntuacións máis altas no uso monolingüe en castelán (61,9%, 64,1% e 59,3% respectivamente).



**Figura 9.6.** *Lingua de consulta das páxinas web segundo o hábitat de residencia*




**Figura 9.7.** *Lingua de consulta das páxinas web nas sete principais cidades*

As análises centráronse no hábitat de máis de 50.000 habitantes, co obxectivo de comprobar se existían diferenzas na lingua de consulta das páxinas web (figura 9.7) entre as sete cidades principais.

Unha primeira característica dos resultados das cidades é que a consulta das páxinas web en galego escasamente supera o 5%. Os datos de uso desta lingua, contando só e máis galego, varían do 2,5% de Ferrol ao 5% de Lugo ou 5,1% da Coruña. Pola contra, as diferenzas entre porcentaxes sobre visitas a páxinas son maiores no caso do castelán. En só castelán oscilan do 54,2% en Pontevedra ata o 72% de Ferrol.

O segundo trazo salientable é que unha porcentaxe importante de enquisados sinala opcións diferentes do galego e do castelán, especialmente en cidades como Santiago de Compostela e Ourense, onde o inglés acada o 11,3% e o 10,4% respectivamente. Comparando estes datos cos do galego obsérvase que duplican e, mesmo, triplican os da nosa lingua.

Despois de analizar a influencia do hábitat sobre a lingua das páxinas web consultadas na Internet, estudouse a relación entre o hábitat e a lingua na que os entrevistados escriben as mensaxes de correo (figura 9.8), actividade na que o enquisado dispón dunha maior autonomía para elixir a lingua. Para este cruzamento seleccionáronse só os suxeitos que utilizan esta forma de comunicación.




Hábitat de residencia

**Figura 9.8.** Lingua de redacción das mensaxes electrónicas segundo o hábitat de residencia

A diferenza do observado coa lingua das páxinas web, o hábitat de residencia ten un efecto importante sobre a lingua das mensaxes electrónicas. A maior relación deste uso co habitual do enquisado, dada a posibilidade de escolla, xustificaría a diferenza dos resultados.

O trazo máis destacado que se extrae dos datos segundo o hábitat de residencia é que, igual que acontece con outros usos lingüísticos, o emprego do galego para escribir correos electrónicos descende a medida que aumenta o tamaño do hábitat. De feito, a porcentaxe de individuos que prefiren o galego diminúe desde o 28,5% no hábitat de menos de 5.000 habitantes ao 11,6% nos hábitats de máis de 50.000.


Comparando a lingua de redacción das mensaxes electrónicas con outros usos escritos (figura 9.9), obsérvase que as puntuacións desta variable son inferiores nos hábitats cun menor número de habitantes, efecto que se vai diluíndo a medida que aumenta o tamaño da poboación.



**Figura 9.9.** *Lingua de redacción das mensaxes electrónicas en galego (só galego + máis galego) segundo o hábitat de residencia*

Afondando na análise do uso por hábitat de residencia, compáranse os resultados obtidos nas sete principais cidades galegas na redacción das mensaxes electrónicas (figura 9.10).

As diferenzas nos resultados da lingua das mensaxes electrónicas por cidade son substanciais. En Santiago de Compostela, a de maior uso do galego, o emprego deste idioma no correo electrónico supera en 13,6 puntos ao conxunto do urbano (25,2% fronte ao 11,6%). A secuencia de utilización do galego, de maior a menor uso, é a seguinte: Lugo (18,1%), Ourense (13%), Pontevedra (9,4%), Vigo (9,4%), A Coruña (7,7%) e Ferrol (7,6%).




**Figura 9.10.** *Lingua de redacción das mensaxes electrónicas nas sete cidades principais*

Neste ámbito destaca a cidade de Ferrol, na que un 78,5% das persoas que utilizan a Internet escriben as mensaxes electrónicas unicamente en castelán, porcentaxe moi superior á do resto das cidades galegas.


#### 9.4. Lingua das páxinas web consultadas e lingua de redacción das mensaxes electrónicas segundo a idade

O uso da Internet entre a poboación galega aumenta gradualmente a medida que se descende na escala de idade (figura 9.11). Os resultados varían desde o 29,6% no grupo de maior idade ata o 77,6% no de menor, é dicir, o uso da Internet pasa de ser minoritario nos maiores a maioritario nos máis novos. Case 50 puntos separan unha xeración da outra; con todo, convén destacar que preto da cuarta parte dos mozos con idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos non faga uso da Internet.

Analizando o uso do galego por idade dos enquisados, obsérvase que apenas hai diferenzas entre os diferentes tramos de idade (figura 9.12). A variación nos datos segundo esta variable non supera en ningún caso os cinco puntos. No tramo de 45 a 54 anos é onde a presenza do galego na consulta de páxinas web é maior (7,3%), mentres que no resto dos casos as porcentaxes oscilan entre 4,3% e 4,9%.




**Figura 9.11.** *Utilización da web segundo á idade*




**Figura 9.12.** *Lingua de consulta das páxinas web segundo a idade*

Os resultados sobre a presenza das linguas nas mensaxes electrónicas nos diferentes tramos de idade son moi semellantes (figura 9.13). Unicamente podemos inferir pequenas diferenzas no grupo de maior idade fronte ao resto, que en ningún caso superan os 5,5 puntos.



**Figura 9.13.** Lingua de redacción das mensaxes electrónicas segundo a idade



**Figura 9.14.** Comparación da lingua da escrita, lingua para escribir unha nota e lingua de redacción das mensaxes electrónicas segundo a idade

Contrastando os resultados das variables referidas aos usos escritos, tanto da lingua das mensaxes electrónicas como a lingua da escrita e lingua das notas (figura 9.14) segundo a idade, obsérvase que a presenza do galego na lingua das mensaxes electrónicas é menor en todos os tramos de idade respecto ás outras dúas variables. Mesmo, a distancia entre esta e a lingua da escrita vai

augmentando levemente a medida que diminúe a idade, no tramo de 45 a 54 hai 1,4 puntos de diferenza entre ambas as dúas variables, en tanto que no tramo de idade máis novo hai 3,9 puntos.

En resumo, fronte ás tendencias asociadas á idade (menor uso habitual do galego, mellora das competencias lectoescriptoras nesa lingua e maior utilización da Internet entre a poboación máis nova) a idade non parece influír significativamente na escolla de galego na rede.

## 9.5. Síntese do capítulo

Partindo da premisa de que as TIC van ser claves para o futuro da lingua galega, o novo cuestionario do MSG-04 incorporou dúas novas preguntas, respecto do cuestionario do MSG-92, referidas aos usos lingüísticos na Internet. Unha delas sobre a lingua das páxinas web consultadas habitualmente e a outra sobre a lingua utilizada habitualmente nas mensaxes electrónicas.

O primeiro trazo significativo das análises deste capítulo é o reducido emprego das TIC por parte da mostra elixida neste estudo. O perfil de entrevistados que utiliza a Internet responde a unha persoa nova (menor de 34 anos) que vive no urbano, con estudos universitarios e que fala habitualmente en castelán.

Tendo en conta a importancia das TIC para o futuro da lingua hai que destacar que unicamente un 4,5% dos enquisados que usan a Internet di consultar páxinas en galego fronte ao 88,1% que declara facelo en castelán.

Comparando os resultados da variable 'consulta das páxinas web' cos de lectura en xeral e na escola advírtese que estes últimos superan aos da Internet. Fronte ao 14,1% que adoita ler en galego e ao 9,7% que le/lía habitualmente nesta lingua na escola, só o 4,5% consulta páxinas web en galego.

Por outra banda, a presenza do galego nas mensaxes de correo electrónico (15,1%) é algo inferior á súa presenza na escrita en xeral (18%) e bastante menor que nas notas (26,2%). Así mesmo convén reparar no 2,7% de suxeitos que usa unha lingua diferente do galego ou do castelán para enviar mensaxes electrónicas.

A influencia de variables como a idade, a lingua habitual, a residencia etc. na presenza do galego na Internet é menor que noutros ámbitos, especialmente na variable 'consulta das páxinas web'. Este feito pode ser explicado parcialmente polo perfil sociolóxico (residencia urbana, xuventude, maior nivel educativo etc.) das persoas que utilizan habitualmente este medio.

Apreciouse unha certa relación entre o uso habitual e a lingua de consulta de páxinas web. No caso dos monolingües en galego, un 15,8% visita páxinas nesta lingua, fronte a só un 1% dos monolingües en castelán.

Esta relación do uso lingüístico nas TIC coa lingua habitual resultou máis evidente nas mensaxes electrónicas. O emprego do galego aumenta progresivamente desde un 1,4% nos monolingües en castelán a un 67,3% nos monolingües en galego. Con todo, destacou a elevada porcentaxe de



monolingües en galego (30,7%) que utiliza o castelán para escribir correos electrónicos.

O lugar de residencia habitual non ten unha influencia determinante sobre a lingua de consulta das páxinas web. A presenza do galego varía do 5,4% nos hábitats de 5.001-10.000 ata o 4% dos hábitats máis urbanos (+50.000). Neste último hábitat, a menor presenza do galego observouse en Ferrol (2,5%) e Vigo (3%); pola contra a presenza é maior nas cidades da Coruña (5,1%) e Lugo (5%). Con todo, as diferenzas entre cidades son limitadas.

Fronte á reducida variabilidade por hábitat na consulta de páxinas web, esta variable mostrou unha influencia significativa sobre a lingua na que se escriben as mensaxes electrónicas. Repítese a tendencia atopada noutras usos lingüísticos onde a presenza do galego diminúe a medida que o hábitat vai aumentando de poboación (menos de 5.000: 28,5%; máis de 50.000: 11,6%), a excepción do de 20.001 a 50.000.

Respecto das sete cidades principais, Santiago de Compostela (25,2%) e Lugo (18,1%) encabezan o uso do galego para escribir mensaxes electrónicas, mentres que A Coruña e Ferrol son as urbes que menos o utilizan (7,7% e 7,6%, respectivamente).

A idade dos enquisados inflúe significativamente na utilización da Internet, pero non nos resultados das consultas e da redacción das mensaxes. Este uso vai aumentando progresivamente a medida que diminúe a idade dos enquisados, pasando dun 29,6% no grupo de maior idade ao 77,6% no grupo máis novo, é dicir, 48 puntos de diferenza entre uns e outros.



## 10

# Referencias bibliográficas

- Bouzada, X. e Lorenzo, A. M. (1990): "A lingua galega nas actividades económicas e comerciais". *Grial* 107, pp. 317-334.
